Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 03/11/2022 12:15:53
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 89

Sesión plenaria
12 de xullo de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA

Punto 1. Elección de candidatos para a cobertura de dúas vacantes de membros do Consello de Contas de Galicia (11/DMCC-000002)

Punto 2. Elección de dous membros do Consello de Administración da Corporación Radio Televisión de Galicia (11/CRTG-000002)

Punto 3. Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2021 (doc. núm. 36188, 11/IVAL-000003)

Punto 4. Comparecencia

4.1 36705 (11/CPP-000093)

Do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por petición propia, para informar sobre os avances na FP en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 341, do 06.07.2022

Punto 5. Mocións

5.1 36624 (11/MOC-000106)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís

Sobre a política do Goberno galego respecto do uso agrícola ou forestal de terras de vocación agrícola procedentes de procesos de concentración parcelaria (Moción a consecuencia da Interpelación doc. núm. 35117, publicada no BOPG núm 323, do 25 de maio de 2022, e debatida na sesión plenaria do 28 de xuño de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 341, do 06.07.2022

5.2 36627 (11/MOC-000107)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel

Sobre os criterios de medicina interna (Moción a consecuencia da Interpelación doc. núm. 35511, publicada no BOPG núm 328, do 8 de xuño de 2022, e debatida na sesión plenaria do 28 de xuño de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 341, do 06.07.2022

5.3 36638 (11/MOC-000108)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre os servizos de medicina interna (Moción a consecuencia da Interpelación doc. núm. 35511, publicada no BOPG núm. 328 do 8 de xuño de 2022, e debatida na sesión plenaria do 28 de xuño de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 341, do 06.07.2022

CSV: BOPGDSPG-QaVUkiki-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 6. Proposicións non de lei

6.1 32338 (11/PNP-002796)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da elaboración dun plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social
Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 23.03.2022

6.2 34528 (11/PNP-003045)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dirixirse ao Parlamento Europeo, aos Grupos Parlamentarios nel presentes e á DG Mare para rexeitar as propostas que leven á limitación ou eliminación do emprego de artes de fondo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 318, do 12.05.2022

6.3 35586 (11/PNP-003161)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pomar Tojo, Carmen María e seis deputados/as máis
Sobre a demanda da Xunta ao Goberno de España para que teña en conta as peculiaridades que ten Galicia no deseño do novo mapa concesional das liñas de transporte por estrada da súa competencia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 328, do 08.06.2022

6.4 36019 (11/PNP-003209)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e dous deputados/as máis
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego fronte ao aumento dos problemas de saúde mental na mocidade galega
Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 22.06.2022

6.5 36278 (11/PNP-003239)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e dous deputados/as máis
Sobre a convocatoria de axudas á vivenda no marco do Bono Alugueiro Novo e a posta en marcha dun plan estratéxico para o acceso á vivenda da mocidade
Publicación da iniciativa, BOPG nº 338, do 29.06.2022

6.6 36461 (11/PNP-003259)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en materia de atención primaria
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 338, do 29.06.2022

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 7. Interpelacións

7.1 14766 (11/INT-000862)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa regulación da Tarxeta Básica
Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

7.2 16979 (11/INT-000990)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego respecto da autonomía e suficiencia financeira das entidades locais
Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

7.3 33780 (11/INT-001721)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis
Sobre o incremento dos prezos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 27.04.2022

Punto 8. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

8.136694 (11/POPX-000073)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as medidas que ten previsto adoptar o Goberno galego para axudar aos colectivos máis necesitados
Publicación da iniciativa, BOPG nº 341, do 06.07.2022

8.2 36697 (11/POPX-000074)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para dar resposta á crise económica e sanitaria que sofre a cidadanía galega
Publicación da iniciativa, BOPG nº 341, do 06.07.2022

Punto 9. Preguntas ao Goberno

9.1 36686 (11/PUP-000265)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e tres deputados/as máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para solucionar a situación de escaseza de socorristas que se dá en todo o territorio galego
Publicación da iniciativa, BOPG nº 341 do 06.07.2022

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

9.2 36700 (11/PUP-000266)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra
Sobre que medidas vai tomar a Xunta de Galicia como consecuencia da condena á CRTVG por manipulación informativa e falla de pluralidade dos medios
Publicación da iniciativa,BOPG nº 341, do 06.07.2022

9.3 35680 (11/POP-005147)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis
Sobre as medidas de protección previstas pola Xunta de Galicia para o espazo natural das Brañas do Deo nos concellos de Aranga, Oza-Cesuras e Curtis
Publicación da iniciativa, BOPG nº 332, do 15.06.2022

9.4 35841 (11/POP-005164)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre as inspeccións e o seguimento da prestación do servizo de transporte escolar
Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 22.06.2022

9.5 35262 (11/POP-005093)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a educación afectivo-sexual nos centros educativos co fin de previr abusos e violencia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 325, do 01.06.2022

9.6 31101 (11/POP-004600)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e oito deputados/as máis
Sobre as actuacións do plan Emprega Xuventude
Publicación da iniciativa, BOPG nº 286, do 02.03.2022

9.7 26569 (11/POP-003727)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis
Sobre as accións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para promover melloras na plataforma Telea
Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022

9.8 35614 (11/POP-005141)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e tres deputados/as máis
Sobre a avaliación por parte do Goberno galego da repercusión do peche de camas, diminución de quirófanos, probas diagnósticas e consultas nas listas de espera na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés
Publicación da iniciativa, BOPG nº 332, do 15.06.2022

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

9.9 36150 (11/POP-005216)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e seis deputados/as máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co desenvolvemento do Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria na provincia de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 22.06.2022

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia de don Pablo Arangüena Fernández e a súa delegación de voto no deputado don Luis Álvarez Martínez. (Páx. 11.)

Elección de candidatos para a cobertura de dúas vacantes de membros do Consello de Contas de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente expón o procedemento da votación. (Páx. 11.)

A señora secretaria, Porro Martínez, procede a facer o chamamento das señoras e dos señores deputados por orde alfabética, que van depositando o seu voto na urna; a continuación fano os deputados membros do Goberno e finalmente os membros da Mesa. (Páx. 12.)

Efectuado o escrutinio, o presidente comunica o resultado da votación. Os candidatos don Constantino Carreiras Souto, con 74 votos a favor e 1 voto en branco, e don Simón Rego Vilar, con 74 votos a favor e 1 voto en branco, acadan a maioría dos tres quintos e proclámanse elixidos membros do Consello de Contas. (Páx. 12.)

Elección de dous membros do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente expón o procedemento da votación e concede unha rolda de intervencións sobre o trámite. (Páx. 12.) *Nesta rolda interveñen a Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 13.), *a Sra. González Albert (BNG)* (Páx. 15.) *e a Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 17.)

A señora secretaria, Porro Martínez, fai o chamamento, por orde alfabética, das deputadas e dos deputados, que depositan o seu voto na urna; a seguir fano as deputadas e os deputados membros do Goberno e, finalmente, os membros da Mesa. (Páx. 19.)

Efectuado o escrutinio, o presidente comunica o resultado da votación. Don Álvaro Alonso Filgueira, con 56 votos a favor, e dona Margarita López Blanco, con 56 votos a favor e 19 votos en branco, acadan a maioría de dous terzos e proclámanse elixidos membros do Consello de Administración da Corporación da Radio e Televisión de Galicia. (Páx. 19.)

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2021. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente expón o procedemento deste debate, conforme as normas reguladoras das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo, aprobadas pola Mesa o 28 de maio de 1991. (Páx. 19.)

Exposición da valedora do pobo: *Sra. Fernández Galiño.* (Páx. 20.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Otero Lago (S)* (Páx. 25.), *Sr. Castro García (BNG)* (Páx. 28.) *e Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 31.)

Comparecencia do señor conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por petición propia, para informar sobre os avances na formación profesional en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 34.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Lago (S)* (Páx. 45.), *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)* (Páx. 49.) *e Sr. Rodeiro Tato (P).* (Páx. 52.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 55.)

A señora presidenta (Candia López) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 59.) Nesta rolda interveñen a señora Otero Lago (S) (Páx. 59.), o señor Lourenzo Sobral (BNG) (Páx. 61.), o Sr. Rodeiro Tato (P) (Páx. 63.) e o señor conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González). (Páx. 65.)

Suspéndese a sesión á unha e cincuenta e un minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz, sobre a política do Goberno galego respecto do uso agrícola ou forestal de terras de vocación agrícola procedentes de procesos de concentración parcelaria. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 68.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 68.)
Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Seco García (S).* (Páx. 71.)
Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Candia López (P).* (Páx. 74.)

O señor Rivas Cruz (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 77.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Pérez López, sobre a sinistralidade laboral. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Pérez López (BNG).* (Páx. 79.)
Intervención do grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)* (Páx. 82.) *e Sra. Pérez López (P).* (Páx. 85.)

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nova intervención do señor Pérez López (BNG). (Páx. 88.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre os servizos de medicina interna. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 91.)

Intervención do grupos parlamentarios: S*ra. Carreira Pazos (BNG)* (Páx. 94.) *e Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 97.)

Nova intervención do señor Torrado Quintela (S). (Páx. 100.)

O señor presidente invita o señor Torrado Quintela (S) a que retire determinadas expresións do seu discurso que entende que non foron moi acertadas. (Páx. 102.)

O señor Álvarez Martínez (S) solicita a palabra por alusións. (Páx. 102.) *O señor presidente concédella e intervén deseguido.* (Páx. 102.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz, sobre a política do Goberno galego respecto do uso agrícola ou forestal de terras de vocación agrícola procedentes de procesos de concentración parcelaria: *rexeitado por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 103.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Pérez López, sobre a sinistralidade laboral: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 103.)

O señor presidente informa da solicitude da votación por separado dos puntos da moción presentada polo señor Torrado Quintela (S) e este intervén sobre esta petición. (Páx. 104.)

Votación do punto 3 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre os servizos de medicina interna: *rexeitado por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 104.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre os servizos de medicina interna, agás o punto 3: *aprobada, agás o punto 3, por 73 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 104.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da elaboración dun plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social. (Punto sexto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 105.)

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 105.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 108.) *e Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 111.)

Nova intervención da señora Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 114.)

Finalizada a intervención da señora Rodríguez Rumbo (S), o señor presidente mantén unha breve conversación sobre a autoemenda do grupo autor cos deputados intervenientes no debate. (Páx. 116.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dirixirse ao Parlamento Europeo, aos grupos parlamentarios nel presentes e á DG Mare para rexeitar as propostas que leven á limitación ou á eliminación do emprego de artes de fondo. (Punto sexto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 117.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 117.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 120.) *e Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 124.)

A señora Egerique Mosquera (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 126.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Carmen María Pomar Tojo e seis deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta ao Goberno de España para que teña en conta as peculiaridades que ten Galicia no deseño do novo mapa concesional das liñas de transporte por estrada da súa competencia. (Punto sexto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 128.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 128.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 131.)
Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Ríos Santomé (BNG).* (Páx. 134.)

O señor Balseiro Orol (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 137.)

Suspéndese a sesión ás oito e seis minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión. A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do día 7 de xullo de 2022, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou a inasistencia e delegou o voto para esta sesión plenaria —faino ao amparo do artigo 84.7 do Regulamento da Cámara— don Pablo Arangüena Fernández. Delegou o voto no portavoz, don Luis Álvarez Martínez.

E, sen máis, entramos na orde do día.

Elección de candidatos para a cobertura de dúas vacantes de membros do Consello de Contas de Galicia

O señor PRESIDENTE: Iniciouse o procedemento para a elección de candidatos para a cobertura de dúas vacantes no Consello de Contas de Galicia por acordo da Mesa do 27 de xuño de 2022. E admitidas a trámite as candidaturas presentadas polos grupos parlamentarios e substanciadas as preceptivas comparecencias perante a Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas na sesión do pasado 1 de xullo, a Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, o 5 de xullo acordou incluír a elección na orde do día do pleno. Para os efectos de votación confeccionouse unha papeleta co nome das persoas propostas.

A elección, de conformidade co disposto nos apartados 1.2 e 2 do artigo 91 do Regulamento do Parlamento de Galicia, será secreta mediante papeleta e chamamento por orde alfabética do apelido. Resultarán elixidos os candidatos se obteñen a maioría de tres quintos; é dicir, 45 votos.

A expresión do voto efectuarase do seguinte xeito:

Votos a favor, introducindo na urna as papeletas nas que constan os nomes dos dous candidatos propostos e marcando cunha aspa o recadro ou recadros correspondentes.

Votos en branco, cando non se marque ningún recadro.

Votos nulos, se se fan en papeleta diferente da aprobada pola Mesa ou naquela na que se escriba o nome doutras persoas ou conteñan riscadas ou sinais distintas daquelas que sirvan para concederlle o voto á persoa ou persoas propostas.

Para iniciar a votación esperaremos a que estean distribuídas as papeletas. Aquí arriba aínda non están. Estanas distribuíndo. En canto estean, comezaremos a votación por chamamento, que se fará por orde alfabética de apelidos e que o fará a secretaria da Mesa, a señora Porro Martínez.

Prégolles á vicepresidenta primeira e á vicesecretaria que se sitúen onda urna para a recollida de papeletas.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(Pausa.)

Empezamos.

(A señora secretaria, Porro Martínez, procede a facer o chamamento das señoras e dos señores deputados por orde alfabética, que van depositando o seu voto na urna; a continuación fano os deputados membros do Goberno e finalmente os membros da Mesa.)

O señor PRESIDENTE: Penso que votamos todos. Entón, procedemos ao escrutinio.

(Pausa.) (Procédese ao escrutinio.)

O señor PRESIDENTE: O resultado do escrutinio é o seguinte: votos emitidos, 75; votos a favor de don Constantino Carreiras Souto, 74; votos a favor de don Simón Rego Vilar, 74; votos en branco, 1.

Polo tanto, acadada a maioría dos tres quintos, proclámanse elixidos membros do Consello de Contas don Constantino Carreiras Souto e don Simón Rego Vilar.

Termina aquí esta elección e pasamos agora á seguinte.

Elección de dous membros do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia

O señor PRESIDENTE: Por acordo da Mesa do Parlamento e resolución da Presidencia do 27 e 28 de xuño de 2022 respectivamente, iniciouse procedemento para a elección de dous membros do Consello de Administración da Corporación Radio Televisión de Galicia para cubrir as vacantes producidas de don Luis Isidro de la Matta Cantó e don Higinio Meijide Gómez.

Consonte o disposto no artigo 14.5 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, e no artigo 2 das súas normas de elección —aprobadas por acordo da Mesa do 5 de marzo de 2012 e publicadas no *Boletín Oficial do Parlamento* número 654, fascículo 1, do 7 de marzo de 2012—, rematado o prazo para a presentación das propostas de candidatos e candidatas e substanciadas as preceptivas comparecencias, de acordo cos artigos 2 e 3 das normas de elección, na sesión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da CRTVG do pasado 1 de xuño, a Mesa, oída a Xunta de Portavoces, acordou na súa reunión do día 5 de xullo a súa inclusión na orde do día do pleno.

Para os efectos da votación, elaborouse unha lista pechada cos nomes de dúas persoas propostas e o grupo parlamentario propoñente —conforme preceptúa o artigo 4 da dita norma—, lista á que se axusta a papeleta da que dispoñen as súas señorías.

Conforme o establecido no artigo 5 das normas de elección, o debate previo ás votacións constará da intervención de cada grupo parlamentario para fixar a súa posición en relación coa candidatura presentada por un tempo de cinco minutos.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rematadas as intervencións, segundo o disposto no artigo 6 das normas, procederase á votación, de conformidade co establecido nos apartados 1 e 2 do artigo 91 do Regulamento da Cámara, que será secreta mediante papeleta. O chamamento farase por orde alfabética dos apelidos.

A expresión de voto efectuarase do seguinte xeito:

Cada deputada ou deputado depositará, logo do chamamento nominativo, a súa papeleta na urna preparada para o efecto. Consideraranse votos a favor cando a papeleta contén os nomes das persoas propostas e se marque cun signo distintivo o nome ou os nomes elixidos —ata un máximo de dous—. Consideraranse nulas as papeletas nas que figuren marcados máis de dous nomes; e en branco, aquelas nas que non figure ningún nome sinalado.

Resultarán elixidas as persoas candidatas que obteñan a maioría de dous terzos dos membros da Cámara; é dicir, 50 votos.

Comezamos, polo tanto, co debate —de cinco minutos como dixen antes—, e para iso ten a palabra, en primeiro lugar e polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Que ninguén poña en dúbida o compromiso do PSdeG coa CRTVG, porque si, si hai manipulación e non, non hai pluralismo nos nosos medios públicos. Tampouco hai respecto pola lingua nin control dos contidos sexistas nin estatuto profesional nin consello de informativos nin contrato-programa... *(Murmurios.)* ¿Podo continuar? *(Murmurios.)* Grazas.

Ou sexa, non se cumpre a Lei galega de medios públicos e aquí non pasa nada, non pasa absolutamente nada fóra —iso si— dos cara a cara que os grupos temos unha vez ao mes neste Parlamento co director xeral, a quen nada do que lle recriminemos ou preguntemos lle fai mudar o ricto. Impotencia total, total, é a que sentimos cando Sánchez Izquierdo busca argumentos para xustificar, por exemplo, o acoso a traballadores ou para xustificar o nulo respecto pola dignidade das mulleres na CRTVG. E, se nós sentimos impotencia, imaxinen canta deben sentir esas traballadoras e eses traballadores a quen apartan das súas funcións porque son incómodos ou porque se lles ocorre contar a verdade do que acontece no noso país. ¡Que cousa, verdade! Claro, por non deixarse manipular.

Pero, ¡ollo!, hai pasividade do director xeral, da Dirección Xeral, pero tamén de quen o afianza no cargo ante once anos de incumprimento da lei. Porque, como dixen, seguimos sen estatuto profesional e consello de informativos. Non sei se será que seguimos sen o estatuto profesional —que contén este consello— porque este sería o encargado de velar pola independencia, pola veracidade e pola obxectividade dos contidos de informativos. Pensamos que si.

Tamén seguimos sen regular o director xeral. Tamén seguimos sen un plan de igualdade, unha materia cuxo tratamento é cada vez máis irrespirable nos nosos medios públicos. A compañeira Noelia Otero e mais eu levamos dous anos denunciando cada mes nesa comisión

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

un caso de sexismo, ou de contido vexatorio, así como contidos e actitudes que atentan contra as mulleres, atopando sempre o desleixo e a falla de reacción por parte da dirección. *(Aplausos.)*

Seguimos tamén sen atopar nos nosos medios públicos o pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galicia —por certo, un dos principios inspiradores—. Claro, a non ser que se refiran, como respecto a iso, á bochornosa emisión en directo da bendición por un cura católico dun plató, dun estudo, da radio galega. Pode ser que se refiran a ese respecto.

Pero seguimos tamén sen respectar os dereitos laborais do persoal. Hai unha ducia de sentenzas condenatorias no que vai de ano. E agardan —aínda agardamos— preto de duascentas máis. Tampouco temos un contrato-programa, o que aseguraría a calidade dos contidos, nin respectamos a lingua nin apoiamos a cultura galega nin audiovisual. ¡Tres películas nun ano, só se emitiron tres películas galegas en *prime time*, só tres películas galegas! Por certo, vaian aos índices de audiencia e verán que os galegos e as galegas si queremos ver cinema galego en *prime time*.

Tampouco temos información de proximidade, que debería ser case a esencia dos servizos informativos dunha canle autonómica.

E a gota que colmou o vaso recentemente é esa firmeza da sentenza histórica que condena a CRTVG por vulnerar os dereitos fundamentais do traballador Carlos Jiménez. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia confirma que existiron represalias por defender a pluralidade e denunciar a manipulación informativa. E, señores e señoras, é a xustiza quen condena, nin son os grupos da oposición nin o Comité Intercentros nin moito menos o colectivo Defende a Galega. E, ante iso, nada que dicir, nin por parte da dirección xeral pero tampouco por parte do Partido Popular; cando o único precedente semellante —supoño que o lembrarán— foi esa condena a Urdaci por aquilo do «ce-ce o-o».

En definitiva, hai un auténtico fracaso na xestión dos medios públicos galegos, que, como dixen o pasado venres na comisión, están liderados pola manipulación, o nepotismo e o sectarismo. Non cumpren a súa misión de servizo público e por iso no PSdeG dicimos «basta». A cuestión —iso si— é que o problema da CRTVG vai moito máis aló do seu consello de administración. Lamentablemente vai moito máis aló. Os nosos medios públicos atravesan unha situación irrespirable que conta coa complicidade do Partido Popular. E por iso pensamos que chegou o momento de activar seriamente a remuda da dirección, que suporá, por certo, un cambio en todos os cadros directivos pero tamén a procura dun novo modelo de medios públicos. Pero iso, claro, debemos facelo co consenso de todos os grupos, e agardemos sinceramente que aínda sexa posible logo da sesión de hoxe.

Remato xa manifestando o firme compromiso do PSdeG coa defensa dos nosos medios públicos, porque somos conscientes, moi conscientes, da gravidade da situación, tanto da que sofren os traballadores e traballadoras como tamén da degradación á que asistimos nós mesmas como espectadoras. E non lles caiba a menor dúbida de que, cos nosos feitos, nos meses vindeiros se darán conta de que é así, comezando, por certo, porque o propio Parlamento se vai ter que pronunciar sobre o cumprimento da lei neste mesmo pleno. Porque —e agora si

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

remato— no PSdeG o que queremos é unha CRTVG libre de manipulación, libre de acoso ao persoal traballador incómodo e libre tamén de sexismo; con moita, moita máis cultura, contidos que eduquen, que reforcen a nosa identidade e o noso idioma, coa liberdade das e dos profesionais para exercer o seu traballo como informadores e con moita máis produción propia e de calidade.

En definitiva, o que queremos no PSdeG é unha televisión e unha radio públicas á altura do que merecemos o pobo galego.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Vai case once anos que se aprobou a Lei de medios públicos deste país, e hoxe estamos a vivir neste plenario unha situación que *quasi* poderiamos cualificar de esperpento, na que dúas forzas políticas que no seu momento pactaron aquela lei que non se está a aplicar, que non se aplicou durante unha década, se están unindo para evitar que unha terceira forza política, que é o BNG, que no seu momento votou en contra daquela norma por considerala insuficiente, reclame, cando menos, o seu cumprimento como unha cuestión de mínimos. *(Aplausos.)* E eu, de verdade, señora Díaz, pídolle ao Partido Socialista que reconsidere a súa postura, porque o compromiso coa Corporación da Radio e Televisión de Galicia, coas galegas e cos galegos, demóstrase cos votos cando hai oportunidade de facelo. Porque temos moi poucas oportunidades de incidir na Corporación da Radio e Televisión de Galicia, e hoxe é unha delas. Aí é onde se demostra o compromiso.

Pero non é que llo diga o BNG, é que llo di o Comité Intercentros. E vou ler dúas partes moi pequenas da nota de prensa que sacou o Comité Intercentros despois de reunirse co seu portavoz. Manifestan que «o Partido Socialista desaproveita unha ocasión histórica para que se cumpra a lei que regula os medios públicos ao apoiar unha renovación do Consello de Administración da Corporación da Radio e Televisión de Galicia». E sinalan que esta actitude do Partido Socialista «supón unha falta de compromiso cos traballadores e as traballadoras dos medios públicos e coa sociedade galega en xeral». Polo tanto, non llo di o BNG, dillo o Comité Intercentros, dinllo os traballadores da Corporación da Radio e Televisión de Galicia. De verdade, aínda están a tempo de mudar a súa postura, porque isto é o que hoxe se dirime aquí.

¿Por que estamos nesta situación hoxe? O Partido Popular levou os nosos medios a unha situación absolutamente insustentable. Dunha banda, está a nefasta xestión do persoal, con centos de sentenzas condenatorias nesta última década coroadas por esta última, que é demoledora e da que se falará tamén neste pleno —a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia por vulnerar os dereitos fundamentais, dereitos fundamentais dun traballador, unha sentenza absolutamente histórica dentro do Estado español—. *(Aplausos.)*

Doutra banda, un control político dos contidos informativos que levou a unha perda absoluta de credibilidade dos nosos medios públicos. É unha televisión na que o pluralismo non existe,

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

unha televisión e uns medios en xeral cun tema central, que é a falta do pluralismo —que está recollido na Lei de servizo público—. Estamos, pola contra, cunha corporación que está absolutamente ao servizo do PP —ademais, agora cun traballo por duplicado, porque teñen que atender a Rueda e teñen tamén que atender a Feijóo en Madrid—. *(Aplausos.)*

Hai un incumprimento do mandato marco, que está aprobado en 2015 —catro anos xa tardaron para facer ese mandato marco—, un incumprimento absolutamente a todos os niveis, non só na pluralidade que veño de mencionar senón noutros temas tan sensibles como é a igualdade, a información de proximidade, a promoción e o correcto uso da lingua, e poderiamos seguir se tiveramos máis destes cinco minutos que nos dá este debate.

E, por último —pero non menos importante—, un incumprimento reiterado da Lei de medios en aspectos absolutamente vehiculares, como a propia dirección da corporación, cun director xeral que ocupa —vou dicir «alegalmente»— o seu cargo desde 2015, coa non implantación do contrato-programa, coa inexistencia do consello de informativos e do estatuto profesional.

No BNG temos claro que hai que dar unha volta á Corporación de Radio e Televisión de Galicia. Nós imos traballar sempre, de verdade, por unha corporación que cumpra co seu labor de servizo público; polo tanto, por unha Corporación de Radio e Televisión de Galicia que sexa plural, que estea centrada no país e que teña, primeiro de nada, vocación de servizo. Por iso, condicionamos o noso voto á renovación destes membros do consello de administración a unha cuestión moi simple, ademais, que é o cumprimento da lei. É que non pedimos nada máis que o cumprimento da lei, e o cumprimento da lei en tres aspectos fundamentais: a renovación do director xeral —artigos 23 e 24, que, como dixen antes, se mantén en fraude de lei desde 2015—, a creación do estatuto profesional e, dentro deste, o consello de informativos.

Polo tanto, son cuestións de mínimos; cuestións de mínimos que ademais coinciden coas que reclama o Comité Intercentros —un punto de partida para empezar a traballar desde aí—. Nós levamos anos e seguiremos reiterando o cumprimento da Lei de medios e reiterando que o Partido Popular ten usado a súa maioría absoluta para eludir o cumprimento da norma que eles mesmos, vostedes mesmos, aprobaron.

Hoxe temos —volvo mirar ao Partido Socialista— unha oportunidade de ouro para obrigar o Partido Popular a empezar a cumprir con esta lei, nun contexto no que, ademais —como vimos aínda a semana pasada, hai cinco días, na derradeira comisión da Corporación de Televisión de Galicia neste período de sesións—, a situación dentro da corporación atinxiu uns niveis de deterioración dificilmente superables —aínda que o PP sempre se pode superar nesta cuestión—.

Nós non iamos avalar esta perversión do que teñen que ser os acordos parlamentarios, non estamos dispostas, ademais, a darlles carta branca para validar de facto a súa xestión á fronte da Corporación de Radio e Televisión de Galicia. E, ademais, é que o puñamos realmente sinxelo: pediamos mostras que sinalasen unha intención clara de desenvolver a normativa vixente que regula a Corporación Radio e Televisión de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Remato xa, e quero que todo o mundo, de verdade, preste moita atención á mensaxe que se está a mandar hoxe aquí, tanto desde o grupo que sostén o Goberno como do que nesta votación vai permitir continuar —que é o que de facto está a acontecer aquí— nesta senda de manipulación informativa, de desmantelamento do público, de maltrato da lingua e de abandono absoluto da función de servizo público, que lle vén dada por esa norma que van seguir incumprindo, así como do mandato marco que a desenvolve. Desde logo non conten co BNG para isto.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Albert.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Arias Rodríguez.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, bos días.

Hoxe estamos aquí no Parlamento e traemos a elección de dous membros do Consello de Administración da CRTVG en cumprimento da Lei de medios públicos de comunicación audiovisual, esa que o Bloque di que non queremos cumprir. E esa lei, no seu artigo 14.5, di que, cando hai vacantes, se deben cubrir de forma que se manteña a mesma proporcionalidade de orixe. E esa mesma lei, no seu artigo 3, di que antes os candidatos deben comparecer na comisión pertinente para ver a súa idoneidade. E así o fixeron o día 1 a señora López Blanco e o señor Álvaro Alonso Filgueira. Logo de expoñer o seu currículo, a súa experiencia profesional e o seu proxecto, todos os grupos coincidimos en que si eran persoas idóneas. E eu hoxe quero agradecer ao PSOE que manteña esa decisión, que manteña ese apoio, porque con iso o que se está facendo non é apoiar o Partido Popular, con iso o que se está facendo é ser leal ás institucións, é ser leal a este Parlamento, é ser leal á legalidade vixente. Iso é o que está pasando. *(Aplausos.)*

E respecto do BNG, miren, eu primeiro sentín incredulidade; logo, sorpresa e, finalmente, decepción. Porque hai un ano, hai xusto un ano, este grupo, o Partido Popular, votou o membro que vostedes propuñan para o consello de administración. Daquela a lei valíalles. *(Murmurios.)* Nós votamos o membro do BNG igual que votamos o membro do PSOE, e hoxe vostedes estanse negando a que se cubran as vacantes no Consello de Administración da CRTVG. Estanse negando a pesar de que para abrir este proceso se falou con todos os grupos e non houbo oposición ningunha —como tamén quedou claro nesa comisión do pasado día 1—.

Pero, claro, eu non sei se vostedes son conscientes de que, negándose a iso, realmente están facendo algo moi grave. O que están facendo é mesmo poñendo en tea de xuízo o que son a lealdade e a confianza dos grupos parlamentarios nesta Cámara. Porque, mire, señora González Albert, mirándonos aos ollos, sinceramente, ¿pódeme dicir vostede o que cambiou dende hai dez días? *(Murmurios.)* ¡Nada! *(Fortes murmurios.)* ¿Pode dicirme vostede o que cambiou dende hai un ano?

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Bueno, houbo varias novidades e eu voullas contar. Por exemplo, o pasado 5 de outubro a Valedora do Pobo emitiu un informe no que dicía que si se está cumprindo a Lei de medios de comunicación audiovisual de Galicia, no que desmentía a suposta manipulación, control político e falta de pluralismo do que vostedes falaban, no que avalaba a legalidade do sistema e da elección do director da CRTVG —por certo, unha elección que require de amplos consensos, e xa vemos aquí como vostedes son uns fans dos consensos, uns fans tremendos—.

En fin, ¿que máis cambiou dende hai un ano? Pois, bueno, por exemplo, hai menos dun mes presentábanse as contas e eran trece anos xa consecutivos nos que temos superávit; que dende o 2012 non hai débeda bancaria; que se paga a provedores en vinte e dous días; en fin, que se está ofrecendo unha eficiencia na xestión económica e na mellora da organización da CRTVG, que se está ofrecendo ao tempo un servizo público de calidade, un servizo público competitivo.

Vostedes falaban aquí da situación laboral e sacaban a colación unha sentenza. Vostedes consideran que unha sentenza fai xa lei do que se está a cumprir en materia laboral na Corporación de Radio e Televisión de Galicia. Hai un único caso que afecta os dereitos fundamentais, o que supón o 0,35 % da litixiosidade de toda a corporación, unha litixiosidade que baixou de maneira enorme dende que está a actual dirección. Por certo, non se falou nada aquí da estabilización do persoal, un proceso de estabilización que agora mesmo está en marcha e que vai afectar a totalidade, con 270 prazas —é a segunda estabilización que levou a cabo esta dirección, porque a outra se fixo no ano 2012 para 193 persoas, que serían máis se os membros do BNG e do PSOE non se opuxeran—.

En fin —e xa para rematar, señor presidente—, eu xa sei que ao BNG non lle gusta que falemos de audiencias, non lle gusta que falemos de situación económica. Pero, miren, audiencias a calquera prezo, non. Pero o que é certo é que a Televisión de Galicia é a televisión que máis se ve en Galicia, é a televisión da FORTA que máis se ve. O 90 % dos galegos consideran que é a televisión que mellor representa a forma de ser dos galegos. Eu entendo que a vostedes isto non lles vaia, eu entendo que vostedes pensen que non hai pluralidade porque non son vostedes os que manexan a Televisión de Galicia. Pero é que, miren, a Televisión de Galicia e a Corporación de Radio e Televisión de Galicia non está ao servizo do BNG, non. *(Fortes murmurios.)* Iso non é pluralidade.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Pluralidade é que estea ao servizo das galegas e dos galegos... *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...e que o faga en función da representatividade, que o faga en función do que os galegos pensan e os galegos queren. De verdade, se a maioría dos galegos non pensan coma vostedes..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...¿nunca se puxeron a pensar que ao mellor son vostedes os equivocados? Sinceramente, razóns obxectivas para votar hoxe en contra da renovación, ¡cero! Vostedes saberán por que o queren facer.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

Penso que xa teñen todos as papeletas. Entón comezamos a votación.

Prégolles á vicepresidenta e á vicesecretaria que se coloquen aí, ao lado da urna, e á señora secretaria da Mesa que comece o chamamento das señorías para votar.

(A señora secretaria, Porro Martínez, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir fano os deputados membros do Goberno e finalmente os membros da Mesa.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Votaron todos? *(Asentimento.)*

Pois entón comezamos co reconto.

(Pausa.) (Procédese ao escrutinio.)

O señor PRESIDENTE: O resultado do escrutinio é o seguinte: votos a favor de don Álvaro Alonso Filgueira, 56; votos a favor de dona Margarita López Blanco, 56; votos en branco, 19.

Acadada a maioría de dous terzos, proclámanse elixidos membros do Consello de Administración da Corporación da Radio e Televisión de Galicia don Álvaro Alonso Filgueira e dona Margarita López Blanco.

Terminaron aquí as votacións e continuamos coa orde do día.

Pasamos ao punto terceiro.

Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2021

O señor PRESIDENTE: En aplicación da norma terceira reguladora das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo, aprobada pola Mesa o 28 de maio de 1991, o debate do pleno do informe anual axustarase ao seguinte procedemento.

A valedora exporá un resumo do informe debatido ante a Comisión de Peticións o pasado 2 de xullo. Ao seu remate, a valedora do pobo abandonará o salón de sesións e as deputadas e os deputados iniciarán as súas deliberacións.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Seguindo a orde de actuación prevista no artigo 80.1 do Regulamento, os representantes de cada grupo parlamentario poderán intervir por un tempo máximo de dez minutos cada un para fixar a súa posición respecto do informe presentado.

Co motivo deste debate non poderán presentarse propostas de resolución, dado o seu carácter informativo, sen prexuízo de posteriores iniciativas regulamentarias.

Prégolle á vicepresidenta primeira, señora Candia, que acompañe a señora valedora do pobo ata a tribuna de oradores para que efectúe a súa intervención ante o pleno.

(Pausa.)

Grazas.

Ten a palabra a valedora do pobo, dona María Dolores Fernández Galiño.

A señora VALEDORA DO POBO (Fernández Galiño): Presidente do Parlamento de Galicia, deputadas e deputados, bo día.

A situación de pandemia que comezou no ano 2020 continuou no ano 2021, ben que co alivio que supuxo a chegada das vacinacións; un ano en que volvemos constatar a fraxilidade das nosas vidas e tamén do sistema no que vivimos, sentimento que non se desvaneceu este ano 2022.

A guerra contra Ucraína é unha agresión brutal e inxustificada que viola o dereito internacional e ameaza a seguridade e estabilidade da orde europea e global. O pobo de Ucraína merece a nosa solidariedade.

Galicia comezou o ano 2021 cun trimestre tráxico no que morreron 932 persoas con coronavirus, unha nefasta terceira onda que determinou que o ano 2021 fose practicamente igual de tráxico que o 2020 en canto aos pasamentos. Por iso as miñas primeiras palabras deben ser, por segundo ano consecutivo, de condolencias para as familias que perderon seres queridos e tamén de apoio ás persoas enfermas, en particular ás que enfermaron con gravidade e tamén ás que padecen a covid persistente.

O recoñecemento asemade debe estenderse a todas as persoas que prestaron asistencia e coidados nunhas circunstancias prolongadas no tempo en que a dedicación e a profesionalidade foi se cabe máis meritoria. E o sentimento de solidariedade debe estenderse ás persoas que, mesmo sen ter a enfermidade ou sendo leve, sofren as consecuencias laborais, sociais e económicas derivadas da enfermidade ou das medidas sanitarias adoptadas, como o confinamento ou a restrición de movementos ou de actividades.

Diciamos que no ano 2021 volvemos constatar a fraxilidade do sistema, en particular pola saturación do sistema sanitario, polas dificultades xurdidas no funcionamento normal do sistema educativo, pola presión sobre os servizos sociais e mais en xeral pola tensión sufrida por todos os servizos públicos.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Neste contexto os prexuízos que están na base das violacións dos dereitos humanos, da desigualdade e da discriminación afloran con maior potencial de sufrimento para as persoas vítimas nuns escenarios onde as administracións públicas están tensadas e as persoas sometidas a circunstancias excepcionais; e, en particular, as que xa son vulnerables sofren unha vulnerabilidade maior.

No contexto de situacións como a pandemia os prexuízos teñen un maior potencial de afectación para os dereitos da cidadanía. A situación de pandemia, que comezou no 2020 e continuou no 2021, supuxo riscos de retroceso dos dereitos humanos a escala global. E todo iso apréciase no labor da institución da Valedora do Pobo e reflíctese neste informe do ano 2021, que estamos a presentar no Parlamento de Galicia.

Análise cuantitativa

Desde un punto de vista cuantitativo a actuación da institución incrementouse considerablemente, o que enlaza co importante incremento que xa tivera no ano 2020 e que demostra unha evolución á alza, que máis alá da covid ten tamén un compoñente de carácter estrutural.

Esta evolución queda confirmada cos seguintes datos. As actuacións aumentaron de forma considerable. De 12.913 no ano 2020 pasamos a 19.544 neste ano. Son 6.631 actuacións máis, que supoñen un incremento de máis da metade, dato especialmente relevante se temos en conta que xa no ano 2020 aumentaran as actuacións un 10 % respecto ao ano 2019.

Os asuntos tamén aumentaron considerablemente, ata chegar a un 34 % máis, pois de 2.912 no ano 2020 pasouse a 3.936 no ano 2021. Hai que valorar ademais que este incremento se suma ao 28 % que xa houbo no ano 2020 respecto do ano 2019.

O número de expedientes duplicouse, ao pasar de 5.387 a 10.736. Tamén aumentaron as actuacións de oficio, pasando das 78 do pasado ano ás 103 deste.

As consellerías con máis asuntos foron Sanidade; Cultura, Educación e Universidade, e Política Social. E as áreas da institución con máis actividade foron sanidade de novo, cun 22,19 %; emprego público e traballo, cun 10,72 %; corporacións locais e servizos municipais, cun 10,56 %; e inclusión social, cun 7,45 %.

A preocupación da cidadanía por cuestións relacionadas coa saúde quedou reflectida na nosa actividade e confirma que a crise xerada pola pandemia impactou sobre un sistema de saúde xa tensado.

No ano 2021 rexistráronse 899 asuntos relativos a sanidade, promovidos por 1.612 reclamantes. Este aumento tan significativo no número de expedientes débese, entre outras causas, ao proceso de vacinación fronte á covid-19, ás medidas destinadas a previr a transmisión do virus e ás incidencias para a obtención do pasaporte covid.

Na situación anterior á pandemia tamén incidiron as dificultades de acceso ás prestacións sanitarias, as listas de espera ou o déficit de persoal sanitario.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O número de persoas que pediron atención e asesoramento á marxe das queixas aumentou, pasando de 7.526 do ano 2020 a 8.807 do ano 2021. Convén lembrar que xa no ano 2020 aumentaran un 37 % respecto ao ano 2019.

Dado que este ano se formularon 318 resolucións fronte ás 161 do ano 2020, o incremento das resolucións foi dun 98 %. As resolucións aceptadas respecto das rechazadas foron dun 90,58 %.

A lectura destes datos demostra a confianza da cidadanía nas xestións da institución e a boa recepción e colaboración das administracións públicas.

Tamén quero facer o recoñecemento expreso a todas as persoas que traballan na institución da Valedora do Pobo, pois sen o seu traballo e dedicación non poderiamos acadar estes resultados nin poderiamos prestar atención ás persoas como o estamos a facer.

Análise cualitativa

Presentados os datos cuantitativos, pasamos aos cualitativos, para destacar algunhas áreas, tomando como referencia a loita contra a discriminación e os prexuízos. Falamos de prexuízos que afectan, entre outras, as mulleres, as persoas maiores, as persoas con discapacidade e as persoas en situación de exclusión social ou vulnerabilidade.

Igualdade de xénero. Como veño facendo en anos anteriores, comezarei pola igualdade de xénero, no que ao longo deste informe se confirman a persistencia de fendas entre mulleres e homes no desenvolvemento da actividade profesional ou laboral; a asunción feminizada dos traballos de coidado de persoas enfermas dependentes ou con discapacidade; a falta de apreciación dos riscos para a saúde de traballadoras embarazadas; a ausencia dunha valoración específica do alcance da fibromialxia como unha doenza de alta prevalencia nas mulleres; e, por suposto, a persistencia da violencia de xénero como a máis intolerable expresión da crenza na inferioridade e o sometemento das mulleres.

Abrimos este ano unha subárea de conciliación na que tratamos asuntos relacionados cos permisos de maternidade das familias monoparentais, coa falta de servizos de conciliación en concellos con dispersión de poboación ou de pequeno tamaño, as dificultades para a flexibilidade horaria no coidado de fillos ou persoas acollidas menores de 12 anos, as dificultades do persoal traballador en residencias de persoas maiores e mesmo a falta de execución dunha sentenza xudicial en materia de dereitos de conciliación e dereitos laborais.

Persoas maiores. No campo das persoas maiores o virus golpeounas con taxas de mortalidade moito máis altas que nas persoas máis novas. Mesmo no caso de superar a enfermidade ou de non padecela, o confinamento no domicilio sen posibilidade de saír agás por cuestións esenciais ou por tempo limitado, ou o dobre encerro nas residencias de persoas illadas do exterior e recluídas nos cuartos sen poder gozar das zonas comúns, tivo consecuencias negativas, como problemas de sono, insomnio ou somnolencia, aumento de deterioración cognitiva ou aumento dos síntomas depresivos, e debido ás restricións sanitarias tamén foi

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

difícil ou imposible poder estar cos seres queridos en situacións dolorosas. Como din moitas delas, «perdín dous anos da miña vida».

As sucesivas ondas pandémicas seguiron impactando nas residencias. A pandemia puxo de manifesto a necesidade dun cambio de modelo que garanta a dignidade e a seguridade das persoas residentes, cambio que debe levarse a cabo contando co que establecen os principios das Nacións Unidas en prol das persoas de idade.

Estes principios salientan que as persoas de idade deben ter a posibilidade de vivir en contornas seguras e adaptables, residir no seu propio domicilio tanto tempo como sexa posible, acceder a servizos como os de atención á saúde e os servizos sociais e xurídicos e desfrutar dos seus dereitos humanos e liberdades fundamentais cando residan en fogares ou institucións onde lles brinden coidado ou tratamentos, así coma o seu dereito a adoptar decisións sobre o seu coidado e calidade de vida.

Tamén afectou de forma moi especial as persoas maiores o exceso de dixitalización, que levou moitas veces á supresión das opcións de atención convencional, co que se reduce o dereito á presencialidade, esencial para elas, como tamén para as persoas vulnerables, os habitantes de zonas con medios limitados en novas tecnoloxías ou, en xeral, para quen opta lexitimamente por determinados servizos presenciais por diferentes razóns: desconfianza, complexidade, falta de seguridade...

É necesario que as administracións públicas e as empresas prestadoras de servizos esenciais non forcen o uso e medios dixitais. Para unha parte importante da poboación estes presentan dificultades de uso, inseguridade e desconfianza, o que xera un grave estrés potencial.

Discapacidade. As persoas con discapacidade tamén sufriron especialmente as consecuencias da pandemia e do confinamento, pois, aínda que a discapacidade non supón en xeral un maior risco de contaxio ou mortalidade, a situación de persoas con determinadas discapacidades si podería incidir sobre estes riscos nos casos de persoas con afeccións subxacentes, persoas con mobilidade reducida, persoas cuxa discapacidade lles impide transmitir os síntomas da enfermidade, persoas que teñen problemas para acceder á información ou comprendela, ou practicar medidas preventivas como o uso da máscara, o lavado de mans ou o distanciamento social.

Iniciamos unha actuación de oficio debido a que no ano 2009 o Congreso dos Deputados instou o Goberno a impulsar as medidas necesarias para a aprobación de novos baremos para avaliar a discapacidade. Hoxe en día a reforma segue en tramitación. Esta demora é especialmente relevante no caso da fibromialxia, pois, malia estar recoñecida como enfermidade pola OMS desde o ano 1993, non figura incluída nos baremos do Real decreto do ano 1999 que regula o grao de minusvalía.

Tamén iniciamos outra actuación de oficio para ampliar o ámbito da equiparación das persoas con incapacidade laboral permanente ás persoas con discapacidade.

Quero salientar que este ano comezamos un programa de inclusión laboral na Valedoría do Pobo para persoas con discapacidade mediante dúas bolsas de formación. As primeiras bolsas

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

destináronse a persoas con discapacidade psíquica e as segundas, ás persoas con discapacidade intelectual. Temos a intención de que a iniciativa se repita nos próximos anos e que beneficie a inclusión laboral de todas as persoas con discapacidade. O seu dereito ao traballo está recoñecido, pero aínda é un aspecto no que se aprecian máis carencias.

Precisamente por iso temos impulsado esta iniciativa, referida nos comezos ás dúas das modalidades con máis dificultades para atopar emprego: discapacidade psíquica, discapacidade intelectual, co fin de facer visible o problema e como elemento de mobilización dos sectores público e privado.

Agradezo a colaboración das entidades sociais e agradezo e recoñezo o bo facer da primeira bolseira e do primeiro bolseiro que estiveron con nós estes meses.

Aporofobia. A aporofobia, odio, repugnancia ou temor obsesivo á pobreza e a toda aquela persoa nesa situación, manifestouse en ocasións vinculada á situación pandémica. Precisamente, moitas das iniciativas dirixidas á loita contra a aporofobia tiveron lugar ese ano. Por iso, celebramos a recente reforma do Código penal, que agora tipifica como delitos a grave discriminación no emprego contra algunha persoa por razón de pobreza ou exclusión social e a denegación dun servizo público ou dunha prestación á que se teña dereito por razón da aporofobia e tamén establece a aporofobia como circunstancia agravante da responsabilidade criminal.

No ano 2021 mantivemos un novo encontro coa Rede Galega contra a Pobreza para analizar problema relacionados coa inclusión en materia de vivenda. Como consecuencia, realizamos diferentes actuacións de oficio para tratar a necesidade da erradicación do chabolismo e a infravivenda en Galicia.

Os prexuízos, xa sexan relacionados co sexo, como os prexuízos de xénero, ou estean vinculados a outras condicións ou circunstancias das persoas, como a raza, a etnia, a idade, a capacidade, a pobreza, a orientación ou a identidade sexual, entre outros, impiden o pleno desfrute dos dereitos e liberdades recoñecidos na Constitución española, no Estatuto de autonomía e no resto de ordenamento xurídico, en consonancia con todos os instrumentos de dereitos humanos nos ámbitos europeo, internacional e universal. De aí a importancia que teñen as competencias e actuacións da valedora do pobo como a alta comisionada do Parlamento de Galicia na loita contra os prexuízos, para a defensa dos delitos comprendidos no título I da Constitución española no ámbito territorial da nosa comunidade autónoma.

Dereitos lingüísticos. Outro compromiso da nosa institución é a defensa e promoción da lingua propia de Galicia, o galego. Neste eido a colaboración coa Mesa pola Normalización Lingüística vénse reforzando ano a ano, queixa a queixa. Tamén é salientable a colaboración das administracións, que se reflicte nas actuacións que se conclúen positivamente sen ter que chegar a facer unha resolución e que tamén se incrementan progresivamente en cada exercicio.

As cifras dan boa conta desa realidade. Velaí os datos. Das 261 queixas recibidas na área de dereitos lingüísticos, 234 foron presentadas pola Mesa pola Normalización Lingüística e o

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Observatorio de Dereitos Lingüísticos. Deses 234 expedientes, en 35 o asunto afectaba órganos ou entidades da Administración xeral do Estado e foron remitidos ao Defensor del Pueblo. O total de expedientes concluídos positivamente no ano 2021 foi de 96.

Xa para concluír, o ano 2021, como tamén o 2020, foi un ano difícil para os dereitos humanos. As dificultades non nos deben levar ao desánimo senón a reforzar o noso compromiso cos dereitos humanos.

É necesario continuar a actividade de loita contra os prexuízos que están na base da discriminación e da desigualdade, sempre con este enfoque de dereitos humanos que debe guiar a actuación da institución da Valedora do Pobo e poñendo a vista no horizonte marcado polos obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, valedora.

Acompáñaa a vicepresidenta primeira á tribuna do público.

(Pausa.)

E agora comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Noelia Otero.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Moi bo día a todas e todos.

E queriamos comezar dende o Grupo Socialista, un ano máis, recoñecendo o traballo e trasladando un saúdo afectuoso á valedora, á vicevaledora, a señora Porteiro, e no seu nome que se faga extensivo a todas as traballadoras e traballadores da Valedoría, polo seu traballo e sobre todo tamén, tal e como pon de manifesto a valedora cada vez que ten oportunidade neste parlamento, por non perder a sensibilidade, non perder a perspectiva dos dereitos humanos e de como hai que tratar e afrontar estes datos que, en definitiva, ao final, cando nos trae, nos presenta esa memoria traballada, pois resumimos moitas veces na frialdade dos números, en cuantificar nas estatísticas, pero como sempre esforzámonos por salientar cada queixa.

De feito tamén hai que poñer en valor que aumentaron de xeito considerable eses asuntos, duplicáronse, e xa tiñan aumentado no ano anterior, pero, como dicimos, cada queixa, cando unha cidadá ou un cidadán decide acudir normalmente á valedora pois temos que supoñer e ter en conta que probablemente hai un percorrido detrás e que cada queixa, cada denuncia representa unha problemática que de feito representa unha porcentaxe maior da cidadanía. E tal e como vén de dicir a valedora, estamos falando de dereitos humanos, así que nós queremos dende o Grupo Socialista fuxir un ano máis desa frialdade dos números.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Un ano máis vemos nesta memoria como a Xunta de Galicia é a gran protagonista, se falamos de administracións, de cidadás e cidadáns que deciden acudir á valedora do pobo, porque ven que non se cumpren as leis, que non se garanten os seus dereitos máis elementais, máis fundamentais. A Xunta de Galicia é a administración protagonista fundamentalmente desta memoria, un ano máis. E vemos como as problemáticas, as áreas, se repiten un ano tras outro, mesmo a pesar das suxestións, das comunicacións que traslada a valedora ou que trasladaba o ano pasado neste parlamento ás distintas consellerías.

Sen ir máis lonxe, vemos un ano máis, unha vez máis —e xa é unha constante—, como a Consellería de Sanidade aglutina practicamente a metade dos asuntos tratados, case un 42 %, a moita distancia doutras problemáticas. E non só no número, senón tamén vemos como as problemáticas e as casuísticas que afectan as cidadás e os cidadáns, as galegas e os galegos, pois volven ser as mesmas.

O ano pasado falabamos dunha sorte do día da marmota, lendo ese traballo, ese resumo do grande esforzo que se fai dende a Valedoría. Vemos, por exemplo, como está novamente salientado o problema que padecen as galegas e os galegos no Sergas, nas listas de agarda non estrutural, e como, unha vez máis, a valedora pon o acento na necesidade —xa o fixo o ano pasado— de non meter no limbo as galegas e os galegos, de dicir á Xunta de Galicia que ten que cumprir as súas propias leis.

A demora máxima na cirurxía galega é de cento oitenta días, pero ese prazo, como todas e todos sabemos, como tantas veces se pon de manifesto neste parlamento, non se cumpre, non está garantido para todas aquelas persoas doentes que están nesa lista de espera, que reciben esa chamada, como todas e todos sabemos, do Sergas ofrecendo ser intervidos na sanidade privada e, en canto din que non, non son informados debidamente de cando serán intervidos, cando se van velar e van ser asistidos, senón que pasan a ese limbo ou a esas listas de espera, que quedan así maquilladas. Unha vez máis, a valedora do pobo pon o acento neste problema. E recóllense historias con nomes e apelidos de galegas e galegos que padecen esta circunstancia.

Tamén vemos os problemas de atención primaria, ao non poder ser atendidos por non conseguir cita. E dicía literalmente, anotaba aquí a propia valedora a fraxilidade dun sistema sanitario, que xa existía e que quedou máis tensionado pola pandemia. Este é o informe, a memoria que fai referencia ao segundo ano xa de pandemia, e vemos que non aprendemos absolutamente nada.

Isto acontece coa sanidade e sempre nese podio de consellerías que atopamos na memoria anual, pode cambiar o segundo ou o terceiro posto, poden intercambiarse, pero sempre, xunto á sanidade, atopamos a educación e a política social.

Di a valedora, coincidindo coa tese que defende o Partido Socialista, que defenden as traballadoras das residencias, que defenden hoxe os familiares das persoas usuarias de residencias, que a pandemia puxo de manifesto a necesidade dun cambio de modelo que garanta a dignidade dos nosos maiores, das persoas residentes, un cambio que debe levarse a cabo contando co que establecen os principios das Nacións Unidas.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Consellería de Sanidade segue facendo, un ano máis, seguiu facendo durante todo o ano pasado auténticos oídos xordos a todo este berro desesperado e a esta recomendación. A Xunta de Galicia tira para diante con ese propio modelo privatizado, mesmo vén de votar en contra o novo modelo de residencias que está a propoñer o Goberno central. Todo son buscar escusas, porque en realidade non se quere cambiar, non hai vontade de cambiar un modelo que en Galicia está na súa maior parte privatizado.

Se xa o ano anterior, na memoria anterior, se poñía o acento nos problemas das listas de agarda, absolutamente insoportables, e nos problemas de dependencia, ¿que poderiamos agardar ese ano se a pesar das comunicacións, das recomendacións, das suxerencias na memoria anterior da valedora, de como se enfrontou desde a Consellería de Política Social os problemas de dependencia? Pois a pesar, como no anterior pleno, de que poñía de manifesto a nosa voceira en política social, a señora Marina Ortega, como se actuou dende a Xunta de Galicia, ¿que poderiamos agardar nesta memoria se, pese a esas advertencias, a Xunta de Galicia, a Consellería de Política Social, mesmo recibindo o dobre de fondos por parte do Estado, como se puxo aquí de manifesto, é a comunidade que máis recortou o ano pasado e a comunidade con menos investimento por habitante? É dicir, ¿que podemos agardar?, ¿que poden mellorar deste xeito?

Como diciamos, no anterior pleno a nosa voceira volvía alarmar desa espera media, que tamén está aquí nesta memoria, absolutamente insoportable, por riba da media dos catrocentos días en dependencia, cando a lei marca un máximo de seis meses, máis do dobre de tempo que a lei permite. Tense pedido aquí ao Goberno galego que incremente o persoal dos equipos técnicos de valoración, de tramitación de expedientes. Temos pedido tamén dende o Grupo Socialista que se elabore un informe detallado dos cadros de persoal, dos equipos de valoración de dependencia, así como a previsión do aumento de técnicos, de ser o caso, un informe sobre os datos das listas de expedientes sen resolución. E ¿que obtemos? Ou o silencio ou a negativa por resposta.

Polo tanto, pedimos contundencia, tamén ao equipo da Valedoría, neste aspecto, porque, se falamos de dereitos humanos e destas realidades que representan o que está a padecer a cidadanía, o que non podemos é ler dende a frialdade, como diciamos, estas estatísticas que se veñen repetindo un ano tras outro.

E falando de discriminación, sen ir máis lonxe, porque non abonda o tempo para facer un repaso a todas as casuísticas que recolle esta memoria, queremos tamén dende o Grupo Socialista poñer o foco nesas minorías, neses grupos, neses colectivos máis desfavorecidos.

E, sen ir máis lonxe, tamén no pasado pleno nos atopabamos co voto en contra dunha petición que pedía que a Xunta de Galicia se personase como acusación particular nos delitos de odio, que non deixan de aumentar a nivel internacional, a nivel estatal. Pero ese goteo insoportable de casos de agresións homófobas estamos tamén vivíndoo aquí na nosa comunidade no último ano. Pedimos á Xunta de Galicia que se persone como acusación particular e que faga algo tan básico —e atopámonos co voto en contra— como é cumprir unha lei de mínimos como é a Lei pola igualdade de trato e non discriminación das persoas LGBTI, do 2014.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

É importante poñer en valor que ao final o que se está recomendando, o que se está defendendo e o que pon en valor esta memoria e o informe da Valedora e o traballo de todo o seu equipo é o cumprimento das leis, dos dereitos básicos fundamentais das galegas, dos galegos, das persoas que viven na nosa comunidade. Polo tanto, nós animamos a que sigan traballando arreo, como o están a facer, sen perder esa sensibilidade, esa empatía, e que o fagan con contundencia, porque as persoas máis desfavorecidas, efectivamente, son as que nos precisan. E ese é o traballo que nós —rematamos como comezamos— recoñecemos que están a facer de xeito rigoroso, sensible e humano dende a Valedoría do Pobo.

Así que, pola nosa parte, máis nada. Agradecer novamente ese traballo e trasladar, para rematar, todo o agarimo do Grupo Socialista a ese equipo que atendeu o dobre de asuntos que hai un ano.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Bo día, valedora. Bo día a todo o seu equipo, que está hoxe aquí.

Ben, despois do ano que tivemos, a verdade é que calquera non ten que ser moi listo nin moi lista para imaxinar que ía haber máis queixas, que ía haber máis asuntos e máis actuacións e que estas aumentasen. Pero, pese a isto e como imos ver, non todo é casualidade; todos din que na vida as casualidades non existen e non todo é a pandemia, porque é moi fácil ir sempre a isto.

A primeira razón de que non son todo casualidades é que case todos ou a maioría dos asuntos corresponden con áreas que son as máis importantes —digamos— do Estado de benestar, é dicir, aquilo que nos fai vivir mellor, vivir máis tranquilamente, vivir máis placidamente. E a primeira casualmente é a sanidade, que ten o 42 % dos asuntos; é dicir, a sanidade ten case a metade dos asuntos e isto correspóndelle totalmente ao Goberno deste país.

Este dato xa é bastante significativo, pero, como xa dixen e direi máis veces, non todo é pandemia; e non o digo eu, non o di xa só tamén o BNG, dío tamén o informe da Valedora do Pobo. E xa se mostra como as listas de agarda seguen a ser totalmente inasumibles para a sociedade galega e que estas listas hainas en todos os puntos do noso país e sexa cal sexa o centro de referencia. E aínda que sigan pasando os anos e sigan pasando as noticias de graves infraccións e que sigan pasando graves violacións de dereitos na sanidade, pois seguiremos escoitando dous tipos de argumentos: o primeiro é que todo é culpa de Madrid, a pesar de que hai competencias exclusivas en sanidade; e o segundo é o xa resabido «*es que no hay médicos*», que seguramente veremos hoxe tanto neste debate como ao longo do pleno.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Relacionado con isto, o informe tamén non se esquece de informar e de sinalar a non cobertura de ausencias e prazas vacantes do persoal facultativo nun inmenso número de centros de saúde; é máis, a lista no propio informe era bastante grande.

Polo que entón, como xa se vai vendo, parece ser que como sempre se lle di ao BNG que non somos uns exaxerados e que non mentimos porque, se non, parece ser que o informe tamén o faría, e, sinceramente, non o creo.

E ademais entón estaría ben ir facéndolles caso aos sucesivos informes da Valedora, ademais nun caso concreto que xa se sinalou, que é os pacientes de agarda en lista non estrutural, que é necesario marcar un límite temporal que ten que ser coñecido polos pacientes e que non estean sen saber cal vai ser a súa cita, agardando nun limbo sen saber cando van poder ser atendidos. E para máis ou menos ubicarnos, se ao final do 2021 había 441 persoas agardando máis de doce meses en listas estruturais —441 persoas—, ¿como será o das listas non estruturais? Penso que xa nos podemos facer unha idea.

Outro eido onde se sinalan graves eivas, graves problemas, é o da inclusión social. E aquí temos que sinalar principalmente dous: o primeiro é que simple e llanamente a Xunta de Galiza incumpre a lei. Cando falamos do atraso nas valoracións de discapacidade, seguimos a ver como o límite legal de máximo tres meses —queden con esta cifra: tres meses máximo de límite legal— queda moi lonxe incluso para a provincia máis avanzada de todo o país.

E volvemos recordarlle que esta xente que precisa esta valoración non son números, son persoas, que ademais teñen unhas grandes necesidades e teñen unhas familias que tamén teñen unhas grandes necesidades. E entón canto antes chegue esta valoración mellorarase a súa calidade de vida e tamén a das familias, que falta fai. E así, se collemos as medias de cada provincia —así facendo un ránking rápido dunha lista así bastante vergonzosa—, vemos que a menor —recorden: tres meses tempo máximo— é Pontevedra, que ten de media catro meses; seguida pola Coruña, que ten 4,7; seguida por Lugo, con cinco meses; e remata este ránking vergonzoso a provincia de Ourense con sete meses de media, máis que dobrando o límite legal. Isto non é un dato máis, isto é un incumprimento flagrante da lei e penso que ten que poñérselle solución canto antes.

Mais tristemente os problemas non quedan aquí, xa que o informe fala literalmente de problemas estruturais na inclusión social, sobre todo centrándose na falta de persoal e sobre todo na falta de prazas residenciais, xa que temos máis de mil persoas a día de hoxe agardando por unha praza libre.

Pasada xa a sanidade e a inclusión social, imos a outro eido vital para o que é o Estado de benestar, para o que é vivir tranquilamente, que é o da vivenda. E aquí o informe é claro, e volvo citar literalmente: «a problemática da escaseza de vivenda pública é sobradamente coñecida». Nós levamos dicindo hai moito tempo que as políticas do Partido Popular, as políticas da Xunta de Galiza no que ten a ver con vivenda non chegan nin a pasables, pero é que tamén o sinala este informe da Valedora. E vólvellelo recordar ademais dicíndolles posibles solucións —que a verdade é que estamos de acordo—: «a estratexia deberá basearse en ampliar o parque de vivenda pública protexida en arrendamento». Porque, se non, o que

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

seguirá a ocorrer é que pasarán os anos, pasarán os informes da Valedora e seguiremos vendo como as queixas que teñen a ver co eido da vivenda seguirán crecendo, como, por exemplo, do 20 ao 21, que creceron un 23 %.

E de novo volvemos ver como o informe da Valedora deixa claro cal é o principal problema no que ten a ver con vivenda para os galegos e as galegas, que non son problemas inventados por certa ala aquí do Partido Popular, senón que o principal problema é que non se ten acceso á vivenda, a un dos dereitos máis vitais, máis fundamentais, que é ter acceso a unha vivenda digna. E así nos vai.

E, para rematar, imos rematar con tres dereitos aos que fai mención o informe, tres dereitos humanos. O primeiro —rapidamente—, os dereitos lingüísticos. Volvemos ver un elevado número de queixas pola vulneración dos dereitos lingüísticos, 261 exactamente, a súa maioría elevadas e presentadas pola Mesa —polo que, antes de nada, parabenizalos pola súa colaboración con esta entidade—. E creo que dá unha mostra clara de que aquí hai un pobo que sinxelamente —e como non habería outra opción— quere manter os seus dereitos lingüísticos e reclámaos a través das canles das que goza.

O segundo son os dereitos básicos do colectivo LGBT, e aquí dicímolo dun xeito máis entristecido, e non podiamos deixar de sinalar este aumento da LGBTfobia. E dicía que o facemos entristecidos por varios motivos: o primeiro, por constatar de novo o aumento de acoso nos centros educativos, por ver como nos rexistros civís seguen existindo bastantes dificultades para realizar os cambios de nome e, evidentemente, polo aumento das agresións homófobas. E —como dicía— facémolo bastante entristecidos porque, mentres vemos isto, día a día, casos diarios, agresións case diarias e vulneración dos dereitos do colectivo LGBT diarios —que ben retratou aquí a compañeira Iria Carreira hai un par de semanas—, pois xusto hai un par de semanas, cando estamos vendo esta lacra, pois aquí o Partido Popular votaba en contra de que a Xunta se persone nos procedementos xudiciais, de deseñar un plan que inclúa a formación para o persoal público en detección da LGBTfobia e a atención ás persoas LGBT ou de elaborar un plan de educación afectivo-sexual nas escolas. Isto sinxelamente é unha vergoña, non ten outro nome. *(Aplausos.)* Porque cando estamos vendo esta lacra día a día e cando vostedes fan iso pois polo menos pediríalles que cando volvan votar en contra de cousas coma estas, ou cando volvan pactar con partidos que literalmente proclaman que estas persoas —as persoas do colectivo LGBT— están enfermas, pois polo menos que quiten o pin coa bandeira do arco da vella para ter un pouco máis de coherencia e un pouco máis de dignidade. *(Aplausos.)*

E, por último, dereitos tamén son ter uns medios públicos que cumpran a misión de servizo público, o dereito a unha información plural e sen inxerencias políticas. E hoxe non se garante nin ese pluralismo nin a independencia da CRTVG, e así se fixo chegar á Valedora no pasado ano. E así se levan incumprindo xa hai anos a Lei de medios, os artigos 23, 33, 36, concretamente. E, por se fose pouco, a CRTVG vén de ser condenada en firme polas máis altas instancias xudiciais por violar os dereitos fundamentais dun traballador, o seu dereito á liberdade de expresión, e condena a CRTVG por persecución política e represalias. Que aquí dise moi rápido, pero estamos a falar de persecución política; son dúas palabras ben graves. E hoxe preguntaba o PP —hai media horiña— que ¿que cambiou desde hai un ano?, cando acabo de

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dicir persecución política. Que ¿que cambiou? Pois cambiou todo, *(Aplausos.)* e no nome do BNG non imos branquear isto, no nome do BNG non imos deixar que isto se branquee.

Como xa queda pouco tempo, vou ir rematando e quero tamén acabar dun xeito máis optimista e máis positivo, agradecendo e parabenizando a valedora e a todo o seu equipo, por suposto, que oxalá fose máis para poder contar con máis mans, por todo o traballo feito, polo traballo feito sobre todo no eido do feminismo, que sei que é unha teima —bendita teima— que vostedes teñen, e tamén por facer algo que desde o BNG sempre lle reclamamos, que é darse a coñecer máis no rural e sobre todo por aumentar esas actuacións de oficio. Sabemos que somos moi pesados e moi pesadas, sempre llelo pedimos, pero fixéronnos caso porque pasaron de 78 a 103; moitas grazas por iso. Moitos parabéns e vémonos no próximo ano.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro García.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben)* ...e lle agradecemos pois o seu traballo e esforzo por dar resposta a todas as queixas que se remiten á institución que vostede representa cada ano.

Somos conscientes de que as persoas que se achegan á Valedoría fano en moitos casos nunha situación de desconsolo e incerteza e cunha fonda preocupación e agardan atopar na institución algunha solución ás súas problemáticas.

Debatemos este informe da Valedora xa no Parlamento, na Comisión de Peticións, xusto dous días despois da celebración do Día do Orgullo LGBTI, e xa temos comentado como aborda o informe os prexuízos e o traballo de fomento do cumprimento dos dereitos humanos, dos que xa se ten falado aquí.

Son moitos os motivos de discriminación que podemos ver na nosa sociedade, e un dos máis destacados é o da razón da orientación sexual, valorando tamén as diferenciacións dentro do propio colectivo. E neste senso, e á marxe de matices en como materializar as políticas públicas, todos os grupos amosamos unha rotunda condena a calquera discurso de odio e ante as agresións homófobas que plasmamos nunha declaración institucional que foi lida nesta cámara, neste mesmo hemiciclo, no pasado pleno. Dende as institucións e dende as formacións políticas temos a obriga de lanzar unha mensaxe de unidade e sen fisuras na condena de calquera manifestación homófoba ou de discurso de odio. Así como a coincidencia do día de hoxe, no que se cumpren vinte e cinco anos do vil asasinato, a cámara lenta, de Miguel Ángel Blanco a mans da banda terrorista ETA; unha sinrazón que tamén ten que concitar o consenso de todos os grupos na condena rotunda de calquera forma de violencia, especialmente a terrorista, e reclamar memoria, dignidade e xustiza para as vítimas, a través tamén dunha declaración institucional que temos trasladado dende o Grupo Parlamentario Popular ao resto dos grupos políticos, e, despois de escoitar o señor Castro e a súa defensa

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

intensa sobre os dereitos humanos, agardamos que concite o consenso dos tres grupos da Cámara.

Como dicía, ademais da discriminación por razón de orientación sexual, hai moitas outras, como as relacionadas coa idade, a discapacidade, o lugar de residencia ou a aporofobia, moitas delas moi significativas na nosa comunidade autónoma, ao igual que coas mulleres que viven no rural. E por iso debemos de seguir felicitando a institución pola publicación do decálogo e a defensa da promoción dos dereitos humanos.

Se valoramos o traballo da institución, está claro que as cifras do 2020 estaban condicionadas polo confinamento, e reflíctese moi notablemente nas queixas do 2021, que, como xa se ten dito aquí, se duplicaron, por razóns obvias.

En relación cos datos de queixas en materia de sanidade, temos que dicir que dos 3.936 asuntos o 41,97 % son de sanidade, é dicir, 899 concretamente. E destes, 713 queixas son dun mesmo asunto: sobre o peche do centro de saúde de Paradela-Meis e a solicitude de apertura. E neste asunto temos que dicir que durante a pandemia houbo que pechar consultorios porque non se podían garantir as medidas de prevención no centro, e hai meses en que se comezou a recuperar a actividade neste tipo de centros, sempre que é posible e hai dispoñibilidade de profesionais, que, aínda que algúns insistan en que hai médicos, a realidade é teimuda e, por desgraza, non hai profesionais dispoñibles para a súa contratación.

Pero non todo é negativo en sanidade. No informe dise textualmente: «Entre as numerosas conclusións positivas, é necesario destacar a colaboración da Consellería de Sanidade e do Sergas para corrixir prácticas inadecuadas sobre o uso do galego en centros de saúde e hospitais, nas continuas mensaxes aos usuarios do Sistema sanitario galego derivadas das citas nas sucesivas campañas de vacinación contra a covid-19». E un exemplo é que na liña gratuíta 900400116 durante o ano da pandemia, o número mínimo de chamadas sería arredor de 700.000 e non hai nin unha soa queixa por non utilizar o galego.

Señorías, o respecto dos dereitos lingüísticos tense que producir respecto das dúas linguas oficiais da comunidade autónoma, tanto para os galegofalantes como para aqueles que elixen o castelán. E, neste sentido, temos que destacar que todas as suxestións e recomendacións da valedora foron aceptadas, excepto unha, que atinxe ao Concello de Pontevedra, no que se refire á sinalización de tráfico, que só figura en galego. E o concello non asume a súa obriga de que figure tamén o castelán, como lingua cooficial de Galicia. Estaría ben facerlle caso á valedora, parafraseando ao señor Castro.

Ben, retomando o ámbito da sanidade, tamén como positivo, gustaríame destacar que o Sergas incorporou ao calendario vacinal ou incorporará a vacina do papiloma en nenos, que foi tamén unha causa de queixa e que o Goberno, con sensibilidade, incorporou no calendario vacinal.

Certamente o número de queixas é moi elevado no ámbito da sanidade, pero se consideramos que se aceptaron 1.568 queixas e que ao día se realizan no Sergas máis de 150.000 actividades, as queixas representan o 1 % da actividade dun único día. Pero, se facemos a estimación

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

anual, representarían o 0,003 %. Falamos de millóns de intervencións e actuacións anuais no ámbito da sanidade. E se lemos polo miúdo o informe, observamos como o asunto motivo da queixa en ocasións non acusa o mal funcionamento do sistema sanitario, senón que moitas delas estaban relacionadas coa vacinación da covid-19; unha situación que nunca se dera na historia, cun proceso de vacinación masivo, que se tivo que articular en tempo récord e que temos que dicir que foi un éxito a pesar de que puido haber algunha disfunción propia da novidade e da magnitude do proceso.

Queixas por exemplo referidas á demora en recibir as doses en colectivos que pertencían a mutuas ou sanidade privada, queixas relacionadas coa programación de vacinación de persoas desprazadas doutras comunidades autónomas, o cambio na administración da segunda dose da AstraZeneca e a imposibilidade de dispoñer de distintos tipos de vacinas; queixas relacionadas coa obrigatoriedade do uso da máscara durante o exercicio físico intenso e coa redución de aforos en determinados ámbitos; tamén sobre a obtención do certificado covid; queixas das xestantes que non podían acudir aos controis habituais con acompañante nun contexto de restricións nos centros hospitalarios e sanitarios; e tamén sobre as listas de agarda, que loxicamente se viron alteradas por mor da pandemia. Pero, aínda así, os datos son do 0,003 %.

Outro tema moi sensible foi a aplicación da Lei da dependencia, en concreto atrasos no trámite de valoración. A valedora recoñece que as recomendacións foron aceptadas. No último ano tamén hai que dicir que se reduciu nun 21 % o tempo de espera dunha persoa para unha valoración en dependencia; iso foi grazas á incorporación de 38 novos profesionais para reforzar os equipos de valoración, que permitiu ademais que no primeiro cuadrimestre deste ano se incrementaran en máis dun 31 % as valoracións de grao de dependencia con respecto ao 2021.

E, mentres a Xunta pon en marcha estas medidas, ás que a propia valedora fai referencia, incluíndo as medidas do plan de choque posto en marcha, seguimos agardando que o Goberno central cumpra o financiamento da Lei de dependencia, na que está obrigado a financiar o 50 %. E, mentres neste momento Galicia destina a dependencia 430 millóns de euros, máis ca nunca antes, o Goberno central ten unha débeda de 2.100 millóns de euros con esta comunidade.

Pero as queixas non só se circunscriben á actuación da Xunta, senón que tamén os concellos e as deputacións tiveron un número significativo de queixas. A deputación que máis queixas rexistrou foi a de Pontevedra, con 15, seguida da da Coruña e Lugo, con 14 cada unha delas, e a tan deostada Deputación de Ourense tan só tivo 6 queixas, menos da metade das gobernadas por vostedes. *(Murmurios.)* Ríanse. Porque tamén os concellos teñen un protagonismo especial. ¿E cal é o que máis queixas recibiu? Pois Vigo, con 136, seguido de Santiago, con 76, e A Coruña, con 62.

E respecto da transparencia, os exemplos de queixas en materia de transparencia afectan máis proporcionalmente a Administración local que a autonómica. O número de solicitudes en materia de información pública en 2021 foi de 1.389, o 85,54 % das solicitudes de información pública foron estimadas e só se negou un 0,85 %.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E sobre un tema do que se falou hoxe aquí, a CRTVG, a valedora conclúe que non se achegan datos que permitan afirmar que se está producindo un desmantelamento do servizo por parte da CRTVG, nin control político, nin manipulación e moito menos censura. O cal contradí a liña argumental de parte dos traballadores —estamos falando dunha plataforma, como di o informe, de entre 60 e 70 persoas, dun cadro de persoal de 920 traballadores—, dos grupos, por tanto non contradí tamén a liña argumental tanto desa parte pequena dos traballadores como dos grupos políticos.

O que lle valía ao BNG hai un ano para nomear os seus representantes no Consello de Administración da CRTVG non lle vale hoxe para nomear os representantes do Partido Popular. Seguen sendo vostedes o Bloque do «non», por moito que se queiran poñer o traxe da moderación. *(Aplausos.)* Señorías, vostedes son impermeables á moderación.

Señora valedora, moitísimas grazas a vostede e a todo o seu equipo polo traballo que se visualiza nese informe, que tan só é unha pequena fotografía fixa do traballo que levan facendo durante moito tempo, pero neste caso ao longo deste último ano. Agradecemos que sigan dando resposta a esas problemáticas e que lles dean un pouco de tranquilidade a esas persoas que se achegan con moitísima inquedanza e incerteza á súa institución.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado del Río.

(Pausa.)

Continuamos co punto cuarto da orde do día.

Comparecencia do señor conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por petición propia, para informar sobre os avances na formación profesional en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia, ten a palabra o conselleiro, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moi bos días.

Presidente, señorías, a educación como política pública non é un fin en si mesmo, senón que é un medio para mellorar a calidade de vida individual e tamén o progreso da sociedade. O sistema educativo contribúe ao desenvolvemento das persoas e, como tal, tamén á mellora do conxunto da sociedade. Neste contexto a formación profesional é unha opción educativa fundamental, imprescindible para o desenvolvemento socioeconómico dun país.

As sociedades modernas enfróntanse a constantes desafíos. As ensinanzas de FP cada vez son máis percibidas como unha oportunidade de progreso, tanto no persoal como no colectivo. Prestixio, confianza, oportunidades e utilidade son os elementos definitorios da actual

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

FP en Galicia. A FP permite habilitar unha base profesional altamente cualificada e especializada que se pode adaptar ás necesidades do mercado laboral. Isto é indispensable para o avance e o crecemento das empresas e, polo tanto, da economía.

A realidade é que en Galicia xa se detectou, xa detectamos a potencialidade e a importancia destas ensinanzas dende o ano 2009, ata o punto de abordar a un ritmo progresivo unha auténtica revolución silenciosa, medida esta, revolución silenciosa, en base á enorme transformación levada a cabo nos últimos anos.

O noso ensino tense caracterizado por lograr consolidar proxectos modernos e innovadores e por avanzar nunha FP que é útil. E é útil tanto para a formación das persoas como para o desenvolvemento empresarial.

A Xunta —non é ningún segredo— leva anos apostando pola FP, ata o punto de que estas ensinanzas están cada vez máis prestixiadas e suscitan o interese de cada vez máis alumnos nalgunha das vinte e tres familias profesionais que se poden estudar. O atractivo que esperta fundaméntase na relación cada vez máis próxima entre a demanda dos sectores produtivos galegos e os contidos formativos dos diferentes ciclos, así como no acceso á realización de prácticas e experiencias laborais.

Neste curso que acaba de rematar, o curso 2021-2022, a FP en Galicia conta cunha cifra récord de preto de 60.000 alumnos matriculados nas diferentes modalidades, en concreto 58.823. A evolución é notable; se a comparamos co curso 2008-2009, hai un incremento respecto a este ano dun 70 %.

O ensino galego caracterízase por unha ampla oferta en todas as modalidades da formación profesional: en FP básica, en grao medio, en grao superior, tamén nos cursos de especialización, nos másteres, e todo isto está apoiado, moi apoiado, a través da colaboración coas empresas, tanto no ámbito da formación en centros de traballo, a denominada FCT, como da formación profesional dual.

Neste último curso, no 2021-2022, estas ensinanzas foron impartidas en máis de 200 centros públicos en Galicia, que ofrecen 162 títulos: 25 títulos de FP básica, 47 de grao medio, 77 de grao superior e 13 de cursos de especialización ou másteres de FP.

Nestes anos houbo un traballo serio e ambicioso, que ten permitido crear 23 centros integrados de FP, os denominados CIFP, 26 viveiros de empresas, 58 ciclos plurilingües no ámbito da FP, dos primeiros que se fixeron en España, e unha oferta da FP dual que está actualmente en 163 ciclos, que permiten formar máis de dous mil alumnos.

Señorías, merece a pena salientar e agradecer a implicación de 571 empresas na oferta de proxectos de FP dual, no curso que vén de rematar, e que se incrementarán para o novo curso, o 2022-2023, dun xeito notorio, e posteriormente darei a cifra.

Hai que ter presente algo moi significativo: que o sistema de FP dual, polo que nos decidimos en Galicia e que implementamos en Galicia, non funciona con subvencións, como si pasa

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

noutras comunidades, senón que pasa por unha implicación absoluta por parte do tecido industrial e do tecido empresarial. Traballamos mediante convenios específicos de FP dual con cada unha das empresas implicadas, tanto empresas grandes como empresas máis pequenas. E detrás dos números, destes números, agóchase moito máis; agóchase a implicación e sobre todo a confianza dos alumnos, dos docentes, das familias, do sector empresarial, que cada vez máis valoran estas ensinanzas.

Podemos concluír que o esforzo merece e está pagando a pena. Temos uns altísimos niveis de inserción laboral. Na oferta ordinaria de FP practicamente un 85 %, en concreto un 84,6 %, de inserción laboral. E se falamos xa da FP dual, practicamente un 100 %, un 96,8 %, que contrasta claramente con menos do 40 % de inserción que se daba nos últimos anos do Goberno bipartito.

Temos tamén unha grande eficiencia na formación, conseguindo que practicamente o 77 %, en concreto o 76,3 %, dos alumnos de FP se titulen. *(Aplausos.)*

Nestes catorce anos xa de Goberno da Xunta acadáronse tamén outros fitos significativos. Incrementouse claramente a FP dual, como xa dixen; colaboraron no curso anterior 571 e van colaborar no próximo máis de 800. Temos un gran desenvolvemento da FP básica, que substitúe os antigos programas de cualificación profesional inicial e que posibilita asumir alumnos que, se non, nalgunha parte irían ao fracaso escolar. E temos en Galicia a menor cifra de fracaso escolar da nosa historia, aproximadamente un 8 %, que ten moito que ver coa presenza da FP básica.

Temos tamén dende o curso pasado a oferta de másteres de FP, en concreto 22; están en sectores punteiros, moi necesitados de profesionais altamente cualificados. Por exemplo, hai uns días firmamos cunha gran multinacional do mundo tecnolóxico, con NTT Data, o primeiro máster dual no ámbito da intelixencia artificial e tamén da xestión de *big data*.

Reforzamos claramente a FP a distancia, unha modalidade de especial interese para que as persoas que están traballando poidan, a distancia, mellorar e concretar a súa formación, máis de 10.000 alumnos, e intensificouse notablemente a acreditación de competencias, ata lograr poñer en marcha unha convocatoria que está aberta de xeito permanente e que se convoca por unidades de competencias concretas.

Tamén ampliamos a rede de centros integrados. Pasamos de 11 no 2009 a 23 no pasado curso, a 24 no próximo curso, coa introdución do Fermín Bouza Brey; é dicir, en setembro deste ano teremos 24 centros integrais de formación profesional, e tamén, como xa dixen, os viveiros de empresas, nos que pasamos de 6 a 29.

Obviamente, este datos non son froito da casualidade, non son froito da improvisación, son froito e son posibles grazas a unha evolución, a unha evolución continua e ambiciosa que se define por un reforzo decisivo por parte da Administración e sobre todo pola implicación dos principais axentes que conforman o ámbito, o ecosistema da formación profesional.

Quero tamén facer outro apuntamento. Se facemos unha comparación con España, Galicia tamén ten magníficos resultados comparativos. A nosa comunidade autónoma está á cabeza

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do Estado en canto a alumnos matriculados en formación profesional. O 15 % dos alumnos de formación profesional de España están en Galicia, están matriculados en Galicia, cando o alumnado xeral está ao redor de pouco máis dun 5 %.

Un de cada catro galegos que están en idades de entre 25 e 64 anos está titulado en formación profesional, aproximadamente 357.000 galegos e galegas, unha cifra que —este é un dato moi significativo— multiplica por oito os que había no ano 2009. E a isto hai que sumarlle a inserción laboral, con máis dun 85 % para os ciclos ordinarios e practicamente o 100 % para FP dual. *(Aplausos.)*

Con estes datos, con estes indicadores, que acabamos de presentar, podemos dicir que estamos na senda, estamos no camiño no que de xeito tradicional —e é un espello ao cal nos miramos— vén sucedendo nalgún dos países máis avanzados do noso contorno europeo, como pode ser Alemaña, como pode Austria, como pode ser Suíza, en que a FP gozou sempre dunha altísima consideración social e é unha fonte de profesionais altamente cualificados para os sectores produtivos e sen dúbida constitúe o itinerario formativo principal para o acceso ao emprego.

Fronte a ese traballo, o actual Goberno de España chega tarde e busca sumarse ao prestixio que en España en xeral ten acadado a formación profesional, fundamentalmente e claramente polo traballo de moitas comunidades autónomas, non só de Galicia. O actual Goberno modificou, hai moi pouco tempo, a normativa previa cunha lei que se aprobou sen consenso, que se inspira no traballo feito por comunidades autónomas como Galicia. E eu digo neste sentido: aínda que sexa tarde, benvido sexa neste caso o Partido Socialista, que é o seu impulsor, á FP.

Hai que ter tamén en conta que esta aposta pola formación profesional en Galicia foi posible grazas ao amparo e ao desenvolvemento dunha normativa concreta, tanto no ámbito estatal como no ámbito autonómico.

En primeiro lugar, a Lei orgánica das cualificacións e da formación profesional, do ano 2002, impulsada por un goberno do Partido Popular, que posibilitou e creou o Sistema nacional de cualificacións e FP e estableceu un catálogo nacional de cualificacións profesionais.

No ámbito autonómico foi fundamental no ano 2010 a posta en marcha dun decreto de ordenación xeral da formación profesional dentro do Sistema educativo de Galicia. E tamén moi recentemente, e continuando na senda de desenvolvemento lexislativo, puxemos en marcha unha orde no ano 2021, en xuño de 2021, pola cal se regula o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral para unidades de competencia dentro do Catálogo nacional das cualificacións profesionais.

Neste marco normativo a Xunta de Galicia apostou e aposta claramente pola formación profesional, e deulle e dálle unha consideración claramente estratéxica, cunha serie de obxectivos moi claros. Por unha parte, mellorar a empregabilidade das persoas, xoves e non tan xoves, que estudan FP; atender tamén as necesidades de cualificación que teñen as empresas para aportar ou para dotarse de profesionais ben formados dentro dos nosos sectores pro-

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dutivos; e, por suposto, para reducir o fracaso escolar; acabo de dicir o dato, o máis baixo da serie histórica de Galicia.

E todo isto fíxose vinculando e ilusionando os centros educativos, pero sobre todo dándolles confianza ás empresas e dándolles resposta ás empresas cun novo modelo de FP, que está sen dúbida adaptado e debe estar aínda máis adaptado á realidade socioprodutiva de Galicia.

Froito dunha intensa actividade da Administración, do profesorado e do apoio e a confianza das empresas, fomos quen de cambiar, conxuntamente, a baixa consideración social destas ensinanzas e mudalas por un alto prestixio social e por unha oferta de éxito que dá oportunidades aos alumnos que as cursan. O dato, sen dúbida, definitivo é a altísima porcentaxe de empregabilidade que teñen os alumnos de FP.

No comezo desta lexislatura eramos por suposto conscientes, e somos conscientes, de que temos un longo camiño percorrido; acabamos de facer un mínimo balance. Pero tamén somos conscientes de que debemos asumir claramente un obxectivo de seguir habilitando, seguir posibilitando e seguir mantendo as condicións para que se poida manter esta dinámica no ámbito da formación profesional e mellorar tanto a súa eficacia como a súa eficiencia desde a perspectiva educativa e desde a perspectiva laboral.

En definitiva, temos feito moito, queda moito por facer, quedan novas metas, quedan novos retos, e por iso, logo dun importante e significativo esforzo de estudo e de planificación, hai uns meses, en febreiro, o Goberno galego aprobou, aprobamos a Estratexia de FP Galicia 2030, un documento que non só bebe e aprende do anterior, senón que significa renovar o compromiso do Goberno autonómico respecto deste tipo de ensinanzas, cun investimento de 900 millóns de euros ata o ano 2024. *(Aplausos.)*

Sen dúbida, a FP é unha prioridade estratéxica da política do Goberno galego, e esta materialízase na Estratexia de FP 2030, que obviamente está perfectamente integrada e incardinada con outros documentos estratéxicos da propia Xunta de Galicia: Plan estratéxico de Galicia, Estratexia de especialización intelixente, Estratexia Galicia dixital e outros.

Definimos unha folla de ruta, pensada para o desenvolvemento das ensinanzas de FP nos próximos anos, unha folla de ruta que está centrada na potenciación da rede de centros referentes de FP, o CIFP. En xeral, impulsar unha oferta flexible e adaptada ás demandas do tecido produtivo e na colaboración co tecido empresarial. Estamos para ser útiles ás empresas, para fornecer de recursos humanos e de profesionais ben formados os sectores produtivos.

Tamén se impulsará a innovación e a dixitalización en todo o proceso educativo para dar máis oportunidades aos alumnos. Faremos tamén unha personalización crecente da formación adaptada ás características de cada alumno. Impulsaremos e continuaremos a impulsar a FP dual, a acreditación de competencias. E todo isto tamén se fará impulsando e potenciando a mobilidade do profesorado e dos alumnos con empresas e con centros de FP da Unión Europea.

Esta estratexia foi tamén presentada nesta cámara, foi debatida nesta cámara, conscientes da importancia que ten presentala e tamén intentar sumala.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non podemos esquecer que baixo este documento se fixan unha serie de principios reitores, cinco grandes principios reitores: formar a cidadanía, recoñecer as competencias, reducir a fenda entre a oferta formativa e a demanda das empresas, fortalecer a colaboración coas empresas e desenvolver procesos de FP no marco do sistema de xestión de calidade.

Preséntanse tamén sete eixos, corenta e catro obxectivos, que son xa coñecidos, foron aprobados polo Goberno galego, foron presentados neste parlamento.

E o que queremos é con todo isto ter un impulso, un impulso ordenado, regrado, planificado, estratéxico, de FP galega, e neste ámbito a consellería comprométese e comprometeuse con este documento a impulsar algo tremendamente significativo a nivel individual e colectivo: impulsar a cualificación profesional das persoas, tanto dos mozos, da xente máis moza, como tamén de calquera persoa que, con independencia da súa idade, quere mellorar a súa formación, quere mellorar a súa calidade de vida, quere mellorar o seu emprego, e se forma e se integra en calquera dos institutos de formación profesional.

Temos aspectos e ideas e proxectos significativos. Por exemplo, a oferta de dobres titulacións, que quere facilitar que un alumno poida ter unha dobre titulación de dous ciclos, compaxinando materias de diferentes ámbitos, módulos de diferentes ámbitos; ciclos plurilingües, dos primeiros en España —como xa dixen— en ofrecer os máis de cincuenta, o que posibilita dar, nun contexto laboral —queirámolo ou non— cada vez máis internacional, máis oportunidades aos alumnos; apostamos tamén por potenciar a FP básica como unha porta de entrada ao mercado laboral para miles e miles de xoves, que teñen unha oportunidade educativa e laboral neste ámbito.

Tamén, por suposto, dar unha atención concreta específica ao rural, ao espazo rural, promovendo unha oferta formativa adaptada ás súas particularidades. E —o máis importante— plantexar unha oferta de ciclos que dea resposta ás demandas das empresas, que estea coordinada coas empresas do territorio e que posibilite que estas teñan unha integración laboral e profesional cos institutos e cos alumnos de FP.

Temos outras cuestións —que xa dixemos—: dixitalización, innovación, internacionalización, especialización e potenciación da rede de centros integrados, emprendemento, orientación profesional...; é dicir, cuestións básicas para entender e fixar a folla de ruta da FP do presente e, por suposto, a FP do futuro.

E se falamos do futuro, e do futuro máis a curto prazo, temos que dicir que hai unhas semanas que rematou o curso 2021-2022. Demos tamén pasos xa para organizar o curso 2022-2023, que comezará en setembro. E presentamos hai moi poucos días —foi presentada polo presidente da Xunta hai moi poucos días— a nova oferta de FP para o curso 2022-2023. E vén de rematar hai uns días —o 5 de xullo— o prazo de solicitudes de admisión, que é o paso previo para formalizar as matrículas ao longo deste mes, ao longo dos días que quedan deste mes.

En coherencia co que está previsto na propia Estratexia de FP en Galicia 2030, deseñamos unha nova oferta de FP que está orientada basicamente a abrir oportunidades para que os

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

galegos amplíen coñecementos e poidan obter o seu lugar, o seu oco no mercado laboral. Esta oferta ten unha implantación en todo o territorio galego; de feito, un de cada tres concellos, un terzo dos concellos de Galicia, contan no seu territorio con oferta de FP no vindeiro curso.

En concreto, podemos dicir que temos 230 centros sostidos con fondos públicos nos cales se imparte a FP, e dende a consellería formulamos unha nova oferta, que está composta por 37.588 novas prazas para este primeiro curso; 37.588 prazas de primeiro curso, o que supón un incremento respecto do anterior —ao 2021-2022— de 1.704, que supón practicamente un 5 % máis de oferta de prazas educativas no primeiro ano dos diferentes ciclos e modalidades de formación profesional. E hai que ter en conta que o ano 2021-2022 é o ano de máximos históricos de alumnos matriculados en FP, practicamente un 60 %.

Se facemos unha mínima desagregación, podemos dicir que no réxime ordinario presencial estamos a falar de 26.400 prazas na nova oferta, máis de 500 prazas respecto do curso anterior e 18 ciclos novos respecto do curso anterior. Se falamos de persoas adultas presenciais, falamos de 4.406 prazas novas, 5 ciclos novos, máis de 40 prazas novas respecto do curso anterior. Se falamos da FP á distancia, 4.300 prazas novas, 11 ciclos novos, 650 prazas comparativamente co curso anterior. E se falamos de másteres de FP, falamos de 9 másteres, que xeran aproximadamente 140 prazas máis, que se lles suman ás aproximadamente 1.800 prazas de FP dual, ao redor de 120 novos proxectos.

Estamos a falar en conxunto dun notable, dun notabilísimo incremento do número de prazas ofertadas. Só, se o comparamos co ano 2011, sen ir máis lonxe, estamos nun incremento dun 56 % do número de prazas ofertadas. *(Aplausos.)* E facémolo aportando máis FP á distancia para aquelas persoas que traballando queiran mellorar ou queiran compatibilizar ou complementar a súa formación, un 18 % máis de oferta para alumnos á distancia, un incremento dun 26 % na oferta de másteres de FP e 120 proxectos novos de FP dual, nos cales poderá formarse un número tremendamente significativo de alumnos, arredor de 1.800, preto dos 2.000.

Se falamos de FP dual, unha modalidade tremendamente significativa e que ten unha grande influencia e que cada vez vai a máis e que cada vez o sector empresarial o demanda máis, temos que dicir que deixabamos no curso pasado 99 proxectos de FP dual; é dicir, o curso que vimos de pechar, 100 proxectos de FP dual. Neste novo curso imos ter 120 proxectos de FP dual, co cal temos, xunto co segundo curso dos xa vixentes, un número tremendamente significativo de centros que imparten FP dual; en total, 88 centros, repartidos en 34 concellos de Galicia e en 56 titulacións diferentes. Obviamente, facer esta oferta de FP dual é tremendamente custoso, tremendamente complexo, porque implica contactar coas empresas e implica deseñar un programa formativo, un programa educativo, un currículo acorde coas necesidades específicas e concretas das empresas.

Como dicía anteriormente, o curso que vén de rematar tiñamos 571 empresas coas cales a consellería tiña convenio e no novo curso imos contar con máis de 800 empresas coas cales a consellería está asinando nestes días diferentes convenios para impulsar os ciclos de FP dual.

Obviamente, a FP dual significa facer —se se me permite a expresión— un traxe educativo á medida, unha oferta educativa á medida, tanto do centro educativo como das necesidades

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

empresariais do seu contorno; facémolo constantemente en todos. Por exemplo, vimos tamén hai moi pouco tempo de asinar, neste caso no Porriño e co Clúster do Granito, un ciclo medio dual centrado claramente nas necesidades formativas técnicas desa base empresarial, desa base produtiva, un ciclo medio de pedra natural. E contamos no ámbito da FP dual coa implicación das empresas máis significativas, máis importantes do país —falemos de Inditex, de Navantia, de Gadisa, de Cortizo, de Pescanova, de Escurís, de Calvo, de Jealsa, de Televés, de Leche Río—, coas que temos convenio. Con todas elas aportamos alumnos de formación profesional dual, pero tamén con empresas moi cativas, algunhas practicamente autónomos, cun número moi reducido de empregados; algúns moi significativos: a Casa do Queixo de Grixalba, Excavaciones Nima, é dicir, empresas descoñecidas, de pequeno tamaño, pero que ven que poden ter alumnos de formación profesional dual que, ademais de estaren ben formados, poden aportar a innovación e o coñecemento que adquiren nos centros educativos para dinamizar e potenciar as súas empresas.

E como dicía antes, señorías, Galicia é unha das comunidades de España onde a FP dual é real, implicando unha aportación directa das empresas, non sendo subvencionada pola Administración pública, e cunha implicación absoluta da empresa tanto no financiamento do proxecto como no desenvolvemento educativo e formativo do mesmo.

Obviamente, xerar esta oferta tivo unha acollida satisfactoria, creo que moi satisfactoria. Nestes momentos, rematando o prazo de presolicitudes o día 5, temos xa 46.140 solicitudes validadas, 46.140 solicitudes que seguramente e ao longo de todo o proceso poderán incrementarse, debido a que se permitirá que naqueles ciclos que non teñen aínda pechado o tope de alumnos cheo poderán seguirse matriculando alumnos, co cal imos chegar a unhas cifras que se van mover arredor esperemos que algo máis que o ano pasado, que, como xa dixen, fixa un número histórico de matriculados no ámbito da FP en Galicia, o 15 % dos alumnos da FP de España.

Detectamos tamén unha cuestión moi significativa e que nos parece moi importante. Hai unha crecente demanda dos graos superiores de FP, do que son os graos de ámbito superior, e tamén, por suposto, da oferta de FP dual. Isto quere dicir incluso que moitos alumnos que se matriculan na formación profesional proceden doutros ámbitos educativos, por suposto do bacharelato, pero incluso tamén do ámbito universitario; persoas graduadas no ámbito universitario que se achegan á FP como unha estratexia de empregabilidade individual e de aportar valor ás empresas.

Froito tamén deste incremento, temos que dar resposta ao mesmo e temos unha obrigación de que non debemos nin podemos nin queremos baixar a garda. De feito, a actual Xunta de Galicia, presidida por Alfonso Rueda, renova o compromiso e renovou o compromiso coa creación dunha unidade, dunha dirección xeral nova, especializada, para dar resposta aos grandes obxectivos, ás grandes metas e aos grandes retos que se fixan na estratexia de FP e que entendemos que son vitais a curto e a medio prazo para o país.

Tamén hai que lembrar que para o vindeiro curso volveremos ampliar a rede de centros integrados de FP, neste caso coa transformación en Vilagarcía do antigo IES Fermín Bouza Brey nun CIFP. Neste novo CIFP ofertaremos máis de catrocentas prazas, en oito familias profesionais, en sectores como a industria, o sector alimentario, o transporte, o deportivo ou tamén o sociosanitario.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E outro paso moi recente e que aínda está comezando a andar nestes días pero que entendemos vai ser moi significativo é o que ten que ver co recente acordo que tivo a Xunta de Galicia coa Deputación de Pontevedra para traspasar dende o nivel administrativo da Deputación de Pontevedra á Xunta de Galicia a coñecida como a Escola de Canteiros de Poio, obviamente cun obxectivo, co obxectivo de impulsar as ensinanzas de FP e facelo da man do sector. Por iso en breves datas dende a consellería comezaremos a avaliar, a analizar as instalacións e os posibles ciclos a implementar na coñecida como Escola de Canteiros de Poio.

Obviamente, todo isto farase unha vez que se consulte, se consensúe, se negocie cos sectores, co sector produtivo, aqueles ciclos ou aquelas demandas profesionais que necesitan formación especializada no ámbito da formación profesional, e que nos posibilite darlles unha garantía de emprego e de empregabilidade aos alumnos e unha garantía tamén ás empresas de poder contar con profesionais ben formados neste ámbito.

O noso obxectivo é potenciar os estudos da familia profesional das industrias extractivas, da construción tamén. E xuntarémonos cos axentes, coas empresas do sector para definir unha oferta educativa que dea resposta —como acabo de dicir— ás necesidades do mercado e ofreza oportunidades para os alumnos.

Tamén, señorías, o vindeiro curso imos ter unha novidade. Será o primeiro curso completo baixo a vixencia da nova lei orgánica de marzo, que foi aprobada neste caso polo Goberno de España, o 31 de marzo, a Lei 3/2022, do 31 de marzo. Obviamente, ata o momento temos un documento. O ministerio, o Goberno ten pendente e ten a obrigación de acordar coas comunidades autónomas o calendario de implantación desta nova lei e o desenvolvemento normativo da mesma. E agardemos que non pase como coa LOMLOE e que se faga unha implementación absolutamente caótica e absolutamente impositiva por parte do Goberno do Estado fronte ás autonomías.

Obviamente, Galicia é unha comunidade autónoma responsable e leal —sempre o foi e o seguirá sendo— na aplicación das normativas vixentes pero que tamén é crítica. Tamén é crítica cunha norma que — queirámolo ou non— basicamente xurdiu para corrixir un erro da LOMLOE, un erro dunha anterior lei orgánica aprobada a principios de ano que basicamente se refería aos profesores técnicos de FP, que quedaban nun limbo e se impulsou unha nova lei en certa medida para corrixir o desleixo do anterior marco normativo.

A verdade é que os grandes avances, os grandísimos avances, a auténtica revolución silenciosa que experimentou a formación profesional nos últimos anos se fixo ao amparo e en base a unha lei: a lei orgánica do ano 2002. E, non obstante, vemos con tristura —tamén hai que dicilo— que o actual marco regulatorio non aporta ningún cambio significativo na mellora da Lei orgánica de cualificacións e formación profesional, do ano 2002.

Fronte a aquela lei, na que houbo diálogo coas centrais sindicais, na que houbo diálogo cos sectores empresariais, na que houbo diálogo coas comunidades, nesta simplemente as comunidades autónomas asistimos practicamente como convidados de pedra a unha realidade e ao desenvolvemento dunha lei que moi pouco aporta e que, por encima, deixa sen resolver cuestións que entendemos significativas, por exemplo, a axilización en todo o que ten que

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ver coa actualización das competencias profesionais ou no que son as tramitacións dos novos ciclos de formación, que continúan a manterse no ministerio, sendo absolutamente complexos e, sobre todo, lentos.

Tampouco clarifica ou deseña a figura do profesor especialista ou o que nós demandamos dende Galicia, o deseño dunha nova figura de profesorado que poida ser semellante ao profesor asociado do mundo universitario e que teña que ver co profesor especialista, que posibilite que persoas do ámbito empresarial, do ámbito profesional, poidan, no sistema que sexa e teñamos que deseñar, formar parte das plantillas educativas no ámbito da formación profesional.

En todo caso, o ministerio intentou corrixir cunha nova lei un erro da LOMLOE; bebeu, absorbeu, aproveitouse das boas prácticas das comunidades autónomas que se puxeron en marcha en base á lexislación do ano 2002 do Partido Popular, pero non contou —e é un gran reproche— coas comunidades autónomas para poder planificar ou para poder deseñar este novo marco normativo.

Por suposto, imos cumprir coa lei, pero, ao igual que o estamos facendo coa LOMLOE, faremolo ao xeito galego, intentando que a aplicación desta nova lei altere o menos posible o bo ritmo que neste caso ten a FP en Galicia.

E seguimos reivindicando algunhas cuestións básicas. Por exemplo, que se deseñen por parte do ministerio as pasarelas para que os alumnos universitarios poidan validar os seus créditos dentro dos módulos de FP. Ou ao revés, se é posible, a universidade valida os ciclos de FP pero non ao revés. E iso é porque o ministerio non deseñou ou está sen deseñar a ponte que posibilita compaxinar ambos os ciclos.

E tamén pedimos —como xa dixen antes— que se clarifique, que se posibilite a figura do profesor especialista e que se resolva dun xeito claro o que a propia LOMLOE, o propio ministerio, o propio Goberno de España definía como profesores dun corpo a extinguir, que son os profesores técnicos de FP.

En definitiva, no que vai de lexislatura xa demos pasos significativos, moi significativos, para mellorar a formación e a cualificación profesional dos galegos e das galegas. Agora, e baixo a presidencia de Alfonso Rueda, queremos dar un novo paso, queremos dar un novo salto, e nós reafirmamos o compromiso do Goberno galego no reforzo e na posición de Galicia como comunidade autónoma de referencia na formación profesional e no avance destas ensinanzas dende unha perspectiva educativa e dende unha perspectiva laboral, e facéndoo pensando nas persoas, pensando nos estudantes, na formación individual destas persoas, para darlles oportunidades, pero tamén pensando nas empresas, que ao final son os destinatarios necesarios dos alumnos que se forman no ámbito da formación profesional e van integrarse nas plantillas dos diferentes sectores produtivos.

Daremos un novo impulso, desenvolveremos a Estratexia FP Galicia 2030, 900 millóns ata o ano 2024. E, sobre todo, daremos un impulso ás políticas públicas vinculadas á educación e á formación permanente, que posibilite ás persoas unha cualificación adecuada, axeitada,

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

para o seu pleno desenvolvemento e unha mellor inserción laboral, que contribúa tamén ao desenvolvemento económico, social, xeral de Galicia, que se logra e se confire grazas ao interese individual agregado no interese xeral.

Algúns dos novos desafíos que levaremos a cabo faranse dende a nova Dirección Xeral de Formación Profesional, adscrita a esta consellería.

A FP, como xa dixen, vai camiño de converterse, debe converterse nunha formación cada vez máis práctica, cada vez máis flexible, cada vez máis participativa coas empresas. E neste contexto as administracións temos que poñer o foco, e poñer o foco nunha coordinación das políticas educativas, laborais e sociais, no desenvolvemento de novas competencias para o profesorado e para o alumnado, no incremento da flexibilidade curricular e no coñecemento —tremendamente importante— das demandas laborais das empresas.

É básico priorizar o contacto e a implicación cos sectores produtivos, aproveitando neste caso sinerxías, porque todos perseguimos o mesmo obxectivo: ter persoas ben formadas que poidan empregarse, que poidan engadir competitividade ás empresas e que, en definitiva, xeren un círculo virtuoso que é bo para a persoa e é bo para a empresa e é bo, en definitiva, para Galicia.

A nova dirección xeral ten a responsabilidade de impulsar as políticas públicas vinculadas á educación e á formación permanente que permitan a todas as persoas unha cualificación adecuada para o seu pleno desenvolvemento e unha mellor inserción laboral, contribuíndo a un maior desenvolvemento económico e cohesión social.

Este novo órgano directivo da Xunta exercerá as competencias e funcións autonómicas en materia de formación profesional, incluída a súa ordenación educativa, así como da xestión dos programas educativos que se desenvolven nos centros que impartan FP.

Refórzase tamén a coordinación do departamento educativo con outras consellerías con competencias na materia, especialmente coa Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, xunto con outros departamentos sectoriais.

Señorías, o Goberno autonómico, a Xunta, afronta unha nova etapa que suporá dar pasos para avanzar na integración única do sistema de formación profesional de Galicia. Isto implicará actuar sobre as cualificacións profesionais ao longo da vida e sobre os estándares profesionais que precise o noso sector produtivo, o sector produtivo galego, ademais, por suposto, de promocionar a dixitalización, a innovación e a formación profesional e permanente dos galegos e das galegas.

Neste punto da comparecencia quixera tamén poñer en valor o Centro Galego de Innovación en Formación Profesional, o Centro Eduardo Barreiros, que se ubicará en Ourense e que abrirá as portas antes de que remate o ano. Este é sen dúbida un dos máis ambiciosos proxectos por suposto da provincia de Ourense, pero tamén dende a perspectiva educativa, porque aspira este centro a converterse na vangarda, na cabeza, no corazón —se se quere— da FP galega.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Este centro, que vai depender, depende da nova dirección xeral, está concibido como un centro de apoio á docencia en FP que vai estar encargado da investigación e da innovación aplicada e da transferencia dos resultados dos proxectos de I+D+i a todos os centros nos cales se imparte a FP en Galicia.

Levamos xa tempo traballando neste proxecto, man a man con algunha das empresas máis significativas do país, deseñando con eles estratexias de innovación que son necesarias para o futuro destas empresas pero, en xeral, para o futuro da economía en Galicia. E vai ser sen dúbida o símbolo do avance en innovación e especialización da FP en Galicia.

Este novo equipamento aspira a conectar aínda máis a empresa coa docencia, a actualizar permanente a formación do profesorado de FP en relación coa constante transformación tecnolóxica e, sobre todo, busca ser tamén un polo de investigación que en certa medida vai dirixir a evolución e a innovación de toda a formación profesional en Galicia.

Algunha das claves deste centro serán o impulso da relación cos centros que imparten FP coas empresas, tamén cos centros tecnolóxicos e tamén, por suposto, cos departamentos universitarios, tanto no eido da investigación como tamén no eido da transferencia.

Tamén procurará o avance en novos contornos que melloren os procesos de aprendizaxe, impulsando do mesmo xeito a internacionalización e o desenvolvemento e mellora continua da FP, ademais, por suposto, de fomentar a innovación e o emprendemento entre o alumnado.

Señorías, Galicia conta xa —e xa remato— cunha FP moderna e útil. Non obstante, dende o Goberno galego seguiremos a traballar, seguimos a traballar para lograr novos avances nunhas ensinanzas que representan unha grande oportunidade de progreso para as persoas que as cursan, pero tamén para o conxunto da sociedade e da economía galega. Un sistema de prestixio, prestixioso, que xera confianza nas empresas e nas familias, que dá oportunidades, que ofrece oportunidades aos alumnos pola elevada empregabilidade, que é útil para os alumnos, para as alumnas, para os estudantes, pero que tamén é tremendamente útil para os sectores produtivos, para as empresas. E todo isto o que nos plantexa é que é útil para Galicia.

En definitiva, temos feito moito, queda moito por facer, temos desenvolto unha auténtica revolución silenciosa, e os grandes principios reitores de prestixio, confianza, oportunidade e utilidade están e van estar moi presentes en todo o desenvolvemento da FP ata o remate da lexislatura.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora OTERO LAGO: Moi bo día, señor conselleiro.

Dende logo que nada nos gustaría máis que pechar este curso político —e nunca mellor dito, vimos de pechar o curso educativo— falando da radiografía a nivel educativo e da evolución que está a experimentar a formación profesional cun debate enriquecedor e construtivo e que nos puidésemos parabenizar deses datos, que os hai, que son incuestionables e positivos en canto á evolución —dicimos— da formación profesional na nosa comunidade.

Pero, evidentemente, para que fora construtivo e enriquecedor, tería que estar contextualizado, permitirnos reflexionar —e botámolo en falta— arredor tamén daqueles indicadores que continúan a non ser bos e sobre o que vostede, e tal e como estamos afeitas, non é que pase sequera por riba, senón que unha vez máis estamos aquí falando de formación profesional pero que son indicadores e datos que meten baixo a alfombra, e por desgraza unha vez máis vimos de comprobar que vén a este parlamento nunha comparecencia a fachendear, facer unicamente autobombo, algo de espazo, como sempre, para a confrontación do Goberno central, e, por desgraza, a falar unha vez máis desa gran revolución silenciosa que —permítame a brincadeira— despois de escoitar o expresidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, en roldas de prensa, a vostede mesmo, os responsables da consellería, xa está deixando de ser algo silenciosa. Teñen unha auténtica habilidade —que hai que recoñecer— poñendo títulos, facendo autobombo e publicidade, pero a realidade é outra.

E dicimos que non podemos falar da evolución da formación profesional como un éxito incuestionable se falamos de matriculacións, descontextualizando absolutamente cal é a realidade; un éxito incuestionable nun aumento das matriculacións, efectivamente, na nosa comunidade, a nivel estatal e tamén a nivel europeo, matriculacións que están aumentando de xeito exponencial, incuestionable —dicimos—, tanto en Europa como no Estado como na nosa comunidade especialmente, de xeito moi contundente nestes últimos cinco anos, grazas a moitos factores, entre outros a integración indiscutible máis rápida no mercado laboral ou a adecuación ás vocacións.

Hai estatísticas, ademais, nos últimos tempos, do propio Ministerio de Educación que amosan como o desemprego xuvenil diminúe de xeito moi considerable e porcentualmente en moitos puntos para todas aquelas tituladas e titulados en formación profesional.

Tamén temos datos dese estudo, dese observatorio actualizado e recoñecido como é o que fai o Observatorio da formación profesional de CaixaBank, que fala de que nos vindeiros anos o mercado laboral español necesitará cubrir dez millóns de postos de emprego, fundamentalmente de titulados e tituladas en formación profesional, e tamén nos di ese observatorio que aquí en Galicia serán 560.000 postos de traballo, e que practicamente—e aí tamén deberiamos falar arredor desas cifras— esa maioría, 520.000, serán ademais titulados e tituladas pero que terán que cubrir e substituír persoas xubiladas.

Aquí deberiamos falar neste debate, para que non estea descontextualizado, sexa rigoroso, dese problema que temos de crise demográfica ou tamén da fuga de mocidade altamente cualificada a territorios con maiores salarios e oportunidades laborais.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero cando vostede fala, efectivamente, señor conselleiro, de que aumenta a demanda de FP, aquí no conxunto, como dixemos, de todo o Estado, observamos como, pola contra —non di nada vostede—, que non vai acompañada dun aumento do número de docentes. Todo o contrario: vimos este ano de presumir dese aumento das matriculacións, das cifras de alumnos e de alumnas na formación profesional, e nós vimos de denunciar neste parlamento decisións como deixar de cubrir as baixas docentes inferiores a dez días, ou como non harmonizaron tampouco esas matriculacións con máis profesores e non nun curso que vimos de pechar no que se confirmou ese recorte de case novecentos profesionais.

Polo tanto, vén presumir sen contextualizar, sen dar todos os datos, abondaba con facer —como dicimos— unha das presentacións habituais de autobombo e publicidade. E estamos a recibir chamadas de moitos concellos, por exemplo, onte mesmo en Vilalba, onde denuncian e amosan a preocupación polo peche e a supresión do bacharelato en réxime de adultos, co que aforrarían, ademais, sete profesores e a planificación das distintas fusións. E nós insistimos tamén, como vimos facendo durante este ano, en apostar pola FP si, pero ¿a que custa?, non a custa de pechar recursos e ademais de pechar recursos que son necesarios tamén no rural.

Falaba vostede da Estratexia galega de FP 2030. Tivemos a oportunidade neste primeiro trimestre do ano —dicía vostede que debatera en comisión— de coñecela en distintas roldas de prensa. Neste parlamento fomos dos últimos en coñecer parte desa Estratexia galega de FP 2030 en comisión e de facer tamén máis tarde con vostede algunha apreciación neste pleno. E nós vimos insistir: botamos en falta coherencia política, porque por unha banda poñen en valor a aposta pola FP cando o Partido Popular é o único partido de todo o arco parlamentario a nivel estatal, o único partido que votou en contra —insistimos: de todo o arco parlamentario que hai no Congreso dos Deputados— da nova lei da FP, *(Aplausos.)* unha lei educativa aprobada co máis amplo consenso político, sen precedentes.

Polo tanto, por unha banda critican a aposta firme dun goberno que está a favorecer, a traballar con ese contexto antes mesmo da aprobación desta lei, que está a dedicar orzamentos sen precedentes a tal fin, e traen uns indicadores —como dicimos— que queren falar do éxito aquí da formación profesional e da evolución na nosa comunidade, obviando outros indicadores que si son chave nos que Galicia non sae tan ben parada na media nacional, como serían os datos de finalización —dos que vostede insiste en non falar—, de empregabilidade e temporalidade, e doutro dos aspectos máis preocupantes como é a matriculación das mulleres, e como estamos peor, e sae unha das fendas de xénero que existen no desenvolvemento da formación profesional a nivel estatal pero que estatisticamente nós estamos peor e que consideramos un asunto preocupante.

Falaba vostede dos cambios de estrutura na súa consellería, de traballar de xeito máis coordinado coa Consellería de Emprego e Igualdade, e obviaba falar de cal é a planificación que van facer para solucionar esta fenda de xénero, que está moi marcada e moi acentuada na formación profesional na nosa comunidade.

Por outra banda, nesa estratexia galega tamén nós denunciamos no seu día que a elaboraron absolutamente de costas non só a este parlamento e aos grupos políticos senón de costas ao

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sector educativo, que presentaron sen concretar recursos propios, subíndose —insistimos— ao carro do momento chave estratéxico e cos recursos aprobados a nivel nacional, que van mobilizar nos vindeiros anos, ata o 2025, máis de 7.000 millóns de euros, máis de 5.000 dentro desa lei de FP, aprobada —insistimos— con todo o consenso do arco parlamentario menos do Partido Popular. E tal e como teñen denunciado os sindicatos, comunidade educativa, elaboran e publican a Estratexia galega de FP nun momento absolutamente chave cunha falla absoluta de respecto polos órganos participativos e sinaladamente polo Consello Galego de FP, que obviaron na elaboración dese documento.

Levamos tempo, señor conselleiro, señor Rodríguez, poñendo o foco sobre a necesidade de que ante o reto que supón a FP dual elaborase unha diagnose e traballase nunha estratexia, nunha planificación a través dun plan galego ambicioso e axeitado ás necesidades e especificidades deste país; un plan que fora consensuado, debatido cos órganos educativos correspondentes, baseado tamén nun estudo real do contexto e das necesidades a partir dunha avaliación que teñen omitido, que non teñen feito.

A nova lei estatal de FP ten un punto absolutamente de inflexión que ratifica compromiso coa FP, ese papel de panca para o mercado laboral e o desenvolvemento económico. Pero —insistimos— consideramos tamén que Galicia precisa dese plan propio pero consensuado, planificado, e aproveitando este punto de inflexión a nivel estatal, eses recursos que se van mobilizar, máis de 7.700 millóns de euros ata o ano 2025, 5.500 millóns de euros a través da lei e 2.200 millóns de euros a través do plan de modernización da FP.

Mire, señor conselleiro, ¿cal é a planificación da que vostede vén sacar peito hoxe? Por exemplo, unha nova que lía esta fin de semana nun xornal local: na cidade de Vigo, as solicitudes para un ciclo de FP case duplican o número de prazas, case a metade das alumnas e dos alumnos non vai poder cursar a opción escollida. Esa é a planificación da que vostede vén aquí sacar peito.

Falaba vostede tamén da posibilidade de que todos aqueles ciclos que non cumpran matrícula manterán aberta a posibilidade de seguir matriculando. Pregunto que van facer cos que teñen, como neste caso, unha demanda moi superior á oferta. Gustaríanos tamén que nos achegue información.

Hai datos, evidentemente, positivos, claro que si, señor conselleiro, que non podemos desvencellar dun contexto, dunha tendencia, da evolución paralela no Estado en xeral e en toda Europa, pero hai outros específicos na nosa comunidade nos que cómpre poñerse a traballar.

E un aspecto fundamental —para rematar— é a cuestión do profesorado, o non incremento do profesorado, os problemas salariais, as horas lectivas... Atendan e escoiten esta reivindicación xusta, porque o éxito da formación profesional precisa de todas elas e de todos eles.

Pola nosa parte e polo de agora, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señor conselleiro.

Compartimos eu entendo que todas e todos os que aquí estamos a importancia deste debate que temos sobre a man. Mais a ninguén se nos escapa que o formato que aquí se nos presenta non se presta para debullar —digamos—, para debater con certo sentido algunhas das cuestións que aquí veu traer o señor conselleiro cunha extensísima comparecencia.

En todo caso, a min lembrábame daquilo da novela de Manuel Rivas d' *O lapis do carpinteiro*, de «o señor está co seu libro», aquilo de cando Benito Mallo recitaba a Espronceda. E lembrábamo xa non pola labazada que lle vén de dar o sector do libro esta mesma mañá, unha labazada sen precedentes dicindo que non se vai presentar *(Aplausos.)* o Consello Asesor do Libro o vindeiro día 15 porque a Xunta de Galiza non ofrece solucións aos problemas do sector do libro.

Pero lembrábame disto de que «o señor está co seu libro» por esta actitude de Benito Mallo, que, tratando de impresionar con grandilocuencia pois os seus convidados, pois todo o mundo se decataba de que o que aquí estaba a traer pois era simplemente fume. E dígolle, señor conselleiro, porque máis alá de como aquí se dixo, os datos, hai unha evolución absolutamente correlativa con todo o Estado, en toda Europa, eu creo que calquera que o escoite pois debe estar pensando que debaixo da súa intervención pois hai un documento sisudo, consensuado, harmonizado, traballado, xa non digo por sector, por grupos parlamentarios, e que loxicamente ao que nós podemos acceder e do que nós podemos tirar algunhas das conclusións para debatelas.

Pois a realidade, señor conselleiro, é que o que temos é isto. *(O señor Lourenzo Sobral mostra un documento.)* A Estratexia de formación profesional 2030 da que vostedes falan é unha ducia de powerpoints. E fíxese que vostede nesa revolución silenciosa que vostede viña traer ademais di que está perfectamente incardinado con outros documentos estratéxicos como é o Plan estratéxico do país. Imos ver, señor Rodríguez, se está, polo tanto, tamén incardinado.

Fíxese: nós analizamos o Plan estratéxico e vemos que nun aspecto central para o que debe ser o deseño dunha estratexia de formación profesional como debe ser —entendo que nisto concordamos— a relación coas empresas no sistema educativo, pois fíxese que no Plan estratéxico aparece isto como unha debilidade, a debilidade 2, na que se establece que hai unha escasa colaboración co sector empresarial para a formación profesional e a aprendizaxe.

Pois ben, eu creo que isto é un punto de partida que podemos compartir e a partir do cal sería esperable que a Estratexia da formación profesional no powerpoint o señor Rodríguez pois explicase como se van arbitrar medidas para paliar esta debilidade. Pero ¿que fai o conselleiro de Educación? *Voilà!*, esta debilidade desaparece e o que era unha debilidade no Plan estratéxico pasa a ser unha fortaleza na Estratexia galega de formación profesional, e

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

fálase dun aliñamento co sector empresarial ao redor de áreas con ampla demanda. Entón, señor Rodríguez, eu o que lle pregunto é: ¿méntennos vostedes no Plan estratéxico? ¿Méntennos vostedes na Estratexia galega de formación profesional? ¿Ou hai unha terceira vía, que é evidente?: que o que veu vostede facer aquí é unha absoluta tomadura de pelo, que non consensuaron absolutamente nada co sector educativo *(Aplausos.)* e que simplemente o que veñen demostrar é que nin sequera len e cotexan os documentos que vostedes mesmos elaboran?

Polo tanto, nós simplemente o que queremos traer aquí é, en función dos datos que se están traendo —á parte, son datos moitos deles recen saidiños do forno, señor Rodríguez—, datos do INE, datos tamén do Observatorio de Formación Profesional, que se veñen de actualizar hai escasas dúas semanas, que evidencian, máis alá dalgunhas valoracións que son correlativas a todo o Estado, en moitos casos a toda Europa, e que certamente pois son unha liña que se debe traballar, pero algunhas cuestións que a nós nos parecen tremendamente preocupantes.

Por exemplo, unha falta dunha oferta educativa no noso país pensada dende as necesidades reais deste país e dos nosos sectores produtivos; unha precarización da situación do profesorado, do estudantado e, ¡ollo!, tamén dos titulados en formación profesional, e tamén unha cuestión que a nós non nos parece menor en absoluto como é a falta de enfoque de xénero.

Permítame que vaiamos por partes, que empecemos pola falta desa oferta educativa. Porque nós cremos que adoece toda esta estratexia dunha confusión absolutamente permanente, señor conselleiro, entre o que é o sector empresarial e o que son os sectores produtivos. É dicir, a formación profesional, en calquera país, non debe estar ao servizo territorializado dalgunhas empresas que en ocasións veñen aquí simplemente aproveitar eses recursos e despois están a cotizar en Madrid, senón estar ao servizo dos sectores produtivos deste país, en sentido amplo, e que permitan que todo o potencial que temos para desenvolver vaia acompañado da formación que precisamos.

E dicimos isto porque vostede vén falar de desenvolvemento dos sectores produtivos pero despois o que nos atopamos é que, cando vostedes teñen que facer o desenvolvemento normativo, ¿que pasou cos currículos que mandaron do Estado, señor Rodríguez? ¿Cal foi a aportación que fixo a Xunta de Galiza nos currículos de formación profesional para adaptalos ás necesidades deste país? Vostedes o que fixeron foi un corta-pega dos currículos que mandaban de Madrid e traducírono —e sen sequera lle cambiar as faltas de ortografía—.

E, polo tanto, *(Aplausos.)* nós aquí o que temos que avaliar é que unha estratexia de formación profesional precisa dunha actualización, modernización, si, por suposto, do mapa de titulacións, mais tamén entendemos que hai sectores produtivos estratéxicos do noso país que teñen que ter un correlato nas titulacións que se ofertan.

E falan tamén na súa estratexia —e vostede tamén o dixo na súa intervención— da orientación. Claro, é que a nós, cando falamos da orientación, resúltanos tremendamente preocupante que vostede delegue a orientación da formación profesional nas empresas e que se diga literalmente. Eu non sei se o formato da orientación que vostedes propoñen é o que se

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mirou, por exemplo, na rama de Hostalaría e Turismo en Pontevedra, cando tiveron que sacar os alumnos das empresas asociadas porque os obrigaban a facer xornadas absolutamente leoninas.

E xa no que ten a ver co segundo dos puntos, claro, é que vir aquí coa grandilocuencia, co autobombo que lle é propio, señor Rodríguez, ben, non por esperable deixa de ser menos denunciable, pensamos nós. É que os datos falan por si sós. Nós temos o dato do curso anterior e non é un incremento do 70 %; cos datos da propia Xunta eu creo que é dun 64 % —corríxame, señor Rodríguez— o dato de incremento do alumnado. Pero é que se imos ver o dato do incremento do profesorado, señor Rodríguez, temos un 3 %; un 64 % máis de alumnado na formación profesional e, en cambio, un 3 % de incremento de profesorado.

Claro que con estes datos temos os datos que temos, por exemplo, a respecto da taxa de finalización. Fala do 73 % de acadar os titulados, claro, pero ¿que porcentaxe de alumnos acaba os estudos de formación profesional, señor Rodríguez, no tempo que está estipulado?, porque si incide na calidade do ensino. Dígollo eu: o 54,82 % remata estes estudos; por certo, por debaixo da media do Estado. E está moi ben que vostede veña aquí sacar peito daqueles datos sesgados que vostede trae como positivos, pero, claro, se despois mete aqueles que lle son negativos na gaveta pois comprenderá, señor Rodríguez, que non vai ser vostede ningún adaíl da credibilidade. Porque do que estamos a falar é de que un de cada dous alumnos matriculados na formación profesional en Galiza non rematan os seus estudos no tempo que está establecido. Pero é que hai datos que requiren unha resposta.

É que vostede falaba de prestixiar a formación profesional. Non podemos estar máis de acordo. Pero ¿é prestixio para a formación profesional neste país, señor Rodríguez, que só o 28 % dos titulados en graos de formación profesional superior estean axustados laboralmente á súa titulación? A taxa de axuste na formación profesional superior neste país dinos que oito de cada dez alumnos están traballando por debaixo da súa cualificación, alumnos titulados co ciclo superior de formación profesional. E vostedes disto non din nin chío. ¿Ese é o prestixio que vostedes pretenden implementar na formación profesional, señor conselleiro?

Pero é que o mesmo nos vén dicir da FP dual. E por suposto que coñece de sobra o noso posicionamento a respecto de que é un modelo que debe ir aparellado doutros moitos condicionamentos que explicamos en comisión e que non teriamos tempo aquí de abordar. Pero é que a porcentaxe de alumnado matriculado na FP dual neste país está por debaixo da media do Estado, e vostede vén aquí obviando estes datos.

Pero é que, ademais, o que estamos mirando é que se lles dá en moitas ocasións barra libre a determinadas empresas para este tipo de adscrición de alumnado —e créame que sei ben do que falo— e nestes últimos meses vimos de ver como algunhas empresas pretendían implementar bolsas que pagaban ao alumnado por debaixo da metade do salario mínimo interprofesional, que é o que se establece na lexislación.

E vén con datos de emprego e, claro, a nós resúltanos pois tamén tremendamente preocupante que dea datos sesgados; que podemos entendelo no seu papel de conselleiro, que vén

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aquí, ben, pois politicamente —descúlpeme a brincadeira— como un vendedor de crecepelo para tratar de facernos crer que isto é a arcadia feliz. Claro, o que pasa é que temos unhas taxas de temporalidade na formación profesional que, cando imos vendo, é do 26,3 %, por riba tamén, señor Rodríguez, da media do Estado. E disto tampouco di nin chío. E a taxa de afiliación á Seguridade Social, estamos a falar a catro anos, 68 % no Estado, 64 % no noso país.

Polo tanto, ¿que é o que nos están a dicir estes datos? Que dese pleno emprego que vostede pregoa na formación profesional, catro anos despois, de cada dez, catro na rúa, señor Rodríguez. *(Aplausos.)* E nós cremos que isto é algo que tamén se debe avaliar na formación profesional.

E remato cunha cuestión que para nós é fundamental, señor Rodríguez: a cuestión da falta de enfoque de xénero na formación profesional do noso país. Vostedes din así literalmente na Estratexia de formación profesional que hai a formación profesional para homes e para mulleres. Pero, claro, unha filmina despois o que nos van dicir é que hai un 42 % de mulleres fronte ao 58 % de homes. Eu ínstoo a que me diga: ¿que medidas se van adoptar para corrixir este desaxuste? ¿Hai algunha intervención na estratexia? Obviamente, non a hai.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOURENZO SOBRAL: Remato, presidente.

¿Anunciou aquí algunha medida a ese respecto? ¿Sabe o que nos tememos? Que, loxicamente, isto non está na axenda do Partido Popular. E cremos que, tristemente, a gran contribución do seu Goberno á igualdade na formación profesional é, efectivamente, poñer o Centro de Innovación para a Formación Profesional en mans de Baltar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo Sobral.

Grupo Parlamentario Popular, señor Rodeiro.

O señor RODEIRO TATO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, moi bos días.

En primeiro lugar —como non podía ser doutro xeito—, quero darlle a benvida ao conselleiro a esta cámara e agradecer tamén a súa comparecencia, e, por suposto, por facelo a petición propia ante o Pleno deste parlamento para explicar e debater sobre os avances da formación profesional en Galicia, e sobre todo pois para adiantar as principais liñas de traballo nas que se vai asentar a acción de goberno no marco da Estratexia da formación profesional de Galicia 2030; un asunto para este grupo de gran transcendencia que, como todos sabemos, é un dos grandes retos aos que se enfronta a formación profesional no marco do sistema educativo galego. De aí a importancia de que os tres grupos que compoñen esta cámara poida-

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mos ter información actualizada, como xa tivemos hai meses na Comisión 4ª coa comparecencia tamén do secretario xeral de Educación e Formación Profesional, porque deste xeito o que nos permite é coñecer de primeira man os avances na folla de ruta que está seguindo o seu departamento, señor conselleiro.

Polo tanto, o primeiro que me gustaría destacar e poñer en valor da súa intervención pois é esa actitude de man tendida que ten o Goberno galego para escoitar as propostas de mellora que poidan ter os grupos nesta cámara, e sobre todo esas propostas nas que vostede dalgún xeito tamén se somete hoxe aquí para que poidan as distintas forzas políticas facer esas aportacións.

Polo tanto, eu creo que é un debate interesante, é un debate necesario e é unha boa ocasión para aportar ideas e medidas novas que enriquezan a propia acción da Administración, xa que a Estratexia se trata dun documento vivo e dinámico.

Son moitas as iniciativas presentadas por este grupo parlamentario para impulsar a formación profesional. A instancias deste grupo parlamentario, incorporamos á Comisión de reactivación económica, social e cultural de Galicia un debate importante, que foi o debate sobre o futuro da formación profesional. O 18 de decembro de 2020 aprobamos unha iniciativa instando a Xunta de Galicia a que adoptara as medidas necesarias para ampliar a rede de centros integrados de formación profesional.

Un dos piares —como se dixo aquí— máis importantes para a formación profesional é o seu corpo de profesorado, e por este motivo tamén presentamos varias iniciativas para defender o profesorado dos ataques aos que se estaba vendo sometido pola Lei Celaá. Isto si que foi un ataque, señora Otero, e, cando vostedes falan dos recortes dos docentes, creo que, por moito que o digan, ninguén lles vai crer, porque Galicia conta e é a comunidade de España que máis docentes ten con respecto ao seu número de alumnos. E na cobertura de baixas —como vostede falaba de contextualizar no ámbito do sistema educativo— pois, efectivamente, houbo aquí un amplo debate onde se lles solicitou que propuxeran unha comunidade autónoma socialista que fixera a mellor cobertura de baixas, e ata o día de hoxe aínda non a dixeron.

Polo tanto, creo que este grupo parlamentario ten acreditado moitas iniciativas, pero sobre todo ese ataque ao profesorado técnico de FP, porque o deixaban a extinguir simplemente cunha lei e anulando deste xeito a súa carreira profesional. E para solucionar este atropelo ao profesorado técnico provocado pola Lei Celaá pois, efectivamente, foi preciso aprobar unha nova Lei de formación profesional, que vostede nos vén acusar aquí de que non a apoiamos. Pois non a apoiamos porque non nos parece o suficientemente ambiciosa para poder ser apoiada.

Polo tanto, non sei que pasaría se isto lle pasase ao Grupo Popular, é dicir, que polo fallo e o erro nunha lei —na Lei Celaá—, que deixa nunha situación lamentable o profesorado técnico de FP, hai que aprobar outra lei —que é a de formación profesional— para corrixir eses erros desa lei. E ante isto pois tamén ao grupo nacionalista tampouco lle escoitamos protestar ferventemente, como fai moitas veces aquí contra a Xunta.

Polo tanto, miren, señorías, esta modificación da LOMLOE a través da Lei de FP o que vén poñer de manifesto é a traxectoria do ministerio nos últimos anos, que está actuando dun

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xeito unilateral, que está desconsiderando as aportacións das administracións que teñen que xestionar a formación profesional, que están derrogando a mellor lei de formación profesional que tivo este país, aprobada no 2002, que permitiu transformar e poñer en valor a formación profesional nos últimos vinte anos.

Polo tanto, temos, efectivamente, unha nova lei de FP que segue a liña da Lei Celaá, onde os que teñen que aplicala, que son as comunidades autónomas —como dixemos xa nalgunha ocasión—, pois se enteraron do seu anteproxecto polas filtracións a un determinado medio de comunicación. Pois, efectivamente, se isto é —como dicían vostedes— ter participación ou contar coa participación do tecido, das administracións, etc., pois a verdade é que deixa moito que desexar.

Polo tanto, unha lei que para este grupo non aborda os asuntos máis importantes da formación profesional, máis que uns cantos cambios de nomes, señorías. E, efectivamente, pois aí damos a benvida —como dicía o conselleiro— a recoller as boas prácticas que teñen en marcha as mellores comunidades autónomas de España en canto á formación profesional.

Este grupo seguiu presentando iniciativas e presentamos varias sobre o novo Centro Galego de Innovación da Formación Profesional en Ourense, e interesámonos tamén pola situación da FP en Galicia. E, efectivamente, pois hoxe é o momento do debate e de facer propostas, un debate no que, efectivamente, por agora nesta primeira intervención, poucas propostas puidemos escoitar dos grupos da oposición. Esperemos que na segunda parte sexan pois máis proactivos, porque a verdade é que todo o que escoitamos foron iniciativas para, dalgún xeito, non valorar o traballo feito. E hai moito traballo feito en Galicia e nalgunha comunidade autónoma de España, que fixeron un labor moi importante por prestixiar e por fortalecer a formación profesional.

Porque dalgunha maneira vostedes o que pretenden cos datos que aportan é tratar de que nos olvidemos e de meter no caixón os últimos anos de traballo da comunidade educativa, que está composta por miles de profesores que deixan a pel día a día para ofrecer aos seus alumnos a mellor formación profesional e tamén as mellores saídas profesionais.

Falan vostedes de que na intervención do conselleiro se fala de autobombo e que se vende pois parece que como un vendedor de crecepelo, señor Lourenzo. ¿A vostede parécelle razoable que durante esa época gloriosa onde gobernaron vostedes se perdían 3.000 alumnos na formación profesional? Vostedes perderon 3.000 alumnos na formación profesional no Bipartito, señorías, e a partir do ano 2009 fóronse incrementando, para situarnos —como dicía o conselleiro— en case 60.000 alumnos, que representa na actualidade case un 70 % do incremento.

Pero é que vostedes se esquecen tamén de que, grazas ás accións da Xunta, a porcentaxe de inserción laboral dos ciclos formativos pasou na súa época de algo máis do 30 % ao 85 % na actualidade.

E vostedes din que vimos aquí falar de autobombo. Vimos aquí, señorías, falar de realidades, vimos aquí trasladar os datos que nos aportan a Xunta de Galicia e tamén o propio Estado.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Son datos sobre os que, efectivamente, ¿hai cousas que facer? Por suposto que si, pero son datos que acreditan que hai un traballo feito.

E vostedes esquécense tamén das súas aportacións á formación profesional neste parlamento, porque rechazaron en múltiples ocasións iniciativas de impulso da formación profesional, da FP básica ou da ampliación dos centros integrados de formación profesional, que foron claves para desenvolver a nosa comunidade. E hoxe Galicia, mal que lles pese, é un espello no marco do Estado en canto á formación profesional. Pero tamén se esquecen vostedes —e, sobre todo, os socialistas— de que á fronte do Consorcio da Zona Franca, en conivencia co alcalde Vigo, tiraron ao lixo ese acordo firme de poñer en marcha ese campus de FP en Galicia na cidade olívica, que, efectivamente, rechazaron porque proviña da Xunta de Galicia e era desde logo un gran proxecto; era un proxecto de doce millóns de euros que hoxe está situado en Ourense e que tampouco lles parece moi ben, polo que acabo de escoitar ao señor Lourenzo. Pois mire, señor Lourenzo, vai ser unha realidade e vai ser un centro de innovación e de emprendemento, e un elemento moi importante de conexión coas empresas, e, efectivamente, grazas á colaboración da Deputación Provincial de Ourense.

Polo tanto, podemos resumilo nunha soa palabra: as aportacións dos grupos desta cámara, da oposición nesta cámara, á formación profesional foi unha historia de atrancos, atrancos, señorías. Espero que hoxe na segunda intervención poidan facer algunhas propostas máis interesantes das que fixeron, que foron unha serie de críticas e de non recoñecer o traballo feito.

Polo tanto, creo que, efectivamente, hai moito que facer. Nós pelexamos porque haxa unha boa formación profesional. A Xunta de Galicia leva investido, desde o ano 2009, 3.200 millóns de euros para poñer en marcha e desenvolver a formación profesional, e vén de anunciar o conselleiro ese compromiso tamén de 900 millóns de euros ata o ano 2024 a través desta estratexia. Polo tanto, hoxe a formación profesional en Galicia asóciase a prestixio e a confianza. E iso creo que é o máis importante e é, desde logo, no que se ten que converter no futuro tamén a formación profesional.

En definitiva, conselleiro, este grupo quere felicitar esa aposta decidida da Xunta de Galicia pola formación profesional e que se siga nesta senda que tan bos resultados está dando para as empresas, para os galegos e, en definitiva, para o futuro da nosa terra.

Máis nada, presidente, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodeiro.

Réplica, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, a verdade é que, antes de entrar a responder a algunha das cuestións plantexadas polos grupos da oposición, eu quería volver repetir e consolidar a mensaxe, fóra de calquera

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikiI-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

triunfalismo, de que a formación profesional é unha modalidade educativa exitosa —agradezo as palabras da portavoz do Partido Socialista neste sentido—, que dá oportunidades aos alumnos, que é o froito e o resultado do traballo de moitísimos centros educativos e dos profesores e que ten unha conexión coas empresas crecente, cada vez máis importante. E existe unha dinámica evolutiva das principais variables que serven para calibrar ou medir a dinámica e os resultados deste modelo educativo, deste sistema, que son moi positivos. E seguir reafirmando que se ten feito moito, pero que tamén queda moito por facer. Non temos a soberbia curtopracista de pensar que o mundo comeza ou acaba con nós.

Si podemos comparar e si nos comparamos, en pé de igualdade con outras comunidades autónomas de diferentes partidos políticos, e vemos o que fixemos, o que sabemos facer ben e o que sabemos facer mal e imos ter que corrixir, mellorar e avanzar. Pero do que non cabe dúbida, e só se pode negar dende os ollos pechados ou dende unha visión absolutamente infantil —se se quere—, é de que a formación profesional nos últimos anos deu un avance substancial.

Só na oferta deste ano comparativamente coa oferta do ano pasado temos un cambio substancial. Os datos están encima da mesa: hai un 25 % máis de prazas de FP dual, un 21 % máis de proxectos de FP dual; un incremento de prazas en máster dun 26 %, en ordinario presencial dun 23 %; hai cinco módulos máis para adultos a nivel presencial, hai un 11 % máis de FP a distancia, nove másters máis que no curso pasado e cento vinte proxectos de formación profesional.

E, obviamente, vai haber o profesorado que teña que haber para dar cobertura a este incremento da oferta, que parece que, máis que unha política pública, non se mira para que serve, senón que se usa para ter os resultados, xa que o que importa son os resultados. E creo que aquí hai un grande avance na oferta e en recursos, un compromiso no ámbito dos recursos completamente indiscutible e que se mide. E o que é medible non é opinable, e creo que os datos están aí, e temos que seguir facendo cousas.

Poñemos en marcha unha nova organización interna. Imos executar a estratexia de FP Galicia 2030 e, por suposto, imos deseñar novas accións, novas políticas e novos proxectos que van vencellar cada vez máis o mundo educativo co mundo laboral, co mundo empresarial, co mundo dos sectores produtivos, porque entendemos que é bo e que é necesario para o conxunto do país.

Tamén avanzamos nunha nova etapa; témola por diante e ímolo facer. Esta nova etapa vai supor unha integración do sistema de formación profesional de Galicia. Imos actuar sobre as cualificacións profesionais ao longo da vida e sobre os estándares profesionais que se adican ou que necesitan os sectores produtivos. E, por suposto, todo isto cunha liña de modernización, promoción, dixitalización e innovación, e facelo dun xeito permanente.

E imos deseñar e establecer novos instrumentos de planificación e xestión no ámbito da formación profesional, para que teñamos unha coherencia e unha interrelación entre a oferta formativa e as necesidades dos territorios a nivel laboral e a nivel empresarial. Temos que vencellar aínda máis a formación profesional, a oferta de formación profesional, coa im-

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

plantación territorial ou sectorial, ou de especialización e da demanda das empresas. E temos que desenvolver —e así o imos facer— de xeito gradual o que denominamos «plans territoriais de FP», que teñen un alto impacto no territorio, nos concellos e nos axentes sociais, por suposto, e consensualo cos axentes sociais, empresariais e cos concellos, para poder deseñar unha oferta formativa adecuada ás necesidades dos sectores produtivos e empresariais de cada un dos territorios de Galicia ou das áreas nas cales poidamos establecer ámbitos territoriais dentro de Galicia. E tamén plans especiais de FP para dar resposta a grandes apostas estratéxicas de empresas que necesiten incrementar as súas plantillas ou que queiran ubicarse en Galicia para xerar postos de traballo e para xerar melloras.

En definitiva, perseguimos que os procesos formativos estean tremendamente incardinados coas dinámicas, coas necesidades, cos sectores produtivos do territorio, e que todo isto posibilite xerar dinámicas socioeconómicas positivas e axudar a fixar poboación.

Dito isto, obviamente hai cuestións en que eu non me podo negar a replicarlles, neste caso, ás portavoces da oposición.

Comezando pola portavoz do Partido Socialista —non a vía, perdón—, quixera dicirlle que agradezo o seu ton na súa intervención. É certo que neste parlamento se ten escoitado, referíndonos á formación profesional, o termo «revolución silenciosa» en moitísimas ocasións. Eu diría que levamos falando deste concepto unha década aproximadamente e doulle a benvida ao Partido Socialista á formación profesional. Porque —como ben recordou o portavoz do Partido Popular— eu vin aquí en directo —iso non mo contaron— como o Partido Socialista votou en contra da Rede de Centros Integrados de Formación Profesional, da FP dual e de moitísimos aspectos que hoxe vemos vitais e básicos para entender o porqué do dinamismo nos últimos tempos da formación profesional. E os datos están claros. A propia portavoz do Partido Socialista recordounos. Son datos básicos. Por resumir: empregabilidade, incremento de alumnos e taxa de finalización do 75 %, moi por riba da media española.

Poñer encima da mesa e dicir os bos resultados que ten acadado nos últimos tempos a formación profesional non é publicidade, non é autobombo —como vostedes o interpretan—, é simplemente un recoñecemento ao traballo feito. E ese traballo fíxoo un ecosistema onde hai profesores, directores, centros educativos e familias, que ven positivo que os seus fillos estuden FP, ou persoas xa en idade máis adulta que queren estudar FP para mellorar a súa empregabilidade.

E, por suposto, a Administración algo faría e faríao en positivo, porque —concordarán comigo—, se as cousas non fosen ben, botaríanlle a culpa á Xunta; se as cousas van mal, é todo culpa da Xunta, e se as cousas van ben, é pese á Xunta. Ese é un discurso moi habitual por parte da oposición. Pero si é certo —e eu tamén o tiña máis ou menos previsto— que o Partido Socialista ía ir por esta liña. Dá a sensación de que a FP se inventou hai uns meses e que se inventou por parte do Partido Socialista, cando se aprobou unha lei de escaso valor —creo que xa describín a súa situación no anterior apartado— e fálase de que os fondos son do Estado como se foran do Partido Socialista. Eu non sei quen paga aos profesores de FP, quen leva pagando aos profesores de FP durante os últimos anos en Galicia e en todas as comunidades autónomas. Eu non sei quen mantén os centros, quen paga a corrente ou quen equipa os centros educativos de FP en Galicia e en todas as comunidades autónomas.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Intentar sumarse a un proxecto gañador positivo como é a FP simplemente poñendo encima da mesa unha lei bastante débil e frouxa, en certa medida, dicindo que hai fondos europeos, que se canalizan ás comunidades autónomas, pois benvido sexa, pero obviamente deberían utilizar argumentos un pouquiño máis sólidos.

E respecto á demanda e á oferta, efectivamente, é certo que algúns ciclos, igual que pasa na Universidade con algúns graos —pensemos en Medicina—, teñen máis demanda que oferta, pero iso non se pode percibir como negativo; hai que percibilo como un éxito na oferta e como unha demanda no mercado de traballo e como unha capacidade de fornecer profesionais a ese mercado de traballo. E é un síntoma tremendamente positivo que haxa demanda de certos ciclos. A min iso non me preocupa. A min preocúpame cando hai ciclos que non se cobren. Cando, por exemplo, no mercado laboral se demandan unhas profesións, hai oferta desa profesión e os alumnos non se matriculan —pensemos en moitos ciclos da construción—. Iso é o que realmente é máis preocupante: que queden prazas sen cubrir ou que queden algúns ámbitos profesionais, onde dá a sensación —e pode ser— que o currículo, o deseño formativo non é atractivo ou se entende que a profesión non se debe aprender ou non se pode aprender nun centro educativo. Agora, que exista demanda sobre un ciclo, igual que pasa no ámbito universitario, non o podemos ver en negativo.

Respecto ás cuestións plantexadas polo Bloque Nacionalista Galego, a verdade é que ten —non vou dicir sa ou insá— unha certa habilidade para dicir unha cousa e a contraria. Porque —e non deixa de ser curioso—, por unha parte, di que vimos traer fume, pero, por outra parte, di que vimos traer moitos datos. A ver, ou traemos unha cousa ou a contraria. Certamente, tamén é moi entrañable que a través das análises DAFO veña a concluír que non hai conexión co mundo empresarial. Eu non sei se dez mil empresas vinculadas coa formación en centros de traballo, coa FCT, é un dato malo. A min paréceme que é un dato fantástico: dez mil empresas vencelladas coa FCT ou máis de oitocentas empresas vencelladas coa FP dual. E xa dei os datos: as máis senlleiras do país, algunhas das máis importantes do país, e algunhas microempresas. Eu creo que iso é tremendamente importante.

Pero, máis alá destas brincadeiras demagóxicas que se nos plantexan, a min o que me acaba de preocupar é o plantexamento que fixo o portavoz do BNG, cando di que unha empresa ubicada en Galicia pode non formar parte dos sectores produtivos de Galicia. É francamente curioso. E tamén é francamente curioso que nos diga que a FP non responde ás necesidades dos sistemas produtivos de Galicia. En certa medida, díxoo no seu discurso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*: «unha empresa ubicada en Galicia ou que estamos ao servizo das empresas que se ubican en Galicia». Isto díxoo vostede, non o estou inventando; á parte, apunteino.

Eu non sei se para o BNG unha empresa como a anteriormente chamada Citroën e hoxe chamada Stellantis non forma parte dos sectores produtivos de Galicia ou unha empresa que vén ubicarse a Galicia atraída por criterios de localización empresarial determinados non deben ser considerados sectores produtivos de Galicia.

Isto si que sería preocupante, iso é tremendamente preocupante. Igual que é preocupante cando di que os alumnos non dan servizo aos sectores produtivos. ¿Onde se empregan os

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

alumnos que fan FP? Empregaranse —non sei— en Macondo ou na illa de Ellis. *(Murmurios.)* Non, non, apunteino, señor portavoz. É tremendamente complexo que diga vostede que unha empresa ubicada en Galicia ou que se quere ubicar en Galicia pois non ten nada que ver cos nosos sectores produtivos.

En definitiva, tamén a súa comparativa da FP dual, se se me permite, non ten moito xeito. Claro que en Galicia se fai unha FP dual real, unha implicación real, financeira e formativa das empresas. En moitas comunidades autónomas, non. Iso non o pode comparar, porque é como se vostede me compara xoubas con merluzas, non pode ser, é un argumento que cae polo seu propio peso, non lle vou prestar nin un segundo máis.

En todo caso, eu o que lles diría neste caso aos portavoces de educación é que debemos ter, neste caso, como en moitos outros, unha visión de país, e sen dúbida a formación profesional dá unha visión de país. E hai que recoñecer, non a este goberno nin moito menos, pero hai que recoñecer aos profesores, aos alumnos, ás empresas, ás familias que teñen dado un salto cualitativo e cuantitativo tremendamente significativo no mundo da formación profesional, e non desprestixiar, non desincentivar, usando datos que son do ámbito laboral, que non son do ámbito educativo, esta modalidade educativa, que, se algo fai, é dar oportunidades e, se algo fai, é dar posibilidades de emprego a aqueles mozos e aquelas mozas que cursan formación profesional.

En definitiva, estamos ante un proxecto absolutamente de país, un proxecto de goberno e un proxecto que non só é de presente, que o é, senón que quere ser e ten a esperanza de ser pois un proxecto de futuro para Galicia, un proxecto de futuro para os miles de estudantes que estudan formación profesional, que se forman no ámbito da formación profesional, e sobre todo tamén para as empresas que necesitan recursos humanos ben formados para poder desenvolver con normalidade e sempre intentando mellorar os seus procesos produtivos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A **señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, conselleiro.

Abrimos roldas de aclaracións dos grupos parlamentarios.

Ten agora a palabra, por cinco minutos, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona Noelia Otero.

A señora OTERO LAGO: Ben, señor conselleiro, para rematar, sen dúbida o consenso é esa materia pendente que unha vez máis deixaron para setembro, a ver se daquela vai.

A verdade é que —insistimos— non é absolutamente de recibo vir a este parlamento a sacar peito da formación profesional obviando aspectos que son absolutamente chave e nos que vostede insiste en non se pronunciar e que precisan dunha planificación e dunha folla de ruta que non atopamos nesa Estratexia 2030, que debe formar parte desa revolución silenciosa que tanto din, porque é tan silenciosa que non se pronuncian arredor de aspectos e de indicadores que son absolutamente importantes e algúns preocupantes.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

É matemática básica. Preguntamos se temos incrementado a matriculación e o éxito da formación profesional por riba do 60 %. ¿Acompasaron, van acompasar esa matriculación e ese aumento coa plantilla docente? Non. Están facendo absolutamente todo o contrario: 54 % da taxa de finalización, un indicador absolutamente importante.

¿Que van facer? ¿Cal é a folla de ruta? ¿Que di esa Estratexia galega de formación profesional 2030? ¿Que di arredor tamén deses datos? Que estamos por baixo da media estatal en canto a temporalidade e a precariedade que padecen as tituladas e os titulados de Galicia. ¿Que di esa Estratexia da Xunta de Galicia 2030? Insistimos: volvemos poñer o foco na desigualdade, que tamén estamos por baixo da medida estatal. Combatela ten que formar parte das políticas a nivel indiscutiblemente de xeito transversal e a formación profesional estamos todos coincidindo en que é a panca do mercado laboral e formativo do futuro. É fundamental a promoción das mozas e dos mozos cara ás disciplinas tecnolóxicas, que ten que ser unha das liñas de traballo, que é unha materia absolutamente tamén pendente nesta consellería.

Non se pode encher a boca falando de capacitación para o mercado laboral, de aumentar as matriculacións e esquecer esa fenda de xénero que afecta a FP e sinaladamente de xeito máis importante se falamos de media aquí nesta comunidade. A permanencia dos estereotipos de xénero vai derivar fundamentalmente, pois si, en éxito da formación profesional no seu desenvolvemento en canto a números pero tamén aumentando esa fenda salarial, esa fenda tamén para as mulleres e con menores posibilidades laborais.

Insistimos: figuran sós no Partido Popular, afastados dun consenso co que naceu a lei de FP, unha lei educativa que é a lei na historia da aprobación dunha lei educativa que saíu aprobada co maior éxito político, cun maior consenso. Fican vostedes sós en situarse en contra desa lei que vai marcar —como dicimos— un punto de inflexión non só en canto aos recursos económicos; insistimos: máis de 7.700 millóns de euros ata o ano 2025. Por certo, a nosa comunidade —que tamén o obvia vostede—, antes da aprobación desa lei de FP, só para formación profesional, o ano pasado recibiu máis de 84 millóns de euros, e se sumamos os proxectos desenvolvidos polos institutos estamos a falar de máis de 87 millóns de euros o pasado ano en formación profesional.

Dende logo, falamos de feitos e non de demagoxia, demagoxia que fan vostedes na consellería no Partido Popular, dun avance absolutamente capital e así recoñecido na FP dual, como é o anuncio da ministra Pilar Alegría de que a partir do vindeiro curso as prácticas dos alumnos e das alumnas de FP dual terán que cotizar á Seguridade Social e terán que ser bonificadas ao 90 %.

E non podemos tolerar de ningún xeito que veñan falar de caos, porque decisións como as tomadas unilateralmente pola consellería de trasladar probas de recuperación, os exames de setembro, a xuño, conselleiro, sabe vostede que, pese ao que advertiron os sindicatos, como por exemplo a UXT, xerou un auténtico caos, sen ningún beneficio nin para as alumnas nin para os alumnos, que tiñan que preparar nun tempo escaso esa recuperación, nin para o profesorado; por certo, no caso do profesorado da formación profesional cunha carga burocrática, tal e como están a denunciar, absolutamente inxustificable e intolerable.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E dicía o señor Rodeiro que fagamos achegas a oposición. Mire, señor Rodeiro, a lei de FP a nivel estatal está aprobada non só con ese consenso político do que falamos, senón tamén coas achegas do sector empresarial, comunidades autónomas, sindicatos, informes favorables do Consello Escolar, do CES, do Consello Xeral de FP, das conferencias sectoriais. Pregunto, para rematar: esa Estratexia galega de FP 2030 ¿con que consenso, que respaldo recibiu?; nin sequera do Consello Galego da Formación Profesional.

E, por último, porque non temos tempo para contestar pero hai un aspecto importante para ser un pouco rigoroso, señor Rodeiro. Falaba vostede do Consorcio da Zona Franca de Vigo. Quero lembrar que non ten a formación profesional como obxecto social. Pódese vender fume, como fixo a anterior delegada, e non iniciar e non mover un só papel e facer mover un expediente. Pero sexamos un pouco serios e rigorosos. De todos os xeitos, xa lle puxeron en bandexa que están vostedes moi contentos ao señor Baltar, ao levar o centro de FP a Ourense; el presume de que o vai controlar e de que mesmo elixiu o nome. Un exemplo, sen dúbida, o señor Baltar, a Deputación de Ourense...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Otero.

A señora OTERO LAGO: ...de democracia e transparencia política, si señor. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda agora por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de don Manuel Antonio Lourenzo Sobral, por cinco minutos tamén.

O señor LOURENZO SOBRAL: Grazas, presidenta.

Eu, señor conselleiro, non sei, máis alá de que a cuestión da escoita activa non a leva vostede moi ben, entendo que vostede ten que vir aquí trasladar o seu marco; o que aquí digamos pouco importa, pero é que quen di, señor conselleiro, que non hai correlación e que non hai unha colaboración exhausta entre as empresas e a Administración educativa á hora de elaborar a programación da formación profesional non son eu. É que vostede enfádase comigo e vén aquí e dime: claro, é que o deputado este do Bloque di que non hai que... Non, non, é que quen o di é o Plan estratéxico que vén de presentar a Xunta de Galiza. *(Aplausos.)* É que, de verdade, se vostedes non coñecen e non len sequera a documentación que vostedes presentan, señor conselleiro, é que eu creo que temos un problema.

Fálanos da presenza de empresas, que se queremos que existan empresas aquí. Por suposto, empresas aquí, todas, e se ademais lles exiximos que coticen aquí xa que están empregando os nosos recursos, pois moito mellor, señor conselleiro. Porque do que estamos a falar é de que hai que establecer unha diferenza, que nós cremos que é sensata, entre o que son as empresas e os sectores produtivos. ¿É ou non é lexítimo que haxa unha potenciación de sectores como o agrogandeiro, como o sector marítimo, á hora de desenvolver toda a produtividade que temos a partir das titulacións de formación profesional?

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E claro, é que, máis alá do autobombo e destas cuestións, eu creo que o que xa non é tolerábel, señor Rodríguez, é que vostede veña aquí abertamente a mentir. É que vostede mente. Fíxese: taxa de finalización de formación profesional, acaba de dicir vostede: é un dato moito mellor que o da media do Estado. Mire, dato do 24-6-2022: taxa de finalización, a porcentaxe da media do Estado é do 60,85 % da formación profesional e a media galega é do 54,82 %; e a min ensináronme no ensino público que 54,82 era menos que 60,85. *(Aplausos.)* Entón, non sei de onde saca ese dato. Insisto: Observatorio da Formación Profesional, non é o BNG.

E claro, despois fálanos de que se os datos que traemos desde o BNG da evolución do profesorado, de que exiximos profesorado. ¡Home!, pois obviamente si, pero é que novamente o dato que aquí trasladamos, e que vostede non lembra exactamente a terminoloxía que dixo, que diciamos dunha maneira laxa, é que, señor conselleiro, eu non sei se vostede, ademais de que xa se constata que non coñece o Plan estratéxico que presentou o señor Rueda, é que ademais igual tampouco coñece o que se establece no informe de datos da Consellería de Educación. Porque eses datos de profesorado, do incremento de profesorado e de incremento do alumnado, son datos da súa propia consellería, que están, branco sobre negro, no informe de datos estatísticos que veñen de presentar.

Polo tanto, *(Aplausos.)* créame que, xa que vén aquí traer ese tipo de datos, polo menos, aváleos, xa non digo en documentación pois que poidamos compartir ou non, pero cando xa ata vostede pon en dúbida os datos da súa propia consellería, eu creo que denotan unha falta de rigor que, cando menos, señor conselleiro, dende o aprecio que sabe que lle teño, créame que debería vostede revisar.

Profesorado técnico de formación profesional. Coincidimos e estamos absolutamente certos de que é un problema serio, un problema creado —e non temos tampouco ningún reparo en dicilo— por parte do Goberno do Estado, pero foi un problema que o Partido Popular era moito de bater no peito e de exixir que se buscasen solucións no Goberno do Estado, pero é que o Partido Popular votou en contra de que se implementasen solucións neste parlamento, porque de exixirlles a outros si, pero á hora de establecer un complemento salarial para que o profesorado puidese competir tal cal se fai noutras comunidades, como por exemplo o País Vasco, para iso, nanay. *(Aplausos.)* Botar balóns fóra, si; adoptar solucións propias, xa non.

E incidimos e insistimos tamén en cuestións como a internacionalización, pois entendemos que é outro dos grandes eixos que hai que abordar, que son programas internacionais na formación profesional, pero claro, señor conselleiro, é que tamén nestes datos estamos por debaixo a respecto dos programas Erasmus da formación profesional da media do Estado. Eu só agardo que, cando se apliquen eses programas, se pode ser, se fixesen cun pouquiño máis de seriedade e de rigor que o que veñen de facer coas estadías no estranxeiro por un lado de bacharelato, que veñen de deixar cincocentos alumnos na estacada *(Aplausos.)*, sen lles dar unha solución nunha das situacións máis vergoñentas que se recorda desta consellería para co alumnado.

E remato, con propostas, señor conselleiro, señor Rodeiro, propostas que polo propio formato do debate pois obviamente non teremos posibilidade de trasladalas en toda a súa dimensión, pero con toda claridade, porque non son novas e son coñecidas: ampliación e

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

diversificación da oferta pública de sectores da formación profesional asociados a sectores estratéxicos, Lei galega de formación profesional para que ninguén nos teña que vir desde fóra dicir cal é o modelo produtivo-educativo que queremos neste país, creación de consellos comarcais de formación profesional, mapa de titulacións...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Lourenzo.

O señor LOURENZO SOBRAL: ...vinculado a sectores económicos chave e potenciar a orientación laboral, por exemplo dotando os IES nos que se imparte formación profesional de orientadores laborais. Porque vostedes enchen as diapositivas de orientación e orientación pero, á hora de poñer os cartiños para que os IES teñan orientadores laborais, din que nanay. E iso, señor conselleiro...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Lourenzo.

O señor LOURENZO SOBRAL: ...o papel aguántao todo, mais tristemente a realidade da formación profesional e dos centros de ensino é a que é e xa non enganan a ninguén.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Ten a palabra don Ovidio Rodeiro.

O señor RODEIRO TATO: Moitas grazas, señora presidenta.

Botei en falta, señor Lourenzo, que explicara un pouco máis as súas propostas, porque deixou para o final, fixo aí unha retahíla así no final pero explicounas moi pouco, debía ser que non debe confiar moito nelas, pero ben.

En todo caso, creo que deste debate, unha vez escoitadas as intervencións de todos os grupos, polo menos este grupo quere recoñecer o esforzo feito pola consellería, o esforzo feito polo profesorado, o esforzo feito por toda a comunidade da formación profesional. E sobre todo tamén aquí coñecemos unha serie de datos que nos permiten valorar tamén cal foi a traxectoria de cadaquén ao longo dos últimos anos. Tamén nos permiten coñecer cal foi a herdanza recibida hai catorce anos do Bipartito. E tamén nos permitiu coñecer e debater sobre todo o que pasou co profesorado técnico de FP.

Señor Lourenzo, eu non lle podo aceptar máis que veña tomarlles o pelo vostede aos profesores técnicos da FP. Porque vostede trouxo efectivamente a esta cámara unha proposta, unha PNL, onde vai en contra do que dispón a propia Lei Celaá. Porque vostede fala e quere manipular todo, incorporar a demagoxia e parecer que se preocupou polo profesorado técnico de FP, cando non é certo, porque na propia Lei Celaá especifica que os efectos económicos do profesorado técnico serán cando remate o procedemento de integración e non coa entrada en vigor da LOMLOE. Claro, a vostede dálle igual, pero vostede quería aprobar aquí unha PNL que vai en contra da LOMLOE. Pero se nin tan sequera os seus compañeiros de

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

viaxe en moitas ocasións, os socialistas, lle votaron a favor, señor Lourenzo. Xa está ben de que veña aquí vostede a tomarlle o pelo á xente plantexando PNL que van contrarias, neste caso, á Lei Celaá. O que tiña que facer era votar en contra da Lei Celaá, señor Lourenzo; se quería facer iso cos profesores técnicos, votaran vostedes en Madrid en contra da Lei Celaá.

En todo caso, eu creo que estamos de acordo en que hai que seguir mellorando na formación profesional. Para iso a Xunta de Galicia ten unha estratexia e unha estratexia que efectivamente recolle o testemuño dunha traxectoria na que —como diciamos— pasamos de minorar alumnos antes do 2009 a incrementalos ata un 70 % no día de hoxe. Creo que podemos, entre todos, seguir prestixiando a formación profesional, porque temos unha formación profesional con máis alumnos, con moita máis inserción, con moitos máis ciclos formativos, con máis centros, con máis profesorado, con máis másters, con máis empresas colaboradoras, con máis formación profesional dual. E, efectivamente, isto é o máis importante.

Señora Otero, vostede falaba das aportacións que veñen a través desa lei. Efectivamente, supoño que nos estarán facilitando a Galicia o que nos corresponde polo número de alumnos, polo número de profesorado que temos na FP. Se quere que deamos as grazas por iso, pois tamén as podemos dar, darlle as grazas ao Estado porque nos facilite o que nos corresponde.

En todo caso, tamén nos gustaría —xa que vostede fai unha defensa acendida dos orzamentos— efectivamente que tamén se tivera en conta algo tan debatido aquí como son os custos da dispersión, que en Galicia representan no sistema educativo 354 millóns de euros, ou os criterios de repartición, que non volva suceder o que pasou xa nalgunha ocasión, ou que non se eliminen as axudas dos Fondos Covid.

Polo tanto, eu creo que Galicia —sinceramente, este grupo así o considera— ten un plan para mellorar a formación profesional, ten unha aposta decidida pola formación profesional. Unha aposta que se vén impulsar nesta nova etapa do presidente Rueda, que foi potenciar a formación profesional coa creación dunha nova dirección xeral. Unha formación profesional que se certifica tamén nos orzamentos deste ano, que se multiplica por tres con respecto aos orzamentos do ano 2021 no que se refire a medidas de impulso á formación profesional, coa creación de moitísimas novas prazas de formación profesional, coa acreditación de competencias profesionais para chegar a beneficiar neste ano un total de 28.000 persoas, a conversión das aulas de FP en espazos de tecnoloxía.

Polo tanto, deu vostede, señor conselleiro, dous anuncios moi interesantes. Eu creo que a integración única nun sistema de formación profesional e a creación de novos instrumentos de planificación e xestión van permitir poñer a formación profesional na vangarda e seguir mantendo eses posicionamentos que temos no marco do Estado, e, desde logo, vannos permitir seguir traballando na liña na que vén traballando a Xunta de Galicia. Desde logo, este grupo cre nesas moitas posibilidades que ten a formación profesional na nosa comunidade.

Polo tanto, quero agradecer a súa comparecencia aquí, agradecer tamén a información trasladada e agradecer, por suposto, esas novidades que nos vén trasladar; e, dalgún xeito, a felicitación, sobre todo, polo traballo feito.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Máis nada e moitas grazas, señora presidenta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Rodeiro.

E remata o señor conselleiro de Cultura. Ten a palabra don Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

Ben, despois de escoitar os portavoces dos grupos da oposición, creo que perseveran absolutamente sobre os seus discursos. Afortunadamente, aprobouse hai uns meses unha lei de formación profesional e grazas á aprobación desa lei, hoxe a formación profesional funciona ben. E grazas tamén a que hai un traspaso de fondos europeos do Estado —que é o seu traballo— ás comunidades autónomas, hoxe funciona ben a FP. Ben, todos contentos, non pasa nada, vostedes crean ese conto e nós seguiremos traballando para mellorar a formación profesional. *(Aplausos.)*

E tamén hai unha cuestión, señora deputada, que ten que ver coa aplicación da LOMLOE. Eu só pido que a aplicación desta lei se faga cun pouquiño máis de sentidiño, cun pouquiño máis —xa non pido moito— de sentidiño que o que se fixo coa aplicación da LOMLOE. Nunca na historia da democracia a aplicación dunha lei orgánica no ámbito das comunidades autónomas se fixo dun xeito tan atropelado, xerou tanto caos, xerou tanta improvisación, se modificaron as regras de xogo á metade do partido, xerou unha desconfianza absoluta no seu desenvolvemento. Incluso moitos profesores e moitos profesionais cunhas tendencias políticas máis próximas a vostedes que a nós había que escoitalos; tería vostede que escoitar como criticaban a acción política do Goberno do Estado na aplicación e no desenvolvemento da LOMLOE. E eu só pido —non sei se é moito ou pouco— que isto non se repita na Lei de FP; esperemos que non, porque, se non, sería reincidir nos erros dun xeito absolutamente clamoroso e xerar un problema moi grande.

E respecto do que plantexa o Bloque Nacionalista Galego, a verdade é que creo que afortunadamente temos unha visión do país diferente, absolutamente diferente, o cal é bo; e creo que o país tamén le o que é útil para el e o que é inútil para el, e por iso o Partido Popular leva sempre ganando as eleccións en Galicia e o Bloque Nacionalista non. Porque estamos outra vez no tema das empresas, dos sectores produtivos... Hai como unha especie de mito de que a empresa é mala, e parece que traballar para fornecer de recursos humanos as empresas ten unha especie de tinte negativo.

Mire, a educación non é un fin en si mesmo, é un medio; e neste caso en concreto, é un medio para formar persoas que poidan empregarse despois nas diferentes empresas e nos diferentes sectores produtivos do país, absolutamente, e non hai ningunha empresa que teña nada máis valioso que os seus recursos humanos. E nós temos, no noso ámbito, unha responsabilidade —maior ou menor, segundo se mire— de facilitar que haxa profesionais ben formados; vostedes entendemos que non, para vostedes o mundo empresarial é un mundo negativo, con señores con bombín e puros. Pero, ben, tamén quedei moi tranquilo vendo as súas propostas. Creo que facer un mapa, facer consellos territoriais, etc., vai axudar

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

moitísimo na teoría; na práctica, xa veremos como os galegos non lles van dar oportunidade de facelo. Pero xa veremos como na súa teoría estes consellos, mapas, etc., lles van quedar.

En todo caso, nós reafirmámonos, como Goberno, en que a formación profesional ten que fiarse, ten que asentarse nos termos que xa repetín máis veces, e creo que é o resumo, o marco que fixa o que é a formación profesional: o prestixio —non se pode negar—, a confianza dos alumnos —nunca houbo tantos: 60.000, un 70 % máis respecto da época do Bipartito, un incremento constante de matrícula—, a confianza tamén das empresas —non podo entender como se pode dicir que ter 10.000 empresas vencelladas á FCT e ter máis de 800 empresas vencelladas á FP dual non é unha liña de traballo positiva—, as oportunidades para os alumnos e para as empresas, e tamén a utilidade —ten que ser útil e a formación profesional, se por algo se caracteriza, é por ser útil—.

E é obvio que todo isto se fixa e se mide —co cal non é opinable— nunha serie de variables básicas: incremento de matrícula, participación das empresas, taxa de empregabilidade, oferta educativa. Estamos a falar dunha oferta educativa de 37.588 prazas máis de primeiro curso, 1.700 máis que o ano pasado, e a taxa de éxito dos alumnos de FP en Galicia é do 75 %. Ese é un dato que non sei como vostede pode cuestionar, pero pode vostede, se quere, intentar retorcer a estatística para levala ao seu rego, pero, certamente, os datos finais están aí. Como xa lle dixen anteriormente —e non o vou repetir—, os incrementos porcentuais en prazas de FP, en ciclos, en másters, en adultos, en distancia, en todo; e ¿por que?, porque hai demanda e porque a xente o pide, e porque é básico e é necesario para a sociedade.

Temos xa máis de 46.000 solicitudes. Contamos seguir incrementando para pechar e encher as prazas vacantes que hai nos diferentes ciclos. E tamén pensamos que temos que tender a nosa liña de traballo cara aos grupos da FP dual e cara aos grupos de formación de grao superior. E, por suposto, todo isto vai ter un incremento de profesores, ¿ou estes alumnos están nas aulas mirando polas ventás? Vai haber máis profesores, sen dúbida, haberá que poñerlle número cando estea todo rematado. A vostedes só lles preocupa o número cuantitativo, se hai vinte profesores máis ou vinte profesores menos; vai haber os que teña que haber para dar resposta ás necesidades educativas dos diferentes ciclos de FP.

E, miren, nós si que somos, non triunfalistas, pero si estamos orgullosos do traballo feito, do que non é noso; nós somos unha parte, un eslabón dunha cadea, dun ecosistema xeral, somos unha parte; tampouco o fariamos tan mal cando o sistema funcionou ben. Pero nós estamos orgullosos dos profesores, das empresas —orgullosos e agradecidos ás empresas—, que lles dan prácticas aos alumnos —arredor de 10.000 nas FCT— e que asinan convenios connosco, arredor de 800 FP duais.

E somos conscientes de que obviamente nos queda moito moito por facer e queremos facelo, e sabemos o que queremos facer e témolo por escrito. Queremos que a FP sexa máis atractiva, que haxa máis titulacións, que os seus alumnos cheguen ao pleno emprego, queremos dar respostas ao mercado laboral, queremos que haxa unha redución constante —ata chegar a cero, se fora posible— do fracaso escolar; non hai nada máis inxusto socialmente que enviar un mozo ou unha moza ao mundo, á rúa, sen ningún tipo de titulación, porque o estamos encamiñando a escenarios vitais francamente complicados. Para nós é importantísimo poder

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sacar adiante estes asuntos, e tamén é tremendamente importante ser capaces de deseñar formación para dar resposta ás demandas das empresas. Nós non formamos nin queremos formar por formar, queremos formar o alumnado para que as empresas poidan ter profesionais cualificados, con alto nivel de tecnificación, con alta capacidade de emprendemento, con altas capacidades para poder desenvolver os seus traballos. E iso imos facer.

Estamos seguros de que reforzar e avanzar de xeito progresivo cara á integración única do sistema de formación profesional de Galicia vai ser un paso significativo, porque nos vai posibilitar actuar sobre aspectos básicos como as cualificacións, como as acreditacións e como a adecuación da oferta ás demandas de cada territorio. E para iso —como xa digo, e repito neste peche—, imos establecer novos instrumentos de planificación e xestión que dean coherencia, ou máis coherencia aínda, ás accións que están vencelladas e relacionadas coa formación profesional e coa implantación nos diferentes institutos das ofertas educativas vinculadas ás necesidades dos sectores produtivos e vinculadas ás necesidades das empresas de cada territorio.

Xa falei dos plans territoriais, tamén dos plans especiais que poidan ser necesarios para que unha empresa que queira ubicarse en Galicia ou queira ter un incremento notable do seu traballo o poida facer, e todo isto entendemos que, despois dunha década —repito— dunha revolución silenciosa para simplificar o grande avance, a gran mellora, o grande impulso que tivo nos últimos anos, o queremos seguir facendo. Fíxose moito, sen dúbida ningunha —ata vostedes o recoñecen—, tamén queda moito por facer, pero o máis importante é que hai confianza, confianza nas empresas, confianza nas familias, un traballo serio, solvente, preocupado, cunha grandísima implicación do profesorado.

E o que queremos dende a Xunta de Galicia e dende o Goberno é que os mozos e as mozas que fan FP teñan oportunidades, e que a ensinanza, as ensinanzas de FP sexan útiles para os alumnos, para as empresas, para Galicia, para o país. E todo isto faise con sentido común, faise tendo en conta as necesidades das empresas e faise reforzando, como se está facendo, o prestixio da formación profesional.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Comunico entón a suspensión da sesión ata a tarde, reanudándose ás 16.00 horas.

Bo proveito.

Suspéndese a sesión á unha e cincuenta e un minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

O señor PRESIDENTE: Reiniciamos a sesión co punto quinto, mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz, sobre a política do Goberno galego respecto do uso agrícola ou forestal de terras de vocación agrícola procedentes de procesos de concentración parcelaria

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: A primeira é do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz.

Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Martín Seco García, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débense engadir, despois da parte resolutiva da moción, unhas novas alíneas:

- Dentro dos investimentos a realizar polo Goberno galego nos procesos de mobilización de terra agraria, priorizar a finalización das concentracións parcelarias pendentes, algunha dende hai décadas, decretando unha nova zona por cada unha rematada.

- Desenvolver o regulamento da Metaga, paralizado dende o ano 2017.

- Aumentar o control das plantacións ilegais de eucalipto en terra agraria e zonas húmidas do noso territorio.)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Nada respondeu o conselleiro fai quince días á proposta do necesario plan de promoción de cultivos diversos, do que Galicia é deficitaria e dependente. Cincocentas mil hectáreas froito da concentración parcelaria marcan as zonas máis desenvolvidas, sobre todo na gandería de leite.

As políticas de abandono promovidas desde as administracións co gallo do mercado global levan á aparición dunha figura, o absentismo, que tendo a propiedade dunha boa parte da terra agrícola non a utiliza para tal fin. Froito das directrices de Ence e das correntes forestalistas e eucaliptizadoras, en España tense a crenza de que o cultivo de eucalipto supón a maior rendibilidade á que se pode aspirar desde a terra agrícola deste país. Cómodo, si; fácil de levar a distancia, tamén; sen responsabilidades no lume, tamén.

Así, en zonas onde a terra agrícola se amosa necesaria para o desenvolvemento das explotacións existentes, a paisaxe agraria, o mosaico de parcelas está intercalado de tenzas ilegais de eucalipto que impiden unha maior rendibilidade nun necesario e futuro uso e xestión conxunta para reducir custos e facilitar a mecanización.

Máis de 2.094 masas de concentración que sobrepasan o cincuenta por cento de abandono —son datos da consellería—. Un dato que a Consellería facilita e espalla para xustificar unha

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tardía Lei de recuperación da terra agraria. Mais, ¿de cantas hectáreas estamos a falar?, ¿que políticas de mobilización de terras se levaron a cabo desde o 2009?

Señorías, extorsión eléctrica, combustibles prohibitivos, suba de fertilizantes, medicamentos, sementes, dependencia tecnolóxica, duplicado o prezo dos cereais e a soia en apenas un ano; importación de máis do oitenta por cento dos alimentos humanos e animais, o equivalente a case seiscentas mil hectáreas, e unha boa parte dos nosos espazos agrícolas en abandono ou infrautilizados.

Hai trece anos, cando o Goberno de coalición, desde Medio Rural sabiamos que era urxente reverter a tendencia, o abandono da terra agrícola e o peche de explotacións, que progresaría de xeito continuado desde 1992, e que no canto delas se subvencionaba a plantación de eucalipto. E así, daquela, o Bantegal iniciou un traballo de mobilización de terra agropecuaria e de ordenación do territorio para frear os lumes e poñer en valor o rural, dotar de base territorial as explotacións agrogandeiras para lles dar futuro e rendemento, pequenas e medianas explotacións utilizando sostiblemente os recursos do territorio, recuperar poboación e dinamismo económico. Familias, explotacións rendibles, con transformación na comarca estendendo os centros comarcais de transformación, iso saboteárono, e velaquí as consecuencias.

A cobiza amosou a febleza das cadeas globais de abastecemento alimentario, aquelas que no 1992 ían ser a panacea e que nos ían quitar de traballar no campo. A vivir de rendas como os amos. ¡Xa, xa! Pois xa ven, desde mediados do 2021, e agravado coa guerra en Europa, anúnciase que as cadeas globais de abastecemento necesariamente terán que ser moito máis curtas. Galicia, 3,9 % a produción de alimentos, 26 % a agropecuario, 61 % monte ou como lle chaman agora «forestal», un terzo de eucalipto. Estas son porcentaxes sobre un exiguo 21 % do territorio; un auténtico disparate económico e político.

Señorías, precisamos incrementar o cultivo de cereais, froitas, legumes, verduras, vides, oliveiras... E para iso, nun proceso de recuperación urxente de terra agraria e de actividade agrícola, son imprescindibles as cincuenta mil hectáreas, hectárea arriba, hectárea abaixo, forestadas ilegalmente e mais a reactivación das hectáreas que foron obxecto de reestruturación parcelaria. Se unha parcelaria foi feita onde a vocación agrogandeira así o demandaba non será difícil recuperar o seu uso natural.

Neste proceso que estamos a propoñer a esta Cámara precísase vontade de convencer. Para combater o desánimo actual resulta básico insuflar futuro nun medio en que logo de tanto trapicheo, de tanto silencio, de tanta falta de horizonte xa pouca xente aposta por nada que non sexa «ir indo»; confianza no relevo á fronte das explotacións familiares con base territorial dabondo para produciren en boas condicións de sustentabilidade, calidade e prezo.

No tempo en que aconteceu a revolución do leite, a base de todo aquel esforzo colectivo foi o prezo do produto; 65 pesetas chegáronse a pagar por un litro de leite. E ademais a forza do traballo dun campesiñado que tiña confianza en si mesmo e necesidade de saír da desconsideración e do estigma da miseria.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Se os prezos do mercado na actualidade non abondan por si mesmos para estimularen esta nova e necesaria aposta, pois arbítrense medidas compensatorias que axuden. Lémbrense de Carlos del Alamo e a promoción do eucalipto respaldando os intereses de Ence, e funcionou. ¡Carai se funcionou! Aínda dura.

Esta é a nosa proposta: incrementar a superficie cultivada para abastecer minimamente o mercado alimentario galego e camiñar cara a unha moderna —si, moderna— soberanía alimentaria, para a que temos condicións físicas, territoriais e humanas. E temos a lei se queremos usala para facelo ben, para facer ben o ben.

Porque tal e como se ven vir as cousas, desde o BNG seguimos a desconfiar de vostedes, señores do Partido Popular. Non foron quen de mobilizar nin unha soa hectárea en trece anos cos instrumentos axeitados, e agora acordoulles de súpeto. Fáltanos saber que motivou tan sospeitosa reconversión. Porque non é certo que as medidas que propoñen na Lei de recuperación de terra agraria vaian beneficiar as pequenas e medianas explotacións. Vostedes están a propiciar e reconverter o que queda de agrogandeiro en Galicia en macroexplotacións agroindustriais, xunto con eólicos, viscosas e bioeconomías falsas. E vai ser que o BNG non concorda con esta planificación. Por moito que queiran disfrazar as súas verdadeiras intencións, pois non dan.

No Plan estratéxico 2022-2030, na prioridade de actuación 3.5.1, din: «Aumentar a rendibilidade e a competitividade dos sistemas produtivos das explotacións agrogandeiras e fomentar a súa modernización e diversificación, ao tempo que se reduce a pegada da agricultura e gandería no eido medioambiental». ¿Xa me dirán como se fai isto?

Nos retos e necesidades deste mesmo punto din: «Incrementar o tamaño e rendibilidade das empresas do sector agrogandeiro con incentivos fiscais para investimento empresarial no sector». Máis, máis investimentos por unha excesiva transformación do sector. Máis, en román paladino, máis investimento, máis endebedamento, máis dependencia. Outra vez coa cantinela. Só os grandes son modernos e rendibles, e só eles teñen futuro. Desde que aterrei nunha unitaria no 1983 é a cantinela que levo oíndo para xustificar o peche continuado de explotacións rendibles.

E das pequenas e medianas explotacións, ¿vannos dicir algo? Nin palabra. ¿Como facer pastoreo con esas explotacións de máis de cen vacas? E a pregunta que lles fago unha e outra vez: ¿como se secan a pastorear cen vacas? Xa sei: unha detrás doutra. ¿E quen as guía?

Señorías, vaiamos á sensatez en política agraria. Temos que facer mudar o tratamento que a distribución e industria lle dan á produción agropecuaria. A Lei da cadea alimentaria debe ser reformada e cumprido o seu espírito. Temos que reducir a dependencia exterior de alimentos e insumos incrementando a superficie dedicada ao cereal, ao cereal en grao, sobre todo legumes e horta en xeral. É a opinión dos economistas de sensatez e prestixio recoñecidos.

A loxística de transporte está ferida. Estamos mudando o clima polo gasto enerxético superfluo, pola desforestación brutal en aras de producir barato e con deficiente calidade e ga-

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

rantías sanitarias, con explotación humana incluída. Isto é unha barbaridade. E nós con terra fértil abandonada, parte dela dedicada a inframadeiras de xeito ilegal.

A ocasión, señorías, señores do Goberno, as circunstancias da covid e as recentes da guerra convidan a recuperar a actividade agrícola. Non perdamos esa oportunidade.

Máis nada, grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Moitas grazas, presidente.

No pasado pleno escoitamos o conselleiro do Medio Rural contestar a interpelación do BNG cun discurso completamente autocompracente, onde semellaba que o Goberno, en vez de contestar as preguntas da oposición, facía oposición ao Bipartito. Quen escoitara o señor González Vázquez podería interpretar que o Partido Popular non leva gobernando trinta e catro dos corenta anos de autonomía, e polo tanto non eran responsables da situación actual de abandono e de ter os peores datos de superficie agraria útil de todo o Estado español.

Quen escoitara o conselleiro podería interpretar que o Bipartito, que gobernou menos de catro anos o noso país, é o responsable de non desenvolver os supostos mecanismos e mobilización de terra que supostamente puxera en marcha o Goberno de Fraga, e que o proceso de invasión do eucalipto das terras agrarias fose algo que sucedese alleo aos sucesivos gobernos do Partido Popular.

Señores do Partido Popular, a realidade di que foron vostedes os responsables dos múltiples atrasos na normativa de ordenación territorial que afectaron a falla de protección das terras agrarias con respecto a usos urbanísticos desordenados. Foron vostedes os que se caracterizaron durante décadas pola ausencia de iniciativas sobre a mellora de estruturas de terras agrarias. Foron vostedes os que bloquearon sistematicamente o desenvolvemento das leis que no seu momento fixeran o Goberno de Laxe, como a Lei de montes veciñais ou a Lei do Banco de Terras do Goberno de Touriño.

Foron vostedes os que rexeitaron sistematicamente as proposicións de lei presentadas polo noso grupo dende a primeira lexislatura de Fraga sobre o Banco de Terras e a ordenación e a concentración de terras agrarias, nuns debates nos que o Partido Popular non aceptaba ningún tipo de ordenación dos usos das terras, dos que agora fan bandeira.

E son vostedes os responsables dos atrasos e a falla de prioridades nos traballos de concentración parcelaria, xa que se só temos en Galicia unhas catrocentas cincuenta mil hectáreas dunha concentración parcelaria que debería ser tres veces maior, cun ritmo de traballo situado por debaixo das cinco mil oitocentas hectáreas por ano; un ritmo inferior ao que se alcanzaba ao principio dende os anos setenta ata os anos noventa. E, por certo, «destes pos, estes lodos».

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pois, aínda así, escoitamos o conselleiro González Vázquez sacar peito coa entrega dos títulos de vinte concentracións parcelarias dende o 2020, iniciadas en moitos casos dende hai corenta ou cincuenta anos. E pese a que o expresidente Feijóo prometese na lexislatura do 2016 ao 2019 a finalización de todas as pendentes.

A pesar de tanta propaganda e tanto autobombo, a situación de abandono que vive o medio rural en Galicia non é para vir aquí sacar peito, señorías do Partido Popular, e debera de ser motivo para que o Goberno galego, ademais de tanta propaganda gobernamental de escribir tantos proxectos, tantos plans estratéxicos e leis, fixese un esforzo real para orzar iniciativas que mobilicen terra agraria con urxencia, garantindo a subministración de insumos para as explotacións gandeiras do noso país, e paralice a sobreexplotación de eucalipto, que ata xa invade o que deberan ser zonas protexidas, como os humidais, brañas e turbeiras do noso territorio.

En toda Europa o proceso de modernización da agricultura e a gandería levou consigo un descenso do número de explotacións, sobre todo as de menor tamaño, pero ao mesmo tempo o incremento das terras das que permanecían activas, grazas a que as resilientes incorporaban as que deixaban as explotacións que se abandonaban. Esa transferencia de terras realizouse grazas a diversas políticas agrarias e por medio do apoio aos arrendamentos, co que se conseguiu que se mantivese a superficie total das terras agrarias ou, en todo caso, que existise unha lixeira redución que permitiu aumentar de xeito importante a superficie á disposición das explotacións e mellorar a súa viabilidade económica.

Polo contrario, en Galicia non houbo esa transferencia de terras entre explotacións, tendo como resultado un abandono e infrautilización das terras agrarias, ao que se engadiu tamén esa forestación de parte desas terras. Así, chegamos á situación actual, que podemos caracterizar por unha limitada dimensión das terras agrarias, que ocupan pouco máis do vinte por cento da superficie galega, un nivel moi por debaixo da súa capacidade produtiva e do que tiñan na agricultura tradicional. Un fracaso en comparación cos valores que acadan de media en España, do 40 %, ou en Francia, do 58 %, ou incluso o que teñen en comunidades como Asturias e Cantabria, que teñen por encima do corenta por cento, a pesar de teren unha topografía máis desfavorable que a propia de Galicia.

Evidentemente, esta situación lastra a competitividade das nosas explotacións, que teñen na súa maior parte unha superficie moi baixa, xa que tan só un once por cento delas teñen máis de vinte hectáreas; un tamaño mínimo para a súa viabilidade económica, a non ser que a súa actividade sexa de produción de horta, de viñedo ou gandería intensiva.

Xa hai máis de sete anos que entraba en vigor a Metaga. Esta lei tiña como obxectivo simplificar e axilizar o procedemento de agrupación de terras ante o entón regulado pola Lei 10/1985, de concentración parcelaria para Galicia, e as modificacións que tivera. Esta lei, ademais de axilizar o procedemento, pretendía ir máis aló implicando as explotacións na reestruturación parcelaria, compatibilizándoo co plan urbanístico e integrándoo dende o punto de vista ambiental e paisaxístico. No ano 2017, o Goberno galego iniciou o procedemento para facer un regulamento da dita lei que quedou esquecido e non se desenvolveu, algo que no día de hoxe non explicou a Consellería do Medio Rural. E eu pregúntolle ao Partido Popular: ¿que é deste regulamento?

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Para avaliar os anos da aplicación da Metaga e a súa contribución á diminución do tempo de execución das concentracións, cabe sinalar que, para obter a mellora nos tempos que ofrece, esta lei debe ir coordinada cos investimentos no momento pertinente, xa que un dos motivos frecuentes de extensión no tempo é o atraso nas obras por motivos orzamentarios.

Señorías do Partido Popular, aínda que existan outras fórmulas para recuperar terra agraria en Galicia, nas zonas agrarias produtivas non existe máis abandono que o das parcelas que polas súas características non son rendibles coas técnicas actuais de cultivo. E para estas zonas a reestruturación parcelaria segue a ser a ferramenta que, ademais de reunir a súa propiedade en fincas de maior tamaño, permite ás explotacións comprar ou arrendar fincas dun tamaño suficiente que fagan viable os cultivos.

Nas zonas gandeiras de Galicia, as concentracións parcelarias rematadas rexistran maior mobilidade de terras que as non concentradas. Aumentar a oferta de fincas de maior extensión fainas consecuentemente máis rendibles. Polo que seguimos mantendo que é indispensable rematar as zonas de concentración pendentes e, polo menos, decretar unha nova zona por cada unha que se peche. Por iso, o noso grupo presentou unha emenda de adición, estando completamente de acordo coa iniciativa do BNG.

E con relación á masiva plantación de eucalipto, dende o Goberno saben que o noso grupo aposta pola planificación e o uso desta especie dun xeito ordenado. E nesa liña temos presentado iniciativas. Pero resulta contraditorio escoitarlle no pleno pasado ao conselleiro dicir que a moratoria fora algo consensuado co sector. E resulta que cando presentaron o Plan forestal, que establecía un aumento desta especie do 3 % neste quinquenio, dixeron que estaba pactado co sector, e ao día despois sacaban da chistera a moratoria, e din que tamén estaba pactada co sector. Señores do Partido Popular, ¿que estaba pactado?, ¿o aumento do 3 % ou a moratoria? Gustaríame sabelo.

Unha moratoria que, por certo, foi en diferido, xa que vivimos que despois deste anuncio estivemos meses ata a súa entrada en vigor coa Lei de recuperación de terras, que fixo que se plantase indiscriminadamente eucalipto por todo o noso territorio. Señorías do Partido Popular, ata os viveiros de Galicia acabaron coas súas existencias, e estivéronse a facer cortas indiscriminadas de zonas de pino e outras especies por todo o noso territorio para plantar eucalipto. Só en Lugo as cortas de pino radiata medraron un 50 % e as de silvestre un 25 %, reducíndose as de eucalipto nun 25 %.

Mentres esperamos polo prometido inventario forestal e mentres o conselleiro nega a realidade de centos de miles de hectáreas de eucalipto plantadas por Galicia, o grupo de investigadores independentes Smart Forests —no que se atopan dous galegos e que non dependen de ningunha administración para facer a súa investigación— publicaba un informe con datos para advertir de que as plantacións de eucalipto se están volvendo problemáticas, e que este informe se podería utilizar para corrixir e previr unha futura expansión descontrolada desta especie, dicindo que xa se superara o valor umbral do 45 % para o grao de ocupación actual en todos os distritos da provincia da Coruña e en dous distritos de Lugo e Pontevedra, respectivamente. Pero, ¿para que poñer en marcha os plans de ordenación forestal por distritos, señores do Partido Popular? ¡Iso é igual!

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Se neste descontrol vostedes viven tranquilos e válelles con dicir que teñen un plan para o control da especie, mentres temos que traer continuamente á Comisión do Medio Rural denuncias de plantacións masivas de eucalipto ata nos humidais que a Consellería de Medio Ambiente debera protexer. Por iso, introducimos tamén unha emenda para que se intensifique ese control das plantacións ilegais de eucalipto en terras agrarias e humidais do noso territorio.

E, señorías do Partido Popular, quixera finalizar cunha reflexión. Galicia ten un grave problema coa falla de terreo á disposición para as explotacións agrarias. Pero de pouco van servir as iniciativas de mobilización de terra se continúan a quitar servizos no noso rural, cunha educación e unha sanidade cada vez máis precaria, con menos servizos sociais e de atención aos nosos nenos e aos nosos maiores, coa falla de servizos como os bancarios, de banda ancha, etc. ¿Para que mobilizar terra se logo non existen cidadáns que queden a traballar nelas? Reflexionen niso.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

Grupo Parlamentario Popular, señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Vou empezar cunha reflexión, como dicía o señor Seco, ao que lle dedicarei pouco tempo porque indubidablemente a iniciativa é do Bloque Nacionalista Galego.

Moitas veces cando interveño, tanto en comisión como en pleno, encontro explicacións ao que o día da xornada electoral das últimas eleccións autonómicas non entendía, que era: ¿como podía ser que o Bloque Nacionalista Galego adiantara en resultados ao Partido Socialista? Pero si é certo que cada vez que escoito o Partido Socialista encontro unha explicación. E dígolle: señor Seco, eu creo que debería de facerse mirar —e dígollo con toda humildade— tanto mirar a bancada de enfronte e non mirar a bancada do lado, en todos os asuntos, pero neste especialmente. En primeiro lugar, porque se nos remitimos ao Bipartito, cónstame —que daquela xa andaba por aquí— que moitos membros do seu partido nin sequera defendían a xestión de Medio Rural do Bloque Nacionalista Galego. Pero é que neste caso e nesta iniciativa —que vai cuestionar uns instrumentos que entendiamos positivos, e vostede tamén, por iso non o votou en contra— pois ten unha ocasión, dende logo, moi importante de mandar un discurso distinto, de facerse valer, e de non invitar aínda encima a que lle teña que explicar por que faltan médicos, ou quen goberna no Banco de España, ou que está facendo precisamente o Goberno de Sánchez neste momento para cambiar todo aquilo que vostede está criticando. *(Aplausos.)* Entón, cando ten moi fácil poñerse de perfil e facerse o morto, pois —como din por aí— «non busque espiñas para os ollos porque creo que se equivoca».

Señor Rivas, trae vostede ao pleno, despois da interpelación ao señor conselleiro, unha moción sobre a política do Goberno galego sobre o uso agrícola ou forestal en terras de vocación

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

agrícola. Di vostede que o conselleiro non lle contestou. É fácil que interprete iso porque xa lle dixen moitas veces que para entender hai que atender, e normalmente cando fala o conselleiro vostede non o atende moito, e despois, claro, dálle a contestación e dálle unha explicación con bastante rigor, pero vostede di que non dixo nada.

Escoitándoo no pleno anterior e escoitándoo neste sigo sen entender tamén por que a súa formación política lle deu o Óscar á mellor actriz á súa compañeira, cando veu aquí explicarnos o nacionalismo para *dummies*. Cando realmente vostede leva feito moitísimos máis esforzos interpretativos para ser considerado o Óscar ao mellor autor realmente, e que o fai con moitísima máis autenticidade, que lle pon moitísimo empeño e moito máis corazón. Pero erra no diagnóstico, porque vostede segue nesa escola unitaria dos anos oitenta, onde dicía que para chegar á escola tiña que esperar a que pasaran as cen vacas que levaban unha a unha pacer polos prados, ¿sabe? Entón, claro, como segue aínda instaurado na década dos setenta, esqueceu todo o que pasou ata chegar hoxe.

E voullo explicar usando a súa intervención da pasada sesión plenaria, porque sei que non lle vai gustar, e entón se leo o que dixo vostede ten que entender que non mo vai cuestionar. Mire, vostede dicía *(A señora Candia López pronuncia estas palabras nunha prosodia que imita a do señor Rivas Cruz.)*: «Arrancou na década dos sesenta e dos setenta...» —eu daquela aínda non nacera pero contáronmo— «...un rural ancorado no autoconsumo, onde os gobernos e intereses alleos non souberon ver a necesidade de pór cartos e bondades para facer de Galicia un país moderno e puxante». E, señor Rivas, vostede dábao e en pasado, e o peor de todo é que o daba por perdido, e non é certo, pois Galicia é unha terra moderna e puxante. *(Aplausos.)* Os galegos, non porque os políticos acerten —que moitas veces seguro que nos equivocamos—, pero eu xa llo digo moitas veces, porque os galegos —e os galegos do sector primario sobre todo— foron dende logo unha profesión resiliente, comprometida e moi traballadora. Vostede dio en pasado e ademais dio con resignación. Voulle coller outra frase *(A señora Candia López pronuncia estas palabras nunha prosodia que imita a do señor Rivas Cruz.)*: «Galicia contaba con todos os ases: territorio, clima e xentes». E eu dígolle hoxe no 2022: non contaba, señor Rivas, ¡conta con territorio, con clima e con xente! *(Aplausos.)*

Mire: eu sei que vostede non o fai por mal, pero é que está —con perdón da expresión— un pouco obsesionado con ese tema, segue nesa época dos setenta, porque recoñece que coñece o contido da Metaga. E aí caeu noutro erro no pasado pleno que me deixou aínda máis preocupada. Vostede di que, efectivamente, a Metaga recollía ese Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria, o Popega, pero *(A señora Candia López pronuncia estas palabras nunha prosodia que imita a do señor Rivas Cruz.)* «só algúns técnicos...» —poucos— «...a teñen en conta, os máis non lle ven utilidade, ou non lles resulta cómodo». Esa frase deixoume moi preocupada, porque non sei se é que vostede está dubidando realmente da profesionalidade dun bo funcionario que deixa de aplicar un bo procedemento para o seu territorio por un criterio de comodidade. Iso era o seu diagnóstico, e remataba —aí xa bordándoa, no *top ten* que lle deu o minuto do Óscar— *(A señora Candia López pronuncia estas palabras nunha prosodia que imita a do señor Rivas Cruz.)*: «só encontro desasosego, eucalipto, forestación, eólicos...», e agora meteu o de «...viscosa». E aí veume a dúbida de se é que vostedes están en contra do proxecto de Altri. *(Murmurios.)* Probablemente non, que ao de Ribadeo lle gustaba. *(Murmurios.)* Pero, bueno, ás veces ben sabe que non se falan moito. *(Murmurios.)*

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ben, en definitiva, nosoutros defendemos e temos defendido a Galicia como un exemplo de moitas cousas, con denominacións de orixe, con identificacións xeográficas protexidas, con empresas. ¿Por que non dicilo? ¿Acaso no sector primario non podemos ter unha empresa agrogandeira? ¿Acaso as empresas non son instrumentos imprescindibles nunha sociedade democrática, nun mercado competitivo? ¿Que lles pasa a vostedes coas empresas? ¡Son necesarias! ¡Crean emprego! ¡Non pasa nada! Non só hai tres ou catro que vostedes cren como o home do saco. Empresas é José Antonio López, que ten dous empregados e que vende leite, ou que vende carne, ou que fai queixos. Non pasa nada, necesitamos as empresas, non as criminalicemos. Eu creo, ademais, que é un erro porque nun país onde o emprendemento moitas veces non está recoñecido como debería, cando os escoitan a vostedes non me estraña. Pero, ben, o que é indiscutible é que os principais embaixadores son os nosos produtos, que ademais teñen premios a nivel mundial.

E nós defendemos que caben todos os usos: o agrícola, o gandeiro e o forestal. Se vostede quere escoitar deste grupo que imos acabar co sector forestal de Galicia pois vouno decepcionar. Non imos acabar so sector forestal de Galicia, pois crea moitísimo emprego e tamén é un escenario de oportunidades. Hai sitio para todos, imos regulalo.

¿E onde vostede erra? Pois sabe perfectamente coma min que Galicia é un enorme *puzzle*, un rico *puzzle*, pero con 11,2 millóns de parcelas, con máis de 1.620.000 propietarios; dous de cada tres galegos temos unha finca no rural. Esa é a nosa realidade, non pasa nada, pero hai que xestionala. É a comunidade que alberga máis da quinta parte dos titulares catastrais do Estado, o 28 %. Esa é a nosa realidade.

E aí veñen os instrumentos. Os instrumentos que ademais a vostede na maioría dos casos lle gustaban. Sorprendeunos —cando ademais sempre están reclamando competencias— que non votara a favor de recuperar a facultade de investigación, cando sabe que agora mesmo nos terreos de concentración parcelaria, sobre un dez por cento, pero nos instrumentos que se están a executar agora mesmo froito da Lei de recuperación de terras, aproximadamente ao 30-40 % están en propietarios descoñecidos. E iso sería un reforzo.

Nosoutros non lle imos apoiar esta iniciativa, e voulle dicir por que. En primeiro lugar, a petición que fai no punto primeiro de dar primas por hectárea entendemos que é un pouco perigoso. Vostede sabe que a principal política agraria común o identifica como incompatible, salvo fundada xustificación, que aquí dende logo non a vin, e podería ademais interpretarse como un dobre financiamento. Á hora de falar, de poñer en risco a política agraria común, creo que require un exercicio de rigor pola súa parte maior.

Pero, ademais diso, vostedes piden nos puntos 2 e 3 que se diten ordes, que se tomen medidas. Ben, o conselleiro explicoulle claramente que temos un procedemento legal e garantista para que se vostede identifica un predio plantado nun lugar onde non corresponde —ademais, ese mecanismo foi aprobado polo Plan forestal de Galicia, que vostedes tamén dixeron que non valía para nada— pode denuncialo e co correspondente procedemento garantista —como digo—, do que lle deu ademais o conselleiro datos.

E despois no punto 2, o de ditar ordes, está perfectamente claro que vostede coñece os artigos 24 e 25 da Lei 11/2021, coñéceos porque os estudou en profundidade. Ese ademais

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que busca acadar a superficie agraria útil galega próxima á media nacional europea, así como facilitar que as explotacións agroforestais dispoñan de base territorial suficiente para garantir a súa viabilidade. Porque hoxe tamén me pareceu entender que tampouco lle gustan as explotacións grandes. É que ao final parece que vivimos... Se lle fixeramos caso a vostede é que lle iamos ter que preguntar ás vacas que temos que ter, como as temos que ter. ¡Home!, é que iso é unha intervención dende logo non aceptable no noso sector primario. Despois sorpréndenos que cando vén algunha norma do Goberno do Estado, aínda que sexa para protexer o logo, iso aí apláudenlle e din que está todo ben feito.

Pero, ben, sen desviarme do tema. Nos artigos 24 e 25 recóllense —como sabe— os instrumentos aos que vostede perfectamente alude nos puntos 2 e 3, que é o catálogo de solos e o mapa de usos. Pero é que ademais hai mecanismos para protexer mentres que ese catálogo de usos e o mapa non estean definitivos. É dicir, xa na Lei de acompañamento do 2018 fixeron modificación á Metaga, onde se decretaba no artigo 38 que no momento en que se producía a declaración de firmeza do acordo xa determinaba a súa categorización directamente como solo de protección agropecuaria ou forestal sen necesidade de seguir o procedemento de modificación urbanística. É dicir, no solo de especial protección agropecuaria xa non se podía plantar. E vostede sábeo.

Pero é que, ademais, na disposición transitoria primeira desta lei...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CANDIA LÓPEZ: ...di claramente que mentres que non estean aprobados eses usos tamén está protexido o solo de especial protección agropecuaria para plantar.

Así que, rematando xa, abandone esa Galicia do candil e da lareira. Eu, por unha vez, voulle dicir que copie, xa non de min, que non me vai facer caso, pero por exemplo de Lidia Díaz Otero, unha enxeñeira agrónoma con 27 anos, do concello de Abadín, da parroquia de Espiñarcao, que ten as cousas claras. A súa escolla persoal pasa por facerse cargo da explotación de vacún de carne que a súa familia ten nesa localidade. A boa nova do campo galego: a un ao día de incorporación de mozos e mozas. O rural ten futuro...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CANDIA LÓPEZ: ...a pesar de vostedes. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.

Grupo autor da moción, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, presidente.

Señora Candia, eu sei que se non entra na afronta persoal non ten razóns de ser. *(Aplausos.)* Ben, ¡que lle imos facer!

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

De verdade, ver o mundo desde unha unitaria neste país foi un privilexio, porque vin pasar o tempo e vin pasar o país dunha situación a outra. E, ademais, dáme a ocasión de poderlles explicar —sobre todo a vostede, que non ten nin idea disto, *(Murmurios.)*— polo miúdo que aconteceu e como aconteceu.

Señora Candia, é patético. ¡Cantas voltas lle deu para non entrar no tema! Porque o tema ten que ver co ano 2020-2021, cos problemas loxísticos que se crean coa covid, coa suba de prezos dos insumos, coa dependencia tecnolóxica e a dependencia dos insumos de fóra, e ten que ver con que necesitamos estratexicamente poñer en cultivo as terras abandonadas. Entérese dunha vez. *(Aplausos.)*

Despois, cando veñan as duras, vostedes dirán que xa fixeron o necesario, sacarán un plan estratéxico novo, porque sacan un por minuto, e sácano sen contemplar a realidade, que é o que vostedes fan, ou contemplan a realidade desde onde lles convén.

Mire: eu non vou baixar á afronta persoal. Voulle dicir simplemente que desde o BNG estamos a favor das pequenas e medianas explotacións. ¿Sabe por que? ¿Por que estamos tamén a favor, sobre todo, das pequenas e medianas empresas? Porque son as que crean riqueza repartida e compartida. ¿Sabe o que é iso de compartir?, ¿sabe o que é? E repartir, ¿saben o que é? ¿Saben vostedes de que estamos tratando? ¿Ou soamente saben doutras cousas? Ben, de repartir si saben.

O que lles molesta a vostedes é que nós falemos de que sabotearon. E si sabotearon, sabotearon o Banco de Terras, sabotearon as unidades de xestión conxunta e sabotearon o grupo lácteo. Saboteárono cando entraron e saboteárono despois. ¿Lembran aquela operación de varrer para a casa?, ¿aquel proxecto que logo de impedir o grupo lácteo galego que, xa estaba case ultimado no Bipartito, xurdiu de arredor de Feiraco e a maior parte das cooperativas lácteas galegas, para facelo realidade nas instalacións de Alimentos Lácteos de Outeiro de Rei? ¿Saben de que lles falo? Que entre Samuel Juárez e Feixóo, previa intercesión do señor Romay Beccaría en Madrid, á última hora cambiaron de parecer e apostaron polos amigos. E así Eugenio Montero —ben coñecido nas terras de Arzúa polas súas xestións— e mais Arcadio López, militantes do PP, con só dúas cooperativas, Arzuana e Gancobre, montaron o chiringuito, que remata como o rosario da aurora. Nove millóns de investimento público e unha condena de espléndidos xestores pagan 2,9 millóns de euros, e unha cativa inhabilitación de dous anos. Unha inxección de cartos públicos —repito— de 9 millóns de euros xestionados por estes militantes destacados do Partido Popular, e un proxecto vital para a transformación láctea e o seu valor engadido. Aí está, aí ese financiamento e eses procesos electorais, esas maiorías absolutas, esa confianza no PP que ten o pobo galego.

Por certo, a planta de Outeiro de Rei foi antonte acabada de desmantelar. Esa é a Galicia e ese é o medio rural que eu non estou disposto a contemplar, porque eu contémploo con outros ollos; contémploo cos ollos dos gandeiros e dos que quedamos aínda alí. *(Aplausos.)* ¡É que temos dereito a ter esperanza! E vostedes négannos esa esperanza. (Aplausos.) ¿Sabe vostede por que? Porque este país produce, este país ten a forza necesaria se lle abren camiño. Se o aproveitan da maneira destes dous individuos que lle acabo de citar, condenados no 2013 ou 2014, se é con iso ao que nos teñen acostumados, desde logo que non.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señor Seco... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Que? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Son datos históricos. Vostede coñece ben de quen estou a falar, ¿verdade? Carai se o coñece, que é de alí desa zona.

Señor Seco, ímoslle admitir o segundo e o terceiro puntos. O primeiro parécenos que tendo que ver o remate das concentracións parcelarias e empezar outras. Agora o segundo punto e o terceiro parécennos que ben, aínda que se podía pensar que vai incluído. Pero desenvolver o regulamento da Metaga, paralizado desde o 2017, é imprescindible para que a concentración funcione algo mellor e se axilice, que non lles interesa que se axilice.

Por certo, vostede sabe coma min verdade que en Catoira debido a unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza condenaron a facer outra vez o levantamento topográfico dunha concentración parcelaria que leva trinta anos. E nós levamos polo menos a lexislatura pasada denunciando que aí ou se volve atrás ou non se fai nada. O señor Dubois, que ben apartado está, non quería saber nada disto.

En fin, señores do Partido Popular, moitas grazas polo seu apoio. E, sobre todo, señora Candia, non se esforce; a min as súas palabras non me molestan, sempre tomo en consideración as palabras de quen veñen.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Pérez López, sobre a sinistralidade laboral

O señor PRESIDENTE: Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Daniel Pérez López.

Non se presentaron emendas.

Para defender a moción ten a palabra o señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Presidente.

Dende o ano 1995, no que entrou en vigor a Lei estatal de prevención de riscos laborais, foise avanzando nesta materia. Isto é certo, e creo que nos alegramos todos. Pero os avances nesta cuestión nuclear no mundo do traballo foron e son excesivamente lentos, e iso ten un custo terríbel en número de persoas traballadoras falecidas. As promulgacións legais debían ser o punto de partida, non o obxectivo final. Porque para que o plasmado no papel se materialice na realidade precísase de compromiso e vontade política de quen goberna e, por suposto, de orzamento.

Na Galiza, a raíz desa lei do ano 1995, temos un sistema —podemos dicir— combinado, no que a Xunta ten a competencia en materia de seguridade e prevención laboral e a Administración central no que atinxe á inspección de traballo.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A competencia de dúas administracións distintas sobre unha materia tan sensíbel provoca que a pesar da necesaria coordinación, que me consta que existe, as accións dirixidas a avanzar en prevencións e saúde laboral non teñen en moitas ocasións o impacto desexado. Só hai que ir aos datos estatísticos para comprobar esta afirmación.

Con este sistema, os avances acadados en materia de sinistralidade foron —como digo— lentos, seguramente porque o compromiso e a vontade política dos diferentes gobernos españois e do Goberno galego durante anos non foron nin os suficientes nin os desexados.

Falta de compromiso para avanzar nesta cuestión, que foi compensada polo traballo de zafra continua do sindicalismo galego, que actuou e actúa como percusor para activar as políticas públicas de prevención de sinistros laborais e forzar así os tan necesarios avances.

Pero o problema é aínda máis fondo. Cando no Estado español se fixo a transposición da Directiva europea sobre a prevención e seguridade laboral, a orientación que se seguiu foi diverxente coa liña adoptada pola maior parte dos países avanzados da eurozona. Dende Madrid optouse por unha xestión externalizada, que provoca que as empresas non sexan suxeitos activos e directos da seguridade dos seus traballadores. Tampouco se fomentou unha cultura preventiva real, o que provoca que a prevención non se integre na xestión diaria dunha empresa; algo que é fundamental e clave para incidir realmente na sinistralidade laboral.

Contamos cunha acción inspectora insuficiente como consecuencia fundamentalmente da falta de medios humanos e materiais, propiciado isto pola liña política seguida até o de agora polos gobernos de turno en Madrid, tanto do PP como do PSOE. Por iso, ao contrario do que pasa neses países da contorna no marco da Unión Europea, nos que a sinistralidade descende de xeito progresivo e permanente, no Estado español a sinistralidade experimenta cambios constantes en función, sobre todo, dos ciclos económicos. Mentres en Europa a sinistralidade grave e mortal baixa, no Estado español e no noso país aumenta. Pasou entre o ano 2010 e o ano 2019; é dicir, os posteriores á crise do 2008. E agora no ano 2022 volve repetirse.

Galiza, á que se meteu no mesmo saco, pese a contar cunha realidade laboral propia e distinta da estatal, está a pagar que non se tiveran en conta as súas especificidades e particularidades á hora de desenvolver o marco normativo en seguridade e saúde laboral. E isto, dende logo, tivo consecuencias.

No que á clase traballadora atinxe, estamos moito peor que o resto do Estado, pois lideramos o ránking de accidentes laborais graves e mortais ano tras ano, tanto en termos absolutos como en índice de incidencia.

Na súa intervención no pleno pasado, a señora Lorenzana, aínda que deslizou que podería estar de acordo en moitas das cuestións relativas ao contexto normativo español e europeo que dende o BNG puxemos enriba da mesa na interpelación, moi habilmente sorteou o charco alegando que non lle correspondía falar daquilo no que non tiña competencias. E pouco despois defendía que se estaba a traballar nunha estratexia en sinistralidade laboral que pasaba por analizar os riscos propios do noso mercado de traballo, para incorporar a esa estratexia a idiosincrasia da situación laboral na nosa comunidade autónoma.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Está claro que hai termos que na bancada popular lles proen, e próenlles moito, por iso os evitan, como «realidade galega diferente», «marco galego», «asumir competencias» e, sobre todo, o que é o seu preferido: «soberanía».

Pero, volvendo a esas manifestacións, se os datos de sinistralidade laboral do conxunto do Estado español diverxen cos datos de sinistralidade do resto dos países avanzados da nosa contorna —é dicir, son moito peores—, se a causa desa diverxencia está no distinto desenvolvemento normativo que se fixo nos países avanzados na Unión Europea e en España —como demostran os datos estatísticos—, se na Galiza lideramos o ránking de sinistralidade debido a esa liña diverxente decidida dende Madrid e que non contempla o noso feito diferencial, ¿cal é a conclusión que podemos sacar de todo isto, señores e señoras do PP? Só é posible unha: que para cambiar a tendencia negativa da sinistralidade laboral no noso país é imprescindíbel asumir todas as competencias posíbeis na materia e avanzar na consecución dun marco galego de relacións laborais que teña en conta e parta das especificidades e particularidades do noso mercado de traballo —ou, como dicía a conselleira, e non vaia ser que lles saia a vostedes urticaria, que se teña en conta a nosa idiosincrasia—. Non é nin máis nin menos ca iso. Porque o que pode valer para outros territorios do Estado non ten por que valer para a realidade laboral galega.

Ante esa orientación fallida do Estado e a nosa idiosincrasia laboral, o lóxico é que Galiza se dote de todas as ferramentas necesarias para poder reconducir a situación e reverter os datos de accidentes graves e con resultado de morte que castigan especialmente as traballadoras e os traballadores galegos. E, para isto, é imprescindíbel que o Goberno galego solicite dunha vez as transferencias das competencias íntegras en materia de inspección de traballo para optimizar o sistema. É xusto o que é necesario facer, optimizalo e potencialo orzamentariamente. E así o solicitamos no apartado «e» desta moción.

Non podemos seguir nunha dinámica que supón que un traballador galego, cando acode ao seu posto de traballo, teña o dobre de posibilidades de sufrir un accidente laboral grave ou mortal que un traballador do resto do Estado español. E así o indican, ademais, os índices de incidencia de accidentes laborais graves e mortais, que duplican a media estatal neste tipo de accidentes. Levamos anos nesta situación, o que permite falar xa dunha cronificación do que é o problema, un problema que non foi, polo tanto, atallado polas políticas de prevención aplicadas na Galiza polos diferentes gobernos do PP nos últimos trece anos.

As estatísticas son irrefutábeis e, sobre todo, son dolorosas. Os datos estatísticos e remitidos polo Ministerio de Traballo referidos aos meses de xaneiro e febreiro deste ano 2022 sitúan a Galiza entre as comunidades autónomas cun maior aumento do índice de incidencia total de accidentes laborais —e no primeiro posto cando se trata de accidentes acontecidos en xornada e con resultado de morte—. En termos absolutos: 33 persoas traballadoras galegas falecidas este ano. Se facemos unha retrospectiva dos datos absolutos nos últimos cinco anos, os datos son absolutamente desoladores. No ano 2018, 61 persoas traballadoras falecidas durante a súa xornada laboral; no ano 2019, 65 persoas traballadoras falecidas; no ano 2020 —a pesar dos confinamentos—, 59 persoas faleceron na Galiza no momento de estar traballando; no ano 2021, segundo datos do Ministerio de Traballo, 53 falecidos, case unha vítima por semana; e no que vai de 2022, 33 persoas traballadoras mortas na xornada de traballo —só en catro meses medidos—.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

É necesario, é imprescindíbel, cambiar esta dinámica xa. Por iso é imprescindíbel aumentar o noso autogoberno e avanzar cara a unha soberanía política que nos ceibe as mans para poder adoptar medidas acordes coa nosa realidade, diferente e particular, para así dotar o Goberno galego de todas as ferramentas posíbeis para poder afrontar con decisión este gravísimo problema, que afecta a clase traballadora en xeral pero especialmente os traballadores e as traballadoras galegas.

Pola gravidade do problema, en tanto non poidamos decidir nós por nós mesmos, urxe que o Goberno galego adopte decisións a curto e medio prazo dentro do actual marco normativo e legal vixente. Unha decisión sería incrementar o número de competencias de inspección dos técnicos e técnicas habilitadas do Issga. Fan falta máis brazos. Os que están cumpren co seu traballo, pero os datos amosan que non son suficientes. Hai técnicos ben formados e con experiencia. Aproveitémolos para formar as novas incorporacións e aliviar a carga de traballo dos que xa existen.

Un dato tan demoledor como que —con datos pechados do ano 2021— na Galiza as mortes laborais por infartos, derrames ou outros accidentes cardiovasculares se incrementasen nun 78 % en relación co ano 2020 fai necesario aumentar e optimizar a coordinación co Servizo Galego de Saúde e cos dispositivos públicos de prevención, co obxectivo basicamente de mellorar a detección destas enfermidades profesionais e, sobre todo, identificar, prever e anticipar factores de risco.

Hai que impulsar tamén a elaboración dunha estratexia galega de seguridade e saúde laboral 2022-2027 coa participación de todos os axentes sociais e que conte, ademais, con dotación orzamentaria; e un plan específico de seguridade e acción preventiva para priorizar e minimizar os accidentes de traballo graves e mortais. Traballar nunca debe supoñer un risco para a vida. Actúen, por favor, para reverter esta situación. Apoien as nosas propostas para dotarse das ferramentas necesarias para reducir a sinistralidade laboral no noso país.

Nada máis polo de agora. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez López.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

A seguridade no traballo ten que ser un obxectivo de primeira necesidade. Actualmente a sinistralidade laboral aínda dista moito dos rangos que poidan considerarse aceptables. Por iso, este grupo parlamentario defendeu unha proposición non de lei na sesión plenaria de xaneiro do presente ano na que instabamos a Xunta de Galicia para que elaborara un plan estratéxico de seguridade e saúde laboral coa participación dos axentes sociais, no que se estableceran medidas concretas e se determinaran prazos de execución e orzamento suficiente —punto que coincide co plantexamento da moción que hoxe nos ocupa—. A iniciativa foi rexeitada polo grupo maioritario desta Cámara e votada a favor polo Bloque Nacionalista Galego.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O Grupo Parlamentario Socialista entende, igual que os sindicatos UXT e Comisións Obreiras, que a redución da temporalidade —que xa apunta nos primeiros meses da vixencia da reforma laboral— será sen dúbida un vector de mellora dos indicadores de saúde e seguridade laboral. Porque é unha realidade que a precariedade mata, e que se están dando pasos importantes para acabar con ela a pesar da oposición do Partido Popular á citada reforma laboral e, en consecuencia, a avanzar nesta lacra.

Os ERTE, as subidas do salario mínimo interprofesional, a «Lei rider», a Lei do traballo a distancia e, sobre todo, a reforma laboral supuxeron un xiro significativo nas políticas sociolaborais. Porque, como sinala o manifesto do Día da Seguridade e Saúde Laboral, celebrado o pasado 28 de abril, o traballo —dicía e dicimos— debe ser decente, digno, de calidade e libre de riscos. Ninguén debería ter que elixir entre traballo e saúde. Certo é que se insta por parte dos sindicatos a impulsar políticas decididas en materia de prevención de riscos, e a converter nunha prioridade para os gobernos esta materia.

Nesa liña, o Goberno do Estado, en decembro de 2021, presentaba un plan de choque contra os accidentes mortais no traballo, esperando que tamén xere un aspecto positivo nos accidentes graves. O plan ten como lema: «Arriscar a túa vida non é unha opción». O plan non é unha acción illada, senón que se está a elaborar unha nova estratexia española de seguridade e saúde no traballo, en proceso de negociación cos interlocutores sociais e coas comunidades autónomas, como apuntaba o portavoz do Bloque Nacionalista Galego, e que fixará obxectivos ambiciosos para a redución da sinistralidade.

Neste plan de choque figura como prioritaria a planificación anual da Inspección de Traballo e Seguridade Social, con campañas específicas nos sectores que presenten maior número de incidencia. Polo tanto, unha maior parte da actuación de inspección será planificada e non derivada de denuncias, convertendo a súa actuación en preventiva fronte ao risco e cunha perspectiva de xénero e non só reactiva fronte ao dano.

Como novidade, hai que indicar que este plan parte dunha colaboración e coordinación total co Instituto Nacional de Seguridade Social e se dirixirá non só aos sectores prioritarios senón cara a actividades prioritarias en función da sinistralidade que sofren —como en Galicia a pesca ou o sector agrario—. Concretando con datos, os 24.511 accidentes en Galicia no 2020 e os 28.528 no 2021 reflicten que a sinistralidade laboral segue a ser a gran lacra do mercado de traballo, cun incremento dun 18,3 % en relación co ano anterior. Dentro dos accidentes mortais en xornada, houbo 48 no ano 2021, e 25 producíronse por infartos e outras patoloxías non traumáticas. Neste senso, UXT-Galicia demanda políticas que tendan á redución da incidencia dos riscos psicosociais entre a poboación traballadora. Tanto os infartos como os derrames cerebrais son patoloxías asociadas a este tipo de riscos laborais.

En canto ao índice de incidencia na nosa comunidade de accidentes por cada 100.000 traballadores, foi un 16,36 % máis elevado que o ano anterior. Este índice, no caso dos sinistros mortais, situouse no 4,78 %. Nos dous primeiros meses do ano 2022 —segundo os datos do Ministerio, xa que a Xunta non dá estes datos e os últimos que dá están pechados no 2021—, Galicia rexistraba un total de 4.338 sinistros, o que supón un incremento dun 26 % en relación a hai un ano, e 33 accidentes mortais no que vai de ano. Un parlamentario socialista, como non pode

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ser doutra maneira, quere recordar e mandar o apoio ás familias dos traballadores e traballadoras falecidos por accidentes laborais, e tamén recordar a traxedia vivida co *Villa de Pitanxo*.

Tamén a organización sindical UXT demanda situar a prevención no centro da recuperación e facer da saúde laboral un dereito fundamental. Nesta liña de traballo, o sindicato demanda abrir mesas de diálogo social para poñer o foco na prevención de riscos laborais e nas condicións de seguridade e saúde nos centros de traballo, así como un plan de choque para afrontar a sinistralidade laboral, que reflicte un aumento do 18 % —como dicía— no último ano. Tamén hai que fortalecer os organismos encargados de velar pola seguridade e saúde nos centros, que vai na liña tamén da moción presentada.

Tamén, é certo, son necesarios cambios lexislativos para interiorizar a prevención no seo das empresas co fin de xestionar a prevención de xeito eficaz así como de reverter as normas que permitiron asumir a prevención ao empresariado nas empresas de ata 25 traballadores, mellorar a calidade das actividades preventivas, incorporar a perspectiva de xénero na prevención e abordar os riscos derivados das novas formas de organización do traballo —como a dixitalización, a intelixencia artificial, o teletraballo ou o traballo en plataformas—, especialmente no seu impacto nos riscos psicosociais, así como nos riscos derivados dos efectos que o cambio climático ten para a saúde das persoas traballadoras.

Para isto precísanse ampliar os recursos humanos e materiais da Inspección de Traballo do Instituto Nacional da Seguridade Social. E a Fiscalía ten que abordar con máis intensidade a súa acción nos delitos de risco e dano á saúde dos traballadores. Tampouco pode faltar a creación dun delegado ou delegada de prevención territorial ou sectorial.

Miren, logo da gran recesión do ano 2008 e da imposición de políticas de austeridade por parte do Partido Popular como única vía posible da saída da crise, vimos como os recortes debilitaron servizos públicos que agora se revelan imprescindibles, como a sanidade pública. Paralelamente, producíase unha redución de investimentos en prevención de riscos laborais nas empresas e de financiamento de políticas públicas activas en materia preventiva. Por iso non somos iguais, portavoz do BNG, o Partido Popular e o Partido Socialista nesta materia, nin moito menos.

Falando de orzamentos da Xunta de Galicia, falando da aportación do Goberno galego cara á sinistralidade e á prevención de riscos laborais, e facendo unha comparativa en materia de partidas presupostarias, entre o 2009 —que foi o último orzamento que fixo o Bipartito— e o 2022 —o último que fixo o Partido Popular—, nas partidas da nosa comunidade dedicadas á prevención, concretamente no Programa 324B, os datos reflicten que o goberno do Partido Popular reduciu un 44 % o orzamento dedicado á prevención. Exemplo: Issga no ano 2009 —Bipartito—, 10.707.000; neste momento, 6.615.000. Esa é a diferenza entre o Partido Popular e o Partido Socialista *(Aplausos.)*

É preciso reiterar que a alta temporalidade na contratación galega fai que moitas persoas traballadoras non reciban formación en materia preventiva nin se produza a necesaria vixilancia da saúde por parte das empresas —ambas cuestións obrigatorias segundo a Lei de prevención de riscos laborais—.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

É necesario elaborar e aprobar un plan galego de seguridade —acción preventiva no que participen tanto o Issga como o Consello Galego de Relacións Laborais—, así como impulsar esa estratexia de saúde laboral que nós tamén demandabamos nesta tribuna. Neste punto teño que reivindicar tamén que o Issga foi creado e regulado a través da Lei 14/2007, do 30 de outubro, baixo o goberno de Pérez Touriño, sendo conselleiro de Traballo Ricardo Varela, e levado a cabo a través da Dirección Xeral de Relacións Laborais cun proceso de diálogo social cos axentes sociais. Configurouse un instituto de seguridade como organismo autónomo, con autonomía funcional e plena capacidade de obrar, e creáronse as escolas —como sabe— técnica e superior de relacións laborais.

Tamén nese goberno, a través da Orde do 21 de febreiro de 2008, se creou a Comisión Consultiva Tripartita da Inspección de Traballo, ao amparo do diálogo social, na que se adoptaron medidas para a revalorización e mellora da Inspección de Traballo e Seguridade Social co fin de que as organizacións empresariais e sindicais foran consultadas e puideran formular propostas sobre os obxectivos e programas do sistema da Seguridade Social, e reforzar o sistema da inspección para mellorar a eficacia e a eficiencia na definición de programas e obxectivos da Inspección dentro da comunidade autónoma. E nesta liña debemos seguir apostando.

Por iso imos aprobar esta iniciativa. Estamos de acordo cos puntos elaborados nela. E creo que na miña intervención queda constancia da diferenza da aposta do Partido Socialista cando gobernou no Bipartito nesta materia, e tamén agora da aposta do goberno de Pedro Sánchez e das políticas que emprende o Partido Popular, moi diferentes. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Boa tarde.

Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señora Dacosta, desde logo que en Galicia hai unha diferenza entre o Partido Popular e o Partido Socialista, só fai falta mirar esta bancada e mirar a bancada que ocupan vostedes. *(Aplausos.)*

Pero, miren, se hai algo no que coincidimos todos nesta tarde é que a sinistralidade e a saúde laboral son motivo de preocupación do conxunto da sociedade española e, por suposto, tamén da sociedade galega. É unha preocupación que, desde logo —e así o transmitiu a conselleira na sesión anterior—, é compartida polo Goberno galego e polo grupo maioritario desta Cámara. Polo tanto, nin nula vontade política —como dicía vostede, señor Pérez— nin característica estrutural. E tampouco abocamos as galegas e os galegos a unha desprotección social e laboral, como dixo na pasada sesión, senón exactamente todo o contrario.

A min gustaríame neste debate —porque me parece que ten unha especial importancia— deixar á marxe a ideoloxía de cada un e deixar calquera polémica política neste eido. Gusta-

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ríame empezar a sumar e a aportar solucións entre todos a través dun debate tranquilo e sosegado, cando menos. E digo aportar, señor Pérez, porque teño que recoñecerlle a miña decepción coa moción que estamos a debater hoxe, unha decepción froito das súas palabras. Porque vostede rematou a súa interpelación á conselleira no pleno anterior poñendo en cuestión todo o que se estaba a facer, dicindo que nada valía e, por iso, cuestionando non o Partido Popular —non se equivoque—, senón cuestionando o Issga, cuestionando o Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral e a todos os técnicos que están a traballar neste eido. Dicía vostede que na moción que ía traer hoxe o Bloque Nacionalista Galego proporían actuacións para mudar esta situación.

E hoxe preséntannos cinco puntos, cinco puntos que, en resumo, se os le con atención calquera que poida lelos, veñen dicirlle ao goberno do Partido Popular que siga a traballar na liña na que o vén facendo ata este momento; porque o que están a pedir hoxe é moito menos do que está a facer o Goberno galego. Quedan curtos pedindo se o comparamos con todo o traballo que se está a desenvolver dende a Xunta de Galicia no ámbito do benestar laboral. E voullo argumentar.

Miren, pídennos elaborar e aprobar un plan galego de seguridade e acción preventiva. Acaban de dicirlle á miña compañeira Elena Candia que facemos un plan por minuto. Teñen que aclararse vostedes, porque á parte o acaba de dicir o Bloque Nacionalista Galego. *Palo que aras palo que no aras*, este é o seu plan. O que piden vostedes para encher o papel queda ben, está moi ben redactado —iso teño que recoñecérllelo—, pero a aportación para a redución da sinistralidade laboral no noso país é cero. Porque en Galicia —parece mentira que vostedes aínda o descoñezan— xa contamos cunha planificación de actuacións deseñadas e consensuadas cos axentes sociais, que recollen medidas e accións para incidir tanto na mellora da xestión preventiva —que é fundamental tanto a nivel dos traballadores como a nivel das empresas— como na redución da sinistralidade laboral.

E podería falarlle longo e tendido, podería falarlle da Estratexia galega de seguridade e saúde laboral 2017-2020, que segue estando vixente porque está prorrogada ata este ano; dos sucesivos plans anuais do Issga —neste momento en execución o do ano 2022—; ou do grupo de traballo técnico, participado polos axentes sociais, sobre sinistralidade laboral, que botou a andar no mes de decembro do ano 2020 e que está conformado polos técnicos da Dirección Xeral de Relacións Laborais, do Issga, dos catro sindicatos —señora Dacosta, tamén da UXT— e da Confederación de Empresarios de Galicia. En pouco máis dun ano mantivo xa oito sesións de traballo nas que estivo a afondar na análise da sinistralidade laboral por sectores—podemos falar da pesca ou podemos falar do sector forestal, por exemplo—, por riscos concretos —caída en altura ou na operación de tala, da que xa tivemos algunha campaña—, ou por colectivos, como poden ser as persoas traballadoras das explotacións de gando, nas que tamén houbo outra campaña. Búscase sempre a promoción de contornos laborais saudables e a promoción da saúde no traballo para reducir eses accidentes —dos que vostede tamén falou o outro día— que teñen como causa patoloxías non traumáticas e que están a supoñer máis do 50 % dos accidentes mortais en xornadas laborais.

Se vostedes afondasen e estudasen todo o que se está a facer e todo o que está en marcha nestes momentos non virían a esta Cámara con esta proposta, porque —repítollelo— é moito

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

menos ambiciosa que o plan que está a levar a cabo o Goberno galego. Polo tanto, ¿hai preocupación?, si; ¿hai vontade?, si; ¿hai compromiso por parte do Goberno galego?, si, señorías; ¿hai Plan galego de seguridade e acción preventiva?, si, moito antes desta iniciativa que traen vostedes hoxe.

Miren, pídennos tamén impulsar a elaboración dunha nova estratexia galega. E tráeno como novidade mes e medio despois de que a propia conselleira fixese público que se vai deseñar esa nova estratexia para dar resposta aos riscos existentes e aos emerxentes na nosa comunidade. E pídennos implicar os axentes sociais cando hai xa un acordo con eles para iniciar esa negociación unha vez contemos co marco estratéxico a nivel estatal, que neste momento se está a negociar tanto pola parte do Estado como polas comunidades autónomas como polos axentes sociais a nivel nacional, e no que Galicia e Cantabria están a actuar representando o resto das comunidades autónomas do noso país. Mes e medio despois de que o Goberno galego —e non llo digo eu, está publicado— diga o que vai facer, cando se vai facer e haxa acordo cos interlocutores sociais, vostedes traen unha moción para pedir que se faga. Díganme exactamente onde está a aportación do Bloque Nacionalista Galego máis que recoñecer que están vostedes indo a remolque do que está a facer este goberno

Pídennos tamén incrementar as competencias dos técnicos habilitados. E eu pídolles rigor cando falen disto, pídolles rigor para non confundir as galegas e os galegos, porque vostedes saben —pero interésalles mesturalo todo e facer así un popurrí cando lles convén— que esas competencias veñen fixadas por unha normativa estatal e que o Goberno galego non ten capacidade ningunha para regular —nin as funcións nin as competencias—. Pero tamén lles digo —para que queden tranquilos— que existe unha boa coordinación e que están a facer un extraordinario labor.

E no referente a optimizar a coordinación co Servizo Galego de Saúde, por suposto que se vai seguir incrementando esa colaboración, non só co Sergas, tamén coa Consellería de Sanidade; e así se reflicte nos distintos plans de actuacións do Issga. Eu pediríalles tamén que lle botasen un vistazo, porque esta colaboración non é de onte. Desde o ano 2011, recén chegados a este goberno, impulsouse o circuíto de sospeita de enfermidade profesional —un circuíto automatizado dende o ano 2018 e que responde a un dos obxectivos recollidos na estratexia aínda vixente hoxe—. E, ademais, dende a Consellería de Sanidade hai unha colaboración activa cos grupos de traballo dependentes do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Eu non lles vou negar que hai que seguir traballando, por suposto que hai que seguir a facelo e para iso teñen a nosa man tendida. Pero esa colaboración coa Consellería de Sanidade teñan seguro que se vai seguir intensificando, porque, ademais, a consellería vai estar presente na negociación da futura estratexia.

E xa por último —e remato xa—, señor Pérez, non nos proe falar de transferencia. Voulle falar agora. Por suposto que desde o Partido Popular aspiramos ao máximo teito competencial e contemplamos esta transferencia, contemplamos esta transferencia, señor Pérez. E por suposto que queremos avanzar na defensa do autogoberno, pero de acordo cun plan ordenado. E iso dá para un debate moito máis serio do que plantexou vostede aquí nesta Cá-

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mara durante o tempo de hoxe. Porque na defensa dos intereses das galegas e dos galegos este grupo non vai votar ningunha competencia que non veña co financiamento necesario para poder levala a cabo. E aproveito a ocasión para recordarlles que nestes momentos hai pendente o traspaso de competencias prioritarias para o noso país e das que tanto o Partido Socialista coma vostedes, señor Pérez —que colocaron a cambio de nada para Galicia o señor Sánchez na Moncloa—, igual nos poden dicir algo. E estoulle a falar da AP-9 ou da xestión do litoral, porque a nova lei está a poñer en risco o futuro de moitas industrias costeiras en Galicia e están no aire moitísimos postos de traballo. E se non hai traballo, xa me dirá vostede para que queremos inspección na nosa comunidade.

En resumo, todo o esforzo e toda a vontade pola nosa parte para seguir traballando en reducir a sinistralidade laboral. Pero o que non podemos aceptar é que traian aquí cinco propostas en branco —porque moita letra, si; pero contido, pouco, señor Pérez—, nin que queiran transmitir desleixo por parte deste goberno de cara á cidadanía, porque é todo o contrario e acábollo de demostrar.

E eu quería finalizar convidándoos a sumar, convidándoos a continuar traballando todos os grupos unidos para mellorar o benestar laboral en Galicia e reducir a sinistralidade, convidándoos a traer a esta Cámara propostas serias e reiterándolles a nosa man tendida para esa tarefa.

Máis nada pola miña parte e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez López.

Polo grupo autor da moción, o señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Grazas, señor presidente.

Señora Pérez López, de verdade que eu estou alucinando. Vostedes si que non escoitan. Vostede non escoitou a miña intervención. Vostede comezou achacándonos que estabamos culpando os funcionarios do Issga e os funcionarios da Inspección. ¡Non escoitou a miña intervención para nada! Deixamos moi claro na nosa intervención que fan o que poden, pero iso non é suficiente. Señora Pérez López, non o é, e o resto é intentar liala e marear a perdiz.

Falaba vostede, ¡Dios mío!, de asumir competencias e de que había unha clara vontade de asumir competencias. ¡Trece anos sen asumir nin unha soa competencia! *(Aplausos.)* Xa podería acabar aquí a miña intervención. *(Aplausos.)* Pero ¿a quen queren enganar? ¡Trece anos! ¡É que é incrible! É dicir, teñen o tremendo papo de subir aquí e dicir que se plantexan e que teñen programado asumir competencias. ¡Tiveron trece anos e non fixeron absolutamente nada! *(Aplausos.)* ¡Nada! *(Aplausos.)* ¡Nada!

E despois hai outra cuestión bastante importante: estamos aquí falando de sinistralidade laboral e vostedes, coma sempre, acabaron outra vez caendo nos mesmos clixés nos que caen unha e outra vez; nos mesmos clixés sobre o BNG aos que recorren habitualmente no seu discurso e que xa ninguén cre, absolutamente. Hoxe era o día nesta moción para que

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikiI-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vostedes presentaran argumentos sólidos que confronten as nosas propostas. ¿E saben o que fixeron? Non fixeron nada. Volveron caer outra vez no de sempre, porque vostedes carecen de argumentos. Porque os números sobre sinistralidade laboral grave ou mortal na Galiza son terríbeis e incontestábeis. E vostede non fixo referencia en ningún momento a ningunha das persoas falecidas durante todos estes anos. ¿Fixo vostede algunha referencia no seu discurso? ¡Nin unha, cero! Estamos falando de sinistralidade laboral, señora Pérez López. Hai que ter un pouco máis de seriedade e, sobre todo, hai que subir aquí cun pouco máis de sensibilidade e de humildade. Non vale todo, hoxe era o día para que non valese todo isto e volvemos outra vez ao mesmo.

Como lle digo, soamente e simplemente é suficiente con poñer encima da mesa os números de falecidos neste caso no traballo e de accidentes graves na Galiza para constatar que as políticas implementadas polo Partido Popular nos últimos trece anos non foron suficientes. E volvereillo dicir aquí cantas veces sexa necesario e traeremos cantas propostas sexan necesarias para que muden iso polo menos nos próximos dous anos. Despois xa o faremos nós, non se preocupen. *(Aplausos.)*

Estamos á cabeza, Galiza está á cabeza en sinistralidade grave e mortal. Non foi nin un ano nin dous, ¡eh! ¡Nin un ano nin dous! Levamos así case un decenio. Non me vale con que veña con que xa hai políticas postas en marcha coas mesmas receitas de sempre, con que xa hai políticas da Xunta. Non, non vale, ese argumento xa non vale porque está totalmente vacío, porque os resultados están aí, porque as estatísticas están aí. E detrás das estatísticas ¿sabe o que hai? Persoas, hai sufrimento.

E o peor de todo é que coas políticas adecuadas e coas competencias adecuadas asumidas pola Xunta, polo Goberno galego, poderiamos polo menos atallar a sangría constante que ano tras ano temos de traballadores e de traballadoras galegas falecidas. Ese é o gran problema, esa é a gran pena. As estatísticas están aí, e vostede non mas discutiu. Sempre van aos datos estatísticos pero hoxe non dixo absolutamente nada diso, ¡nada! Tamén é raro, ¡eh!

Se en España aumenta o número de sinistros laborais mentres no resto de Europa baixa, está claro que hai un problema en sinistralidade laboral. Ata aí coincidimos. Pero é que, claro, na Galiza somos líderes nese ránking; o que é o mesmo: somos líderes a nivel europeo en sinistralidade laboral grave e mortal, a nivel europeo. Aí si que xogamos a Champions grazas ao Partido Popular e aos seus trece anos de xestión. Ese é o gran problema. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se alguén quere falar, presidente, que veña ata aquí. *(O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.)*

As políticas da Xunta foron fallidas. Eu creo que iso queda claro polos datos que acabamos de poñer enriba da mesa e que vostede nin sequera nomeou. E iso paréceme amosar pouca sensibilidade.

Hoxe era unha intervención de perfil baixo, e a miña tamén sería de perfil baixo, pero é que así non podemos ir. Porque, ¿quen ten a competencia en materia de seguridade e prevención laboral no noso país? ¿Que traballo de concienciación e explicación didáctica fixo o Goberno galego para que as pequenas e medianas empresas interiorizasen que é importante a prevención? ¿Que tra-

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ballo se fixo? Temos un tecido empresarial que está integrado por pequenas e medianas empresas, no que a prevención ou a concepción da prevención como un investimento e non como un custo é complicado. Pero para iso hai que traballalo, e a Xunta non fixo nada nestes trece anos.

Solicitamos tamén as competencias, claro que si, as competencias totais no Issga. Iso xa lle corresponde ao Goberno galego pero hai que potencialo aínda máis. Por iso pedimos o aumento de persoal e de medios.

E no caso da Inspección está claro que hai coordinación, hai coordinación. Claro que hai coordinación, pero tampouco é suficiente. A mostra témola na folga, o paro que estaba convocado para principios de marzo, que se atallou dalgunha maneira dende o Goberno central. Pero é que aí as causas desa folga eran claras: denunciar unhas condicións mínimas que lles permitan cumprir coas súas tarefas, que nos últimos anos se incrementaron exponencialmente mentres a plantilla, en lugar de crecer, se reduciu —referíndose á Inspección de Traballo aquí na Galiza, e a nivel estatal, por suposto—.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Carécese da plantilla necesaria, carécese dos recursos técnicos e materiais fundamentais, non existe un recoñecemento do esforzo das plantillas. Estes eran os motivos desa folga. Por iso o digo, que haxa dúas administracións —queira que non— supón unha distorsión. Eu creo que niso coincidimos. Se xuntamos todo o que é a prevención e a saúde laboral baixo o Goberno galego, é dicir, para que sexa a Xunta quen teña a capacidade para decidir canto se inviste e como se inviste, eu creo que imos optimizar o sistema —por moito que o tránsito sexa complicado, que pode selo, claro que si—. Pero eu creo que é a única saída e eu creo que niso coincidimos —e en moitas outras cousas, xa llo digo tamén—.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Si, simplemente quero rematar dicindo que as medidas que presentamos teñen un único obxectivo, que é reducir a sinistralidade laboral e mellorar a saúde e a seguridade no traballo. Dende logo, o feito polo PP nestes anos non funcionou. Démonos a oportunidade para que traballar non constitúa un risco para o noso país. Invistamos en vida para a clase traballadora deste país.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Asumamos o control de todo o relativo á prevención e seguridade da inspección laboral. Abramos novos camiños. Non hai nada que perder, só que gañar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre os servizos de medicina interna

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Torrado.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non se presentaron emendas.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e todos.

Vivimos —non é unha novidade nin obviamente un descubrimento— unha situación crítica no sistema sanitario. É tan crítica como que os propios profesionais están alertando dende hai moito tempo que, se non tomamos medidas reais, se non afrontamos o problema, teremos un problema de sostibilidade do propio sistema, pode que non sexa capaz de aguantar o suficiente.

En medicina interna, que é o obxecto real desta interpelación, a situación non é para nada máis alentadora que noutros servizos, nin sequera hai esperanza neste ámbito. Practicamente o que podemos entender é que o problema, que estaba unicamente localizado en atención primaria, ou aparentemente localizado en atención primaria, se traslada xa con toda crueza aos hospitais. E a realidade é que vai pasar duns servizos a outros, porque os problemas sanitarios van derivándose aos servizos, onde van mostrándose con maior impacto en función de como funciona o sistema e como o traslada aos pacientes. E os servizos de medicina interna dos hospitais son, como diciamos hai quince días na interpelación, como a atención primaria dentro do hospital. En xeral teñen un sistema de atención máis xeralista e ademais teñen uns problemas asociados. Os pacientes que ingresan, ingresan a través de interna e, polo tanto, cargan moito o traballo a través dos profesionais de interna. E a pesar de que outros servizos teñen outros problemas asistenciais, esa carga de traballo, por exemplo, cae sobre os profesionais de medicina interna. En definitiva, é un servizo que está con moitas dificultades, como teñen outros servizos, pero que ademais neste caso teñen unha carga de traballo excesiva.

Pasaron polo caso da covid, no que todos os profesionais sanitarios merecen o noso recoñecemento, indubidablemente. Pero algúns servizos, por determinadas circunstancias, confrontaron moito máis coa covid. E foi o servizo de medicina interna probablemente un dos máis sinalados neste campo. Pero ninguén os atendeu, durante anos ninguén os atendeu.

E hai un problema bastante grave que ten que ver cos profesionais, o de como se senten e como é a realidade dos seus datos. Recentemente a situación crítica na que vivimos amosouse nunha carta dos xefes de servizo dos centros hospitalarios galegos. A Consellería preocupouse unicamente de solventalo moi rápido para intentar conseguir enviar unha nota de prensa. Ese é o obxectivo da Consellería ante os problemas sanitarios: enviar unha nota de prensa na que di que está todo resolto. Nada máis lonxe da realidade, como os propios profesionais se encargan de dicir constantemente.

Para facer valer os datos dicíase aquí hoxe á mañá —e cóntase moito— que o que é medible non é discutible. Certamente vivimos nun tempo no que na política case o máis revolucionario é dar un dato, porque ninguén está disposto a entendelo e ninguén está disposto a atendelo. E é máis, vivimos no tempo no que se discuten as realidades, porque é moito máis interesante para algúns discutir a realidade e intentar negala. E creo que nisto é bastante claro o exemplo que vou poñer, por poñer un deles.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No hospital de Santiago hai quince anos, ¡quince anos!, que ningún profesional de medicina interna que pasa polas prazas de MIR e se forma queda no hospital. ¡Quince anos formando MIR e quince anos sen quedar con ningún nun servizo que leva durante moito tempo dicindo que temos un problema de persoal! Non é unha cousa de hai poucos meses, non é un esquecemento de hai uns minutos, nin sequera dun ano. ¡Quince anos, quince, e trinta profesionais MIR que pasaron polo hospital de Santiago que ninguén contratou! A ninguén nestes últimos tempos se lle deu por pensar que estamos perdendo profesionais para contratar porque alguén os está contratando e nós non. E ninguén se para a pensar sobre isto.

E fronte a isto hai un goberno que tristemente está perdido e desesperado. E para mostra o que vimos na interpelación da semana pasada, na que, coincidentemente co que debatiamos aquí, o mesmo día existía unha noticia bastante coñecida: que dimitiu o xefe do Servizo de Medicina Interna de Santiago, un dos profesionais máis recoñecidos do noso sistema galego nesta especialidade e probablemente tamén noutras que tanxencialmente traballan con eles.

Aquí vivimos algún bochorno; por exemplo, o conselleiro queréndoo negar, negando unha dimisión, intentando escusala con que era unha xubilación, intentando atacar a quen trouxo esa información aquí, que fomos nós —que tiven a oportunidade eu de facelo en nome do Grupo Socialista—. Atacar persoalmente a quen trae unha información que amosa o problema, discutir a un profesional, intentar negalo, intentar poñer na súa boca palabras que non eran e vivir o bochorno de como durante as horas seguintes e os días seguintes os profesionais lle teñen que pintar a cara ao conselleiro —porque, aínda que non o din coa mesma palabra para non ser duros, foi un mentiroso— é o que vivimos nese pleno, nese pleno pasado no que discutiamos diso. Porque a realidade é que se intenta negar o dato máis real, incluso dicindo que era o primeiro caso que ocorría. Hai dous meses ocorría o mesmo en Ourense, e non por negar a realidade vai deixar de suceder, nunca vai pasar, nunca. Podemos esconder a realidade, pero a realidade segue o seu camiño. E, por tanto, esta é a situación que vivimos, unha situación crítica da que os profesionais dos servizos de medicina interna levan alertando durante moito tempo, na que non se contratan profesionais —aí están os datos— e na que os xefes de servizo están fartos e dimiten. E ninguén quere atender a iso. É máis, inténtanse falsear as realidades.

E ante isto ¿que podemos facer? Podemos facer como que non pasa nada e discutir a ver quen é capaz de vender o mellor relato e o mellor márketing. A verdade é que esa é unha discusión bastante curta: sempre gana o PP. Vendendo relatos, eu recoñézolles sempre que son vostedes campións de Europa, do mundo e da galaxia, e incluso das galaxias novas que se veñen de descubrir nestes últimos días. Pero a realidade é que temos un problema.

¿Por que pasa isto? Pasa isto porque levamos dez anos sufrindo os recortes que vostedes facían con alegría, con sorrisos, facendo competicións de a ver quen recortaba máis. E este é o problema que estamos pagando agora, que vostedes estaban recortando con alegría e hoxe choran o que non souberon defender antes. E agora temos todos este problema que vostedes crearon, crendo, ademais, que o estaban facendo polo ben da patria, da patria de non se sabe moi ben quen. Porque o que estaban facendo é destruír a patria de verdade dun país, que son os seus profesionais sanitarios, os colexios e os traballadores públicos, os servizos públicos. Vostedes, destruíndo iso, creron que estaban facendo algo bastante bo. Pero é que,

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ademais, desatenderon todas estas cuestións que lles estaban trasladando os profesionais —que o levan facendo durante moito tempo—. E aquí ninguén lles fixo nin caso. Probablemente porque sexan servizos que dan menos titulares, son moito máis bonitos outros que dan máis titulares, a mercadotecnia é moito mellor. Incluso nestes servizos hai menos tecnoloxía que noutros, e a tecnoloxía vende moi ben, cóbrese moi ben nos periódicos, saen moi boas fotos, pero os servizos seguen sen estar axudados.

Nós traemos algunhas propostas. É imposible resolver todo a través dunha soa medida, pero nós traemos algunhas propostas que se fundamentan basicamente na estabilidade, continuidade para os profesionais, e en planificar; que alguén, por favor, lle poña cabeza ao sistema sanitario e sexa quen de entender que levamos dez anos pagando as consecuencias dos recortes e que é necesario revertelos. Estamos chegando tarde, e isto é parte do que nós consideramos a solución.

Nós traemos unha proposta a través desta moción que implica medidas urxentes, medidas a medio prazo e medidas a longo prazo. Hai medidas urxentes; por exemplo, convocar prazas directamente en medicina interna. Vostedes diranme: ¿E isto como se fai? E entón eu devólvolles a pregunta: ¿Por que levan meses presumindo de que acaban de facer unha convocatoria de 106 prazas en primaria? Por certo, aínda non responderon a por que as outras 250 non, esas que van quedar fóra. Se veñen presumindo de facer esa convocatoria de persoal laboral en primaria, ¿por que non en medicina interna? É posible facelo. E, ademais, vostedes alertan con toda tranquilidade de que non é cuestión de cartos, como os novos ricos. Isto non é cuestión de cartos. Fágano, teñen na súa man facelo. Coñecen o sistema, coñecen o mecanismo e, por tanto, poden facelo. Se non o fan é porque non queren. Sería unha convocatoria extraordinaria agora para cubrir as necesidades urxentes.

A medio prazo hai que comprometer que todas as OPE próximas van levar as máximas posibilidades de convocatoria en medicina interna. Non estivo ocorrendo así, non estivo ocorrendo. E como non estivo ocorrendo, hai profesionais que tiveron que saír, que van á privada, que van a outras comunidades autónomas. Se queren negalo, podemos evidencialo cos datos. Eu agardo que non neguen as realidades.

E a longo prazo necesitamos habilitar máis prazas e poñer os medios suficientes para solicitar máis prazas MIR. Pero hai que traballar para facelo. Non vale con subir aquí a dicilo. Hai que traballar e habilitar as prazas, porque para pedir prazas de formación hai que dicir onde, con que recursos e con que titores. Non vale con dicilo e gañar titulares de prensa. Pero nós cremos que iso hai que facelo.

Tamén necesitamos estabilidade, continuidade e planificación, porque ese é o problema. E nós traémoslles algunhas solucións. E, iso si, antes de deixar que nos poidan aportar todo o posible e poidamos contribuír a un bo debate, farei non unha advertencia pero si unha pequena reflexión sobre o posible voto, por se acaso ten a tentación o PP de votar a favor —que si lle pedimos ese voto a favor—. Non nos imos olvidar de que fixemos propostas sobre saúde mental, sobre a incorporación de profesionais. Votáronas a favor e non as cumpriron. Non nos olvidamos de que fixemos propostas sobre a atención primaria, sobre o cambio de modelo e a incorporación de novas categorías, que votan a favor pero non cumpren. Non nos olvida-

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mos de que fixemos propostas sobre a incorporación de fisioterapeutas á atención primaria, que votaron a favor e non cumpren. E hoxe traémoslles propostas sobre a situación de medicina interna, que está nos medios nos últimos tempos, nas últimas semanas. Vostedes seguramente poden ter a tentación de evitar un mal titular e votar a favor, pero nós dicímoslles que votar a favor para non facelo é bastante covarde. Entón pídolles por unha vez que non sexan covardes, que voten a favor pero que o fagan. Se non o van facer, por favor, teñan a valentía de dicilo e de non votar a favor. Pero nós pedímoslles o voto a favor para que se faga, porque mentres o sistema treme vostedes están ocupados en construír un relato de éxito. E ao final van estar tan especializados no relato que, cando miren para atrás, non vai haber nada do que falar, porque van ter destruído absolutamente todo. Nós non queremos chegar a ese punto e por iso facemos propostas; que, por certo, é ao que non estamos acostumados a ver por parte do Partido Popular aquí. Hai moitos titulares pero propostas, pouquiñas, por non dicir ningunha. Nós traemos algunhas e pedímoslles o apoio para elas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Carreira Pazos.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, señor presidente.

Moi boa tarde a todas.

Antes de nada, anunciamos o voto favorable do Grupo do Bloque Nacionalista Galego a esta moción porque levamos máis dunha década co Partido Popular á fronte do Goberno da Xunta de Galiza e o que temos hoxe é unha sanidade pública que se atopa nun estado case catastrófico. A situación da atención primaria —da que xa falaremos tamén neste pleno— é dantesca. ¿Cantos centros de saúde hai no día de hoxe no noso país que teñan operativo, que teñan traballando, o cento por cento das traballadoras que integran o seu cadro de persoal? ¿Cantos centros hai no día de hoxe que non teñan persoal de baixa sen cobertura, prazas vacantes, persoal de vacacións sen outro recurso que a figura da intersubstitución para manter esa aparencia de normalidade? E tanto me ten que falemos de médicas, de pediatras, de enfermeiras ou de PSX. A situación é grave en todo o país e afecta a todas as categorías profesionais. E non se trata simplemente dese mantra que tanto lles gusta de que non hai médicos, un mantra ao que se aferran coma se foran náufragos aos restos dun navío. Trátase de desleixo, dunha política intencionada que conduce a esta situación.

E se me deteño a comentar a situación da atención primaria é por dúas razóns. A primeira delas é porque o mal funcionamento da atención primaria repercute indiscutiblemente nos demais niveis asistenciais. Podemos ver o que está a pasar hoxe en día: colapsos constantes nos servizos de urxencias cando xa estamos no verán, colapsos que nada teñen que ver coa irrupción da patoloxía respiratoria típica do outono ou do inverno, que nada teñen que ver coa gripe, con ningunha outra conxuntura puntual; colapsos que reflicten que a poboación non está sendo ben atendida, que non poden contar cunha atención lonxitudinal, programada e mantida en atención primaria. Porque xa non se trata só de ver canta demora van

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ter que soportar para ter unha cita coa súa médica de cabeceira, trátase de que tipo de consulta van ter cando teñan esa cita, se vai ser unha consulta calmada, pausada, podendo deterse a falar da prevención, da promoción da saúde, ou se vai ser unha cita atropelada, destinada a resolver o problema que a motiva e nada máis porque esa profesional ten outras sesenta persoas na axenda ese día. Sesenta pacientes nunha axenda de primaria é insostible. Hai só cinco anos ver unha axenda de trinta pacientes era unha rareza, era daquela considerada unha xornada maratoniana. Hoxe estamos atendendo o dobre de pacientes e, o que é máis grave, cada vez é menos puntual.

A atención primaria ten que funcionar, entre outras cousas, para facer un bo seguimento das pacientes con patoloxías crónicas; sobre todo pacientes maiores, que teñen patoloxías non curables pero que poden ter unha boa calidade de vida se son atendidas debidamente. Pero a falta de atención e de control deste tipo de pacientes repercute tanto en urxencias —porque se descompensan e precisan dunha atención urxente— como en medicina interna, que é o servizo —como dicía o señor Torrado— que frecuentemente asume o seu ingreso para tratar toda esta patoloxía. Canto peor funcione primaria peor vai funcionar a atención hospitalaria, peor vai funcionar medicina interna. É un servizo que, ademais, viña sobrecargado previamente á covid pero que, desde a irrupción da pandemia, asumiu unha carga asistencial inxente. Fíxose cargo —ademais do traballo habitual— dos ingresos que viñan provocados pola covid. E cómpre recoñecer o encomiable labor que desenvolveron e que seguen desenvolvendo estas profesionais.

E o segundo motivo polo que me demorei falando da atención primaria é porque «así como me ves, así te verás». A política de demolición do noso sistema sanitario que o Partido Popular leva trece anos practicando —como dicía o señor Torrado— comezou pola atención primaria pero leva todo o resto detrás. E, como dicía, xa non só porque ao debilitar o piar básico se resinta toda a estrutura —que tamén— senón porque levan a cabo a mesma política de abandono, de contratación precaria, porque non invisten en algo tan prezado nun servizo público como é o persoal. ¿Saben cal é hoxe en día a media de idade dos servizos de medicina interna no noso país? ¡Sábeno! ¡Claro que o saben! O que non lles interesa é facerlles caso, porque saben que esa media de idade xa non é que se achegue máis á idade de xubilación que á idade de entrada no mercado laboral, é que temos servizos de medicina interna na conta a atrás con profesionais que están no tempo de desconto para retirarse. Sábeno pero non lles interesa planificar e tomar medidas con antelación antes de que a situación sexa demasiado grave.

¿Como se mantén entón a atención? ¿Como se manteñen entón en funcionamento os servizos de medicina interna se cada vez hai máis profesionais que, por exemplo, debido á súa idade xa non fan gardas? Con base na explotación laboral, con base na precariedade. No día de hoxe, tal e como está a situación, cando xa saben, cando xa sabemos todas, que hai un problema, cando xa van dúas xefaturas de servizo que en algo máis dun mes lles dan plantón pola súa mala política, os contratos que lles están a ofrecer ás residentes que remataron a súa formación en maio son contratos de seis meses, saltando entre varios hospitais, sen poder estabilizarse incluso dentro do mesmo complexo hospitalario e tapando os ocos alí onde son máis urxentes.

E hai que recoñecerlles o esforzo por contratar por tanto tempo, porque o Sergas é especialista na contratación breve ou ultrabreve. ¿En que momento hoxe en día, que estamos cun

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

contrato de seis meses, é este un motivo para sacar peito? Pero persiste a precariedade porque son profesionais que non poden centrarse nun centro específico, que dependen constantemente de coller o coche, porque un día están aquí e ao día seguinte cubrindo unha garda noutro hospital. Son profesionais que non teñen uns pacientes, unhas camas asignadas. E xa non falo dese mes de cobertura nun hospital comarcal que anunciaba o conselleiro no pleno anterior, falo de que son seis meses constantemente saltando dun lado a outro. E iso repercute directamente, repercute tanto que acaba por pesar demasiado e decantar a balanza.

Levamos moito tempo avisándoos do proceso que se está a dar na sanidade pública deste país. Estamos formando profesionais, cunha formación que pode ser mellorable pero que é dunha alta calidade. Estamos destinando unha cantidade de recursos inxentes para ter as mellores facultativas posible. Son residentes —tamén hai que dicilo— que en moitos casos se destinan a tapar momentaneamente os ocos do sistema, que a pesar de estar en formación pasan a ser unhas máis da plantilla porque hai que arrimar o ombro, porque non se dá abasto; residentes que ademais lles saen fantásticas nas súas contas porque cobran moito menos que unha especialista, e así dá para ir tirando. Pero despois a esas profesionais o que se lles ofrece é precariedade laboral e así sucede o que estamos vendo, que moitas delas marchan do sistema sanitario público e van traballar a centros privados ou directamente marchan fóra de Galiza. ¿Como lles van dar os números se cada ano perden máis profesionais, se cada ano teñen máis internistas que formamos no Sergas e que optan por marchar fóra de Galiza ou por marchar fóra da sanidade pública? Hai que formar residentes, si, pero hai que ofrecerlles un futuro aquí despois. Urxen as convocatorias de oposicións, urxe a estabilización do persoal, urxe ofrecer condicións dignas para que isto deixe de ser unha sangría constante e continuada, e urxe rematar xa coa maldita taxa de reposición.

Vimos denunciando desde hai anos a situación que padecía o sistema sanitario galego, comezando pola atención primaria pero tamén coa ameaza clara sobre a hospitalaria. E desde o Partido Popular o único que fixeron foi chamarnos alarmistas, catastrofistas e seguir para adiante sen mover nin medio centímetro o marco das súas políticas. Esta situación non se deriva dun novo virus nin dunha mutación existente nin dunha mala conxunción da carta astral, deriva de anos e anos facendo caso omiso de todos os datos que vostedes teñen —por exemplo, de cantas profesionais se van xubilar cada ano, porque aínda que unha parte delas opte por prolongar a súa vida laboral iso tamén ten un remate—. Levan anos facendo caso omiso de todas as denuncias, de todas as voces de alarma, centrándose unicamente en parapetarse, en atrincheirarse de xeito bastante soberbio como posuidores da verdade absoluta. E advertíullelo hoxe novamente a valedora do pobo: «A grandísima fraxilidade do sistema que no caso do sistema sanitario vén, entre outras, da man da súa saturación».

Ridiculizar as críticas, reducir as queixas a unha porcentaxe sobre o total da actividade do Sergas, non lles dá a razón. Do mesmo xeito que unha sentenza, unha soa, sobre as represalias a un traballador da CRTVG pola súa denuncia da manipulación non é unha porcentaxe ridícula, é un feito gravísimo, *(Aplausos.)* querer ridiculizar iso afonda aínda máis na súa responsabilidade. *(Aplausos.)*

O BNG, a oposición política deste país, as plataformas en defensa da sanidade pública, todas as galegas que están no día de hoxe saíndo á rúa de xeito constante e denunciando a situación

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

na que estamos non son, non somos, alarmistas, non somos catastrofistas nin desprezamos a sanidade pública, todo o contrario. E teñan moi claro que ninguén, ¡ninguén!, fai máis con menos. Espabilen antes de que sexa demasiado tarde.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes a todos.

Moitas grazas, presidente.

Eu non sei se todos temos claro —porque a veces non me queda claro— que o principal problema que temos na sanidade —non só na sanidade galega, na sanidade en todo o país— é a falta de persoal. Penso que niso estamos claros. Señora Carreira —con todos os respectos—, en moitas ocasións vostedes son catastrofistas, son alarmistas e faltan á verdade. Mañá imos ter a ocasión de debater sobre a atención primaria e imos falar das verdades que vostedes contan.

Nós coñecemos e planificamos, e sabemos onde están os problemas que ten a sanidade. E hai anos —xa no ano 2018— empezouse cunha profunda transformación da sanidade —fundamentalmente da atención primaria—. Eu o que lles pido é que sexan coherentes e que non falten á verdade. Confío en que máis tarde que pronto o Partido Socialista —que é o que hoxe trae aquí a moción— rectifique e levante o bloqueo, e que o Ministerio atenda a toda unha batería de medidas dun manifesto que foi asinado por comunidades autónomas que non teñen precisamente a cor política do Partido Popular. Son demandas ás que vostedes de momento fan oídos xordos e que son fundamentais para concluír esa mellora. Nós pensamos que non hai minutos para perder, e se hai vontade real temos que dar unha solución e debemos apoiar todos a nosa sanidade, todos, todos os partidos políticos.

Con todo, en relación coa iniciativa que hoxe traen aquí —e como xa aclarou o conselleiro no debate da interpelación— concordamos con vostedes en practicamente todos os puntos. ¡Como non imos estar a favor dunha convocatoria extraordinaria de prazas estables para os facultativos de medicina interna se esta convocatoria xa estaba planeada pola Xunta! Na interpelación deu conta o conselleiro desa reunión que tiveron e na que foron os propios xefes de servizo os que demandaron retrasar a resolución das ofertas públicas de emprego e do concurso de traslados ata despois do verán —precisamente para non alterar as súas plantillas, que teñen moitas dificultades de cobertura—. Eu penso, señor Torrado, que vostede o debe saber. Se non, estou segura de que se pode informar diso. E nós, desde logo, imos ser respectuosos con esa petición directa que fixeron os profesionais. Este non foi o único punto de acordo da reunión. Neste foro a Consellería tamén se comprometeu á cobertura completa de todas as vacantes de medicina interna.

E tamén se acordou facer un chamamento e a contratación dos profesionais sanitarios de maneira centralizada, porque isto vai permitir coñecer e coordinar de maneira máis eficaz as distintas vacantes dos hospitais e así cubrilas con maior rapidez.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No punto número 2 tamén falan de incrementar o número de prazas e, de feito, estamos de acordo con el. Esta é unha demanda que a Xunta xa está a cumprir amplamente nos orzamentos da Xunta deste ano. Incrementáronse as prazas desta especialidade en 17, o que supuxo un aumento do cadro do 6,2 %. Acadouse así a cifra de 270 sanitarios estables. E desde o 2009 o goberno do Partido Popular —ese que vostedes tanto demonizan— ofertou 72 prazas de medicina interna a través das ofertas públicas de emprego. Na última OPE extraordinaria que se autorizou para a consolidación de emprego ofertáronse 36 prazas máis.

Tamén se está traballando coa vista posta no futuro dende o punto de vista formativo, xa que nas últimas ofertas de MIR convocadas foron un total de 85 prazas da especialidade de medicina interna, o cen por cento das prazas acreditadas. Son datos certos e contrastables que demostran que para o Partido Popular esta especialidade é unha prioridade. O Servizo Galego de Saúde sabe que se atopa por riba da media nacional no número de facultativos de medicina interna e estes son datos do Ministerio, do Goberno que vostedes dirixen. E sobre a oferta e necesidade de especialistas médicos 2021-2035 di que en España a media de internistas por cada 100.000 habitantes é de 11,8; e esta media elévase na nosa comunidade a 14,5, o que nos sitúa como a segunda comunidade autónoma con mellor ratio de España.

Onde temos unha lóxica discrepancia, señor Torrado, é no que vostedes piden no punto número 3. Non ten sentido que vostedes pretendan obrigar os residentes que rematan a súa formación a permanecer na mesma área sanitaria durante catro anos impedindo a súa mobilidade. Esta medida non resolvería os problemas existentes porque, se obrigamos a esa permanencia, estariamos limitando a posibilidade de enviar os profesionais sanitarios aos hospitais nos que, pola circunstancia que sexa, puidese haber unha necesidade de servizo ou un menor número de especialistas dispoñibles. Esta medida pensamos que sería contraproducente e iría incluso contra o acordado na reunión dos xefes de servizo de medicina interna, na que se acordou fixar que os contratos de reforzo con novos profesionais deberían asinarse cunha duración de seis meses, co compromiso de pasar un máximo dun mes nun hospital comarcal se isto fose necesario.

Finalmente, vostede pide máis prazas de formación —alégrome de que por fin caeran do burro—. Vostede debería saber que o proceso de acreditación corresponde ao Ministerio de Sanidade, por proposta da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde. Correspóndelle ao Ministerio o establecemento dos requisitos de acreditación que deberán cumprir os centros, resolver as solicitudes de acreditación de centros e unidades docentes e tamén o número de prazas docentes acreditadas en cada caso. Un inconveniente que estamos atopando nese proceso é que este é moi ríxido. Este prazo é tan reducido que non asegura tampouco que estas se resolvan con anterioridade á convocatoria da seguinte proba de acceso. E se quere ser útil, axúdenos a convencer o Ministerio de que isto se debe cambiar e pode cambiarse.

No que respecta ao papel da Xunta de Galicia, nas últimas catro convocatorias na especialidade de medicina interna convocáronse a totalidade, todas, as 17 prazas acreditadas polo Ministerio de Sanidade. Polo que a parte que lles corresponde ás competencias da Xunta de Galicia está cumprida. A pelota está agora no tellado do Ministerio. Por iso foi polo que as comunidades autónomas estamos pedindo —case implorando— ao Goberno central que

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tome as medidas necesarias para que o sistema de solicitude de acreditación de prazas estea aberto de forma permanente e non unicamente en períodos tan curtos de tempo. E por iso é polo que lle pedimos ao Ministerio que se resolvan as solicitudes propostas antes da seguinte convocatoria para poder incluílas.

Respecto da petición final, na que demandan un reforzo da oferta de prazas para cubrir nos hospitais comarcais, permítame que lle lembre algunhas das medidas que xa trasladou o conselleiro, como son a contratación centralizada, fixar os contratos de reforzo co compromiso de pasar un máximo dun mes no hospital comarcal, a cobertura dos gastos de aloxamento e desprazamento necesarios para os profesionais que sexan requiridos para prestar servizos nos comarcais ou garantir que o tempo de servizos que se preste colaborando nos hospitais comarcais se valore para futuras OPE e concursos co triplo de puntuación. Adquiriuse tamén o compromiso de buscar todas as fórmulas posibles para facer máis atractivas estas prazas de medicina interna, como os incentivos para prazas de difícil cobertura, que —como sabe— seguen sen regularse a nivel nacional a pesar de existir ese compromiso desde o ano 2018. A Consellería de Sanidade, desde logo, non permanece de brazos cruzados. De feito xa se cumpriu algún dos incentivos. Impulsouse desde o 2019 máis puntuación nos hospitais comarcais e, desde o 2021, dánselles máis facilidades para avanzar nos graos da carreira profesional. Como pode ver, xa se levaron a cabo medidas de discriminación positiva, ninguén poderá negar que a Consellería de Sanidade vai un paso por diante no proceso de facer máis atractivas as prazas nos hospitais comarcais e favorecer a súa cobertura.

E é dificilmente comprensible como o Partido Socialista de Galicia pretende facer compatible este punto co que nos pedían no punto 3: pretender privar os hospitais comarcais durante anos de poder captar profesionais que se formaran noutras áreas. Polo tanto, nós ímoslles pedir a votación por puntos. Pedimos votar o punto 3 por separado do resto —os catro puntos dos cinco que ten—; catro por un lado e o punto 3 por separado.

Eu quería facerlle unha aclaración, señor Torrado, con respecto ao que comentou do conselleiro de Sanidade aquí. Vostede dixo que mentiu. Eu quero dicirlle que somos humanos e que todos podemos errar, e posiblemente ao conselleiro trasladóuselle que ese xefe de servizo —que, por outro lado, estaba en idade de xubilarse— se xubilara. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Estou dicindo que se equivocaría, que sería un erro, pero non porque quixera mentir. Seguramente llo trasladaron. Pero, mire, voulle dicir algo que me parece moitísimo máis grave. E é que vostede tamén se equivocou e ten hoxe a oportunidade de rectificar. Vostede, coa vontade esa que ten a veces de retorcer a realidade e de confundir, o outro día dixo que a esas 106 prazas de difícil cobertura se presentaran trescentos e pico profesionais e que había 241 médicos que estaban por aí libres, ¿verdade?, que tiñamos profesionais dabondo. Bueno, pois aí vostede, señor Torrado, mentiu, porque iso non é certo. Eses médicos teñen a súa praza e concursan a unha praza de difícil cobertura porque seguramente tería máis vantaxes e quererían ir aí. Vostede hoxe ten esa oportunidade, porque ademais non soamente mentiu aquí. Ao señor Álvarez —que o ten aí ao lado— vostede trasladoulle esa mesma información e dixo na pregunta ao presidente que había 341 médicos que estaban por aí e que a Consellería os podía contratar. Vostede sabe que faltou á verdade, sábeo tanto coma min. *(Aplausos.)* Entón vostede —que, como lle estou dicindo, todos po-

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

demos errar, todos somos humanos, todos nos podemos confundir— sabe que se confundiu, que se equivocou e que faltou á verdade, e que ademais llo trasladou ao seu voceiro.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: Entón, hoxe, eu dígolle que ten a oportunidade aquí de rectificar, que rectificar é de sabios.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da moción, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Se me permite, presidente —xa que permitiu un exceso de tempo por unha cuestión moi puntual—, vou empezar a responder por iso.

É curioso que eu teña que aceptar unhas desculpas de alguén por persoa interposta quince días despois. Pero, máis alá diso, nós soamente trasladamos o mesmo que trasladou o presidente Rueda, e é: «Mire que boas son as convocatorias que facemos que chegaron 350 peticións para eses contratos». *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se o que escondeu o presidente Rueda é que son xente que xa traballa no sistema, quere dicir dúas cousas: primeiro, que intentou enganar ao dicir que estaban entrando profesionais novos —porque a ver se vai ser curioso que só son de fóra os 106 pero non os 241 restantes—; ou que, cando o colleron nun renuncio, pretende contar que os mentirosos somos os demais. Vostedes teñen un problema, e é que só se centran no relato e non na realidade. E a realidade demostra que, se alguén mentiu nisto —e eu quero pensar que non—, é o señor Rueda cando di que se presentaron profesionais de fóra. E non é certo. A ver se vai ser que o que nos están contando vostedes aquí é que era todo un truco publicitario. Pero iso xa llo deixo para que vostede o discuta co señor Rueda, que eu aí non vou entrar. Coidado con esas ameazas de mentira, porque llas está dicindo o señor presidente, e eu quero pensar que non. De feito, nós fixémoslle a proposta con toda a vontade de ser construtivos, pero xa vemos que partía dunha mentira, que era que esas prazas non van ser para a xente de fóra.

¿Sabe, ademais, o que di iso? Que cando lles ofrecen prazas estables quedan porque o que teñen —e por iso queren esas prazas estables— son prazas de merda. Ese é o problema, que, como teñen prazas que non valen para nada, queren prazas estables. O que está facendo esa convocatoria é deixalos a vostedes espidos, e aínda así queren renunciar a recoñecer que se están equivocando. En fin, a partir diso eu creo que non ten moito máis que discutir o asunto, pero, se quere, podémolo discutir.

Pero é máis, imos discutir, á parte desas convocatorias —e eu quero agradecer o apoio que manifestou o BNG—, sobre as convocatorias de medicina interna, porque pasa o mesmo, o mesmo. Vostede anunciou aquí unha convocatoria agora de medicina interna para este ano.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Sabe o que pasa? Que este ano xa se van asignar algunhas prazas —en outubro, concretamente—. ¿Sabe cando se convocaron? En 2017. ¿Van convocar agora prazas para asignar dentro de cinco anos? ¿E sabe o que ocorre? Que a esas prazas non van aspirar profesionais de fóra, son soamente para a estabilización de profesionais que xa temos. Vostede acábao de contar aquí como se foran 17 profesionais novos e non é certo, son profesionais que xa temos. Esa é a mentira que vostede acaba de querer contar aquí, e outra vez. E non é porque non llelas destapemos constantemente. Falsean os datos. ¿Sabe o que pasa? Que no 2017 xa venderon esa convocatoria. Vendérona todos os anos e parece que son cinco convocatorias distintas. É a mesma e aínda non a asignaron, ¡aínda non a asignaron! E o que vostedes din —curiosamente agora que o problema sae á luz—, iso de «non, é que xa tiñamos pensada unha cousa...», igual tiñan que tela pensada antes. Porque o que teñan pensado agora non vale para dentro duns cantos anos. Levamos quince anos sen profesionais novos de MIR no Hospital de Santiago, por exemplo, quince anos de telo pensalo e acordáronse agora. Ese é o problema, ¡ese é o problema!

Dime vostede, ademais —por entrar na materia concreta— que non lle gusta o punto 3 porque di que temos un problema se vinculamos os profesionais MIR ás súas áreas sanitarias. Por certo que é o mesmo que fan eses contratos de atención primaria: ofrecer a 106 MIR —exactamente os que saen— vincularse á súa área sanitaria. ¡O mesmo, é exactamente o mesmo contrato! O que vostedes convocan para primaria nós propoñémolo facer tamén en medicina interna. Pero non lles gusta e di que ten un problema: que pode ser que os necesitemos noutra área ou pode ser que os necesitemos nos comarcais. Dúas apreciacións sobre iso: primeiro, se os necesitamos noutra área, nas outras áreas tamén se forman MIR, en todas as áreas sanitarias se forman MIR. ¿Temos un problema cos comarcais? Pero é que as áreas sanitarias inclúen os comarcais. Todos os comarcais de Galicia están incluídos nunha área sanitaria, ¿ou non? Pois todas as áreas sanitarias teñen un hospital de formación de MIR de referencia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Non? Pois hai un comarcal que non ten hospital de referencia de formación MIR. Trasládeme vostede cal é que estariamos encantados. Se é capaz de trasladarmo, agradézollo. Pero se non é capaz de trasladarmo ten que recoñecer que é unha falacia de argumento. «¡É que non podemos excluír os comarcais!». ¡Se o problema dos comarcais está na reforma da Lei de saúde! Vostedes fixeron algo que é fabuloso argumentalmente, ¡fabuloso! Levan anos aquí —creo que todo o mundo puido escoitalo— dicindo: ¡que malos os da oposición, que dicían que cando os comarcais eran absorbidos en áreas sanitarias polos hospitais grandes, ían perder profesionais! Son vostedes uns mentireiros. ¿E agora que están facendo? Temos un problema cos comarcais porque perden profesionais. ¡Se é o mesmo que lle diciamos nós!, ¡o mesmo! Diciámoslle que reformar a Lei de saúde para absorber os profesionais dende os hospitais das cidades ía facer que ninguén quixera ir aos comarcais. E por iso a discriminación positiva ten que facerse ben.

E para acabar, para que non me ataque a min, que eu non lle son ninguén nesta historia, voulle trasladar o que di o presidente da Sociedade Galega de Medicina Interna, que algo disto debe saber, sobre os comarcais: «Se ofreces un contrato fixo tres ou catro anos, ben remunerado, ben considerado a nivel OPE, sen ter que estar renovando cada tres meses e con capacidade de poder pedir despois un traslado ao hospital central, probablemente sexa máis fácil conseguir que haxa médicos nos comarcais». Exactamente o que está nesta proposta nosa. E engade: «Seino porque traballei cinco anos nun». Isto é o que di.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pódolle ler tamén o que di o presidente da Sociedade Galega de Medicina Interna sobre os recursos humanos: «Durante os últimos anos a planificación de recursos humanos do Sergas ten sido entre pésima e horrorosa». ¿Tamén é un bolchevique reaccionario, ultra e non sei canta cousa, alarmista e que está destrozando a sanidade pública? ¿Ou é un profesional que sabe do que fala? Porque isto que traslado é o que estamos propoñendo nós, o mesmo. Se a vostedes non lles gusta votar porque é nosa a proposta...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...facemos unha cousa: redacten a mesma e tráiana vostedes e votámoslla a favor. Pero se queren, de verdade, afrontar algunha solución, voten estas propostas. E se vostedes o que din é —sobre un dos puntos— que non podemos vincular os MIR á súa área sanitaria despois, nós defendemos que iso que vostedes están defendendo en atención primaria, se o facemos para todos os servizos que sexa necesario, é unha boa solución.

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor TORRADO QUINTELA: ¿Vostedes non o queren facer? ¿Por que? Porque os obriga a contratar.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: E, cando hai que poñer diñeiro encima da mesa, medallas, si; aplausos, tamén, pero de capítulo I vostedes van moi curtiños.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Voulle facer unha proposta ao señor Torrado.

Señor Torrado, eu invítoo —se lle parece ben— a retirar unha expresión que foi utilizada para falar duns contratos que se ofrecen. Non foi, ao meu entender, moi acertada. Se a quere retirar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se a quere retirar... *(Murmurios.)* ¿Sabe que dixo? Non é un asunto que eu..., pero dígoo pola boa linguaxe parlamentaria. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Non a quere retirar? *(Aplausos.)* Perfecto. Eu non vou entrar niso.

(O señor Álvarez Martínez pide a palabra.)

¿Si, señor Álvarez?

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Quería pedir un turno de palabra porque eu fun aludido dúas veces pola señora Amigo no debate e non estaba no debate.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Ten vostede un turno, si.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Simplemente, unha cuestión de matiz. Eu a cifra que dei, efectivamente, é unha cuestión de aritmética simple, non require métodos de cálculo estimativo que puideran ter interpretacións. Polo tanto, manteño esa cifra. Creo que de onde sae esa cifra xa lle deu cumpridas explicacións en dúas ocasións o señor Torrado, e creo que con pouco éxito.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das mocións.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz.

Acepta como engádega a emenda do Grupo Parlamentario Socialista nos puntos 2 e 3.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz, sobre a política do Goberno galego respecto do uso agrícola ou forestal de terras de vocación agrícola procedentes de procesos de concentración parcelaria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Daniel Pérez López, sobre a sinistralidade laboral.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Pérez López, sobre a sinistralidade laboral.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Julio Torrado, sobre os servizos de medicina interna.

Entendín que dixo que non aceptaba a votación por puntos. Non sei... Ela solicitoulle separar o punto 3.

Déanlle voz...

O señor TORRADO QUINTELA: Quedou explicado que é unha absoluta contradición do PP consigo mesmo, pero, se aínda así, queren manter esa separación, nós somos un grupo proclive ao acordo e separamos os puntos. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Perfecto.

Entón, votamos en primeiro lugar o punto número 3.

Votamos.

Votación do punto 3 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre os servizos de medicina interna.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto número 3.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos da moción.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre os servizos de medicina interna, agás o punto 3.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta moción, agás o punto 3.

O señor PRESIDENTE: Pasamos ao punto sexto da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da elaboración dun plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas Begoña Rodríguez Rumbo e Marina Ortega Otero e do seu deputado Gonzalo Caballero Miguez, *a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

Emenda de adición dun novo punto 3.º) bis e 3.º) ter, que quedarán redactados co seguinte contido:

«3.º) bis. Elaborar un novo Pacto galego contra a pobreza, co fin de erradicar a pobreza da nosa sociedade.

3º) ter. Recuperar inmediatamente a tarxeta básica galega mentres permaneza esta situación de inflación provocada pola Covid-19 e a invasión de Ucraína por Rusia.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

A pobreza, segundo a definición da Organización das Nacións Unidas, é un fenómeno multidimensional que pode traducirse como a falla de recursos... *(Murmurios.) (A señora Rodríguez Rumbo fai una pausa no seu discurso.)* Pararame o reloxo ¿verdade, señora presidenta?

A señora PRESIDENTA (Candia López): Déixolle despois un ratiño.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Moi ben.

Vale, moitas grazas. Vou iniciar novamente.

Pois nada, como dicía anteriormente, hai un momento, a pobreza, segundo a definición da Organización de Nacións Unidas, é un fenómeno multidimensional que pode traducirse como a falla de recursos para satisfacer as necesidades básicas para a supervivencia. Polo que hoxe os socialistas traemos unha iniciativa para falar de pobreza e de exclusión social; é dicir, para falar de persoas, de homes e mulleres en Galicia que sobreviven con grandes dificultades para poder satisfacer as súas necesidades básicas; de galegos e galegas que non poden desenvolver o seu proxecto vital.

A pobreza é un problema de dereitos humanos, e como problema de dereitos humanos, as administracións teñen a obriga de actuar para minimizar as súas consecuencias e de aplicar políticas que revertan esta situación e que permitan a estas persoas que a padecen incorporarse e volver á senda da inserción social.

En 2015 un total de 193 países, entre os que encontraba España, asinaron os obxectivos de desenvolvemento social; un conxunto de 17 obxectivos destinados a perseguir a igualdade

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

entre as persoas, protexer o planeta e asegurar a prosperidade, sen deixar a ninguén atrás, co obxectivo da Axenda 2020-2030.

O primeiro obxectivo de desenvolvemento sostible é o fin da pobreza, o primeiro deles, e cunha meta, que é reducir a pobreza á metade que no ano 2015, no horizonte de 2030; é dicir, facilitar o acceso aos servizos básicos e aumentar as axudas ás persoas en situación de pobreza ou vulnerabilidade social.

Este obxectivo traspúxose no ano 2015 no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, no que se establecía como unha das metas reducir a poboación en risco de pobreza ou exclusión social en cen mil persoas; un obxectivo que non se cumpriu.

Se miramos o último informe sobre o estado da pobreza en Galicia 2020, elaborado pola Rede europea de loita contra a pobreza e a exclusión social, no que se estuda a evolución da poboación en risco de pobreza ou en exclusión social —é dicir, a taxa Arope—, e no que fai unha comparativa dende o ano 2008 ata o ano 2020, pois o que nos revela este estudo é que ata o 2017 Galicia mantivo unha evolución similar ao resto do Estado, pero que a partir do ano 2017 a maioría dos indicadores experimentaron unha deterioración progresiva, ata chegar ao ano 2020, co maior número de persoas nesta situación; é dicir, case 700.000 persoas en risco de pobreza ou exclusión social en Galicia, o que quere dicir que é un 26 % da poboación total galega. Ou, para que se entenda doutra maneira: que 1 de cada 4 galegos e galegas están en risco de exclusión social no ano 2020. E que, ademais, esta se incrementou en case 40.000 persoas respecto do ano anterior.

Outro dos temas do que tamén nos informa e do que nos alerta este mesmo informe é novamente da feminización da pobreza. É dicir, a taxa Arope, a das mulleres, no ano 2020 é case un punto máis alta que a dos homes. E se o miramos respecto do ano anterior, no caso das mulleres incrementa nun 2,1 puntos, mentres que a dos homes se incrementou en 0,90, en menos dun punto.

Polo tanto, a realidade, os datos, están aí, e a propia Xunta de Galicia admite, cando elabora o seu programa do Fondo Social Europeo, que a pobreza sobe e que afecta xa as clases medias e os xoves cualificados. Isto dío *El Faro de Vigo* o día 24 de maio de 2022, non o inventamos os socialistas. *(A señora Rodríguez Rumbo amosa un documento.)*

Polo tanto, aínda que a situación de pobreza e exclusión social no noso país xa era alarmante antes da pandemia, hoxe non podemos falar de pobreza sen ter en conta o contexto socioeconómico actual; é dicir, unha situación de pospandemia con consecuencias evidentes, non só sanitarias, senón tamén económicas e sociais. E ademais témoslle que sumar a invasión de Ucraína por Rusia, que está supoñendo un incremento sen precedentes dos custos enerxéticos e, polo tanto tamén, da inflación. Unha realidade que está a afectar os petos de todos e de todas as galegas, pero de maneira máis impactante naquelas persoas máis vulnerables e con menos recursos para poder facer fronte a esta situación.

Como vostedes saben, estase a tramitar o Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, que ten entre os seus eixes o eixe número 4, que di: «Cohesión social e territorial». E que no ob-

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xectivo estratéxico 4.2.1 di literalmente: «Dotar de integridade un sistema de garantía de ingresos para que as persoas sen recursos ou con insuficiencia destes poidan cubrir as súas necesidades básicas». É un obxectivo estratéxico que está plasmado polo propio Goberno galego no seu documento; un documento que, aínda que se está a tramitar, entendemos que os obxectivos estratéxicos nel plasmados non se van modificar e, polo tanto, debera ser un contrato coa cidadanía, un compromiso.

Pero resulta que cando se está a tramitar este Plan estratéxico de Galicia, cando se contempla este obxectivo estratéxico, o presidente Rueda toma a primeira e única decisión de calado, de acordo entendemos que con este obxectivo estratéxico, para combater a situación dos fogares máis vulnerables. E é, precisamente, retirar a Tarxeta Básica, que lles permitía ingresar entre 150 e 300 euros ás persoas máis vulnerables en función do número de membros da familia para poder, precisamente, adquirir eses produtos básicos alimentarios, de hixiene ou de farmacia.

A verdade é que o Partido Popular presenta un plan estratéxico cun slogan «O país que imaxinas», pero os socialistas pensamos que podían cambiar ese slogan e dicir: «O país que seguirás imaxinando». Porque, desde logo, se por parte da Xunta de Galicia e do Goberno galego non se implementan medidas que axuden para atender a súa cidadanía e se a primeira medida de calado, dous meses e medio despois de que sexa presidente do Goberno de Galicia, é retirar a Tarxeta Básica a 75.000 persoas galegas, moito tememos o futuro de Galicia durante o que resta de goberno, encabezado polo señor Rueda.

É dicir, canto máis soporte necesitan estas persoas, cando a Administración —fundamentalmente a Xunta de Galicia— ten que poñer máis medidas para axudar a paliar os efectos negativos desta situación, pois se adica a iso, a retirar a Tarxeta Básica para 75.000 persoas e a criticar o Goberno do Estado, que está aplicando xa dende o primeiro momento medidas que si que impactan na sociedade; dous paquetes de medidas que sumaron 15.000 millóns de euros, á parte dos que se aprobaron hoxe, para paliar os efectos socioeconómicos desta realidade que están a padecer moitas familias e moitos fogares no Estado. Medidas como, por exemplo, incrementar nun 15 % o ingreso mínimo vital, incrementar un 15 % as pensións non contributivas, crear un bono social de 200 euros, rebaixar os impostos aos combustibles, limitar nun 2 % o incremento aos alugueiros, incrementar o Bono Eléctrico para cubrir a máis familias, unha rebaixa de 0,20 céntimos en litro nos combustibles, ou como pode ser o Bono Alugueiro, que supón 235 euros ao mes para as persoas menores de 35 anos; por certo, un bono que vostedes, a Xunta de Galicia, sobre todo o expresidente Feijóo, se dedicou a criticar en reiteradas ocasións e que agora o presidente Rueda o vende como se fora propio. E, por certo, puideron aplicalo dende o mes de xaneiro. Tardaron seis meses en aplicalo, porque a vostedes non lles importa esa xuventude que necesitaba eses cartos para poder emanciparse ou para poder mellorar a súa situación económica. Vostedes están moito máis pendentes dos intereses partidistas.

Pois ben, a loita contra a pobreza e a exclusión social en Galicia durante os anos do expresidente Feijóo nunca foi unha prioridade, e parece ser que para o presidente Rueda tampouco o vai ser, ante as medidas que acaba de tomar. O Partido Popular, cando goberna, non é útil para axudar as persoas máis desfavorecidas a saír desa situación e a insertarse con norma-

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lidade na sociedade, permitíndolle desenvolver o seu proxecto vital.

Mire, as dificultades de acceso ao emprego —e sobre todo ao emprego de calidade—, así como a inexistencia de políticas de acceso á vivenda durante os trece anos do expresidente Feijóo na Xunta de Galicia, son as causas fundamentais que impediron a reversión desta situación. E non o dicimos só os socialistas, senón que no dito informe ao que facía referencia hai un momento, no estado da pobreza en Galicia 2020, di literalmente que a emerxencia residencial, ante a falla en Galicia de vivendas dignas e accesibles, está impedindo de facto...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...o éxito nos procesos e medidas de inclusión social e de loita contra a pobreza, co que esta situación deu como resultado un forte incremento da pobreza e da privación material severa.

Seguirei na miña segunda quenda, pero invítoos a que voten a favor desta proposta que traemos os socialistas, que redundará na mellora da cidadanía en Galicia, fundamentalmente daquelas persoas que peor o están pasando.

Pola miña banda, nada máis, e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Olalla Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Efectivamente —dicíao a portavoz do Partido Socialista—, se falamos de pobreza e de risco de exclusión social, é inevitable falar do contexto socioeconómico no que nos atopamos. Porque se no ano 2020 había case 700.000 persoas no noso país nunha situación de empobrecemento ou risco de exclusión social, cos datos que nos ofrece a Rede galega contra a pobreza, ¿cal é a situación, xa non deses fogares, senón de moitos outros no noso país, cunha inflación, cun incremento dos prezos desbocados, con cifras de alza de prezos e de custo da vida que non se rexistraban desde hai corenta anos practicamente? E nun país como o noso, ademais, que sofre unha inflación superior á da media do Estado, a pesar de que temos dos salarios e das pensións máis baixas do conxunto do Estado español.

Xa rexistramos en meses pasados unha inflación que era de dous díxitos no caso galego, de máis do 10 %, e iso —por aterralo un pouco— falando das cousas de comer, falando de ir facer a compra máis básica, máis elemental no noso día a día. Se falamos do incremento dos prezos en alimentos, en produtos básicos de primeira necesidade, no primeiro semestre do ano, nos primeiros seis meses de 2022, no noso país rexistrouse un incremento de produtos básicos que case alcanzaba o 8 %. Por poñer nomes e apelidos a ese incremento na cesta da

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

compra, falamos de produtos básicos como o aceite, que se incrementou no seu prezo no 42 %; o 32 % máis no caso dos ovos; ou o 15 % máis no prezo do leite. E iso no súper, que logo, quen produce o leite, o litro de leite, non ve subir o prezo desta maneira, a pesar de que tamén soporta uns custos de produción desorbitados: o 12 % no caso do pan, temos a bombona de butano a 20 euros —¡a 20 euros a bombona de butano!— ou pagamos un 47 % máis o prezo do combustible, cun incremento que xa acaba convertendo até a axuda gobernamental deses 20 céntimos en beneficio puro e duro para esas grandes empresas enerxéticas, que son usureiras e que se están lucrando. Porque, se falamos de pobreza, tamén hai que falar de roubo á man armada, porque hai moitas empresas multinacionais que se están lucrando a mans cheas, *(Aplausos.)* a mans cheas, co empobrecemento xeneralizado da poboación. *(Aplausos.)*

A semana pasada, na Comisión 5ª, comparecía a Xunta para falar do Plan de obesidade, e unha das medidas que poñía enriba da mesa a Xunta de Galiza para combater a obesidade infantil e do conxunto da sociedade galega era comer mellor. Cando falamos de comer mellor, de comer máis equilibrado, de comer máis variado —de garantir, polo tanto, unha alimentación saudable para a poboación—, hai que falar de clase social e hai que falar tamén dos prezos, porque para garantir esa alimentación variada, esa alimentación equilibrada, que combate tamén a obesidade, hai que poñerlle esas cifras que acabo de referir agora.

Se falamos do peixe, o incremento é do 12,6 % no prezo; se falamos do polo —que é unha carne bastante asequible, popular, que comemos todas e todos moi habitualmente precisamente por ser máis barata que outras—, o incremento é do 11,4 %; e se falamos de verduras e legumes frescos —tan importantes para combater esa obesidade—, o 5,6 % foi o incremento dos prezos. Isto tradúcese nun empobrecemento xeneralizado da poboación, de calquera de nós, das que estamos aquí ou fóra deste Parlamento. Somos todas e todos —veremos as cifras que sairán mañá, desagregadas por comunidades autónomas— por riba do 10 % máis pobres cada día do que eramos hai un ano. Pero iso golpea con aínda máis dureza, con aínda máis virulencia, a quen xa estaba nunha peor situación, esas case 700.000 persoas —segundo a taxa Arope— que se atopaban en situación de pobreza ou exclusión social no noso país; falamos dun cuarto da poboación de Galiza e falamos de máis xente que a que vive nas cidades de Vigo e A Coruña xuntas, que son as dúas cidades máis poboadas do noso país. E era unha cifra que xa viña incrementándose a respecto do ano 2019 en 38.000 persoas, ¡É unha barbaridade! E o panorama non é que vaia mellorar, senón máis ben ao contrario, porque non se prevé no contexto internacional unha melloría; e moito menos se non se adoptan medidas de calado, medidas ambiciosas, para evitar estes vaivéns que o único que nos fan é a todas e a todos máis pobres.

E a Xunta neste contexto, ¿que fai? ¿Que fai a Xunta de Galiza diante desta situación de empobrecemento, de crise socieconómica e de suba desorbitada e descontrolada dos prezos? Pois, en vez de converterse en parte da solución, convértese en todo o contrario, en parte do problema, porque, dunha banda, non adoptou nin unha soa medida —¡nin unha!, ¡nin unha soa!, busquen as que queiran— con carácter excepcional para enfrontar esta situación tan, tan excepcional. Insisto en que se dá unha subida de prezos que non se rexistraba nos últimos corenta anos, e non é só que non moveran un dedo para rescatar os sectores da poboación máis vulnerables, máis afectados por esta crise inflacionista, é que tampouco a eses

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sectores produtivos —pequenas e medianas empresas e autónomos—, tamén afogados polo incremento dos custos de produción, como pode ser o sector agrogandeiro —ese que se quere tanto—, se lles debe apertar tanto; apértenos algo menos, porque a ese en concreto o teñen afogado precisamente por non adoptar nin unha soa medida para rescatalo diante deste incremento tan brutal dos custos de produción.

E ademais de non adoptar ningunha medida, o único que fixeron foi retirar aquelas que se fixeran con carácter excepcional para responder á crise provocada pola covid-19. Retíranas deixando, pois, a iso, a practicamente 75.000 persoas que vivían ou viñan sendo beneficiarias desa Tarxeta Básica sen efecto, a pesar das advertencias e das veces que trouxemos desde o Bloque Nacionalista Galego desde febreiro de 2021 esta cuestión, para que se regulase, para que se lle dese un carácter permanente a esa Tarxeta Básica e servise de ponte para que as persoas que están nunha situación de pobreza ou exclusión social poidan ter con que ir mercar produtos básicos de hixiene, de alimentación ou medicamentos entre tanto non acceden a prestacións como pode ser a risga ou o ingreso mínimo vital. Votaron en contra unha e outra vez cada vez que a trouxemos, e agora dérona por finiquitada, a pesar de que a excepcionalidade da covid igual pasou, pode ser, pero temos unha situación social e económica bastante peor, provocada por esa crise de prezos desorbitada.

Galiza ten unhas competencias que son limitadas —dicímolo moitas veces, ¡oh!, novidade—, temos unha autonomía que non permite como país tomar medidas de calado que permitirían mellorar a situación dos fogares, das pequenas e medianas empresas, das persoas autónomas do noso país. Non podemos, por exemplo, porque non temos competencia para intervir no mercado ou no sector enerxético; esa é unha competencia exclusiva do Estado, a pesar de sermos grandes produtoras de electricidade. Non podemos intervir no ámbito dos carburantes ou no ámbito das pensións, que é unha competencia exclusiva do Estado español. Pero si, aínda que limitadas, hai competencias para que a Xunta de Galiza, no marco dese ámbito no que si ten capacidade de decisión, interveña e actúe. Pódese incrementar o complemento autonómico das pensións non contributivas, que leva máis dunha década conxelado desde que goberna o Partido Popular, pódense actualizar a risga e as axudas de inclusión social para que non teña unha perda de poder adquisitivo quen ingresa ao mes pouco máis que 500 euros, ou pode reformarse dunha vez e por todas —que o necesitamos xa canto antes, e coa máxima celeridade— esa Lei de inclusión social, para adaptar a risga ao ingreso mínimo vital, para facer as dúas prestacións compatibles e complementarias e garantir uns ingresos mínimos e suficientes a calquera persoa no noso país que hoxe non os teña, facéndoa equiparable ao salario mínimo interprofesional.

Non fixeron nada diso, e cremos, ademais, e estamos convencidas —vendo o panorama desde o BNG— de que están vostedes instalados nunha estratexia de que, canto peor, mellor; de que que rebente todo, se fai falta, porque vostedes cren que desa situación de empobrecemento, de situación de enorme precariedade e vulnerabilidade das maiorías sociais deste país, poden apañar algo. E iso é terrible porque é usar a xente máis vulnerable deste país como se fose unha arma arreboladiza, un ariete para tirarllo ao Goberno de turno nos fuciños.

Nós cremos que todo o contrario, que o que debe facer o Goberno responsable e á altura das circunstancias que se están vivindo en termos sociais e económicos neste país é actuar no marco das competencias que ten, para intentar aliviar, na medida das posibilidades, unha

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

situación económica para moitísimas casas, para moitísimos fogares, para moitísimas persoas, que é xa insostible.

Nós —e remato xa con isto, presidenta—, que entendiamos que ían autoemendarse para incorporar o da Tarxeta Básica, pensamos que tamén o farían para actualizar —digamos— os prazos temporais que establecen na parte resolutiva, e non o fixeron. Eu o que propoño aquí como emenda *in voce* —e se se permite— é que no punto primeiro e terceiro, que se fai unha referencia temporal para as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza, se mude esa referencia —seis meses de 2022 aló van— para que esas medidas do punto primeiro e terceiro se adopten antes de finalizar o presente ano 2022. Agardamos que se teña en consideración e que se acepte esta emenda *in voce* para axustarnos simplemente, en termos temporais, ao que xa vai de ano.

Máis nada.

En todo caso, nós imos apoiar esta proposta.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Grazas, señorías.

Permítanme que me dirixa aos meus compañeiros do Partido Popular porque, compañeiros, se vós queredes entender o debate sobre a pobreza no Parlamento, tedes que atender ao que a oposición di; pero se queredes entender cales son as políticas da Xunta de Galicia contra a pobreza, ao que hai que prestar atención é ao que a oposición non di. *(Aplausos.)*

Miren, hoxe viñeron aquí contarnos que o Partido Popular de Galicia carece de sensibilidade social porque a Xunta non vai manter indefinidamente a Tarxeta Básica; por certo, un instrumento creado especificamente para atender situacións de emerxencia social durante a pandemia. Naceu para seis meses e mantivémola dous anos. O que non lles van contar os distinguidos membros da oposición é que nin unha soa comunidade autónoma gobernada polos socialistas ou nin unha soa comunidade autónoma gobernada por nacionalistas creou un instrumento similar á Tarxeta Básica para atender a poboación sensible durante a pandemia.

Claro, eu creo que resulta pouco crible pretender facer crer que a primeira das únicas dúas comunidades autónomas que crearon unha tarxeta para aliviar as dificultades dos máis necesitados durante a pandemia parece ser que non ten sensibilidade, e que aqueles que non dedicaron nin un só euro a crear un instrumento similar deben de ser un exemplo de políticas de atención á pobreza.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Miren, señorías, Galicia —que foi a primeira comunidade que creou a Tarxeta Básica— dedicou a investir neste instrumento 42 millóns de euros para axudar a 75.000 persoas. Andalucía —que foi a outra comunidade que fixo algo parecido— dedicou 29 millóns de euros. Como poden comprobar vostedes, foi a pérfida dereita radical de Feijóo e Moreno a que dedicou recursos a crear un instrumento deste tipo. E non, señorías, o Goberno Rueda non vai cambiar ese compromiso; o que vai mudar é o instrumento para atender esas necesidades, e así o explicamos aquí en distintas ocasións. Muda o instrumento, pero non muda o compromiso coa pobreza, porque, señorías, as palabras son fáciles.

Miren, eu trouxen un documento. *(O señor Pazos Couñago mostra un documento.)* Seguro que lles soa. Isto firmárono vostedes en Madrid. ¿Saben cantas referencias fixeron neste documento á pobreza e á súa atención? Espere que as cito —e, unha vez citadas, continúo—. Sentimentos, señorías, poñemos todos por igual, pero compromiso e recursos, non.

Miren, viñeron aquí contarnos tamén que non temos interese en combater a pobreza e que carecemos de instrumentos de planificación e de vontade de consenso. E, claro, o que non contan é que Galicia dispón dunha Estratexia de inclusión social 2014-2020 —como saben vostedes, continúa executándose ata o 2023, e vostede coñece a regra N+3 de fondos europeos, ¿verdade?— e que contamos tamén cunha Axenda social única de Galicia 2021-2024 *(O señor Pazos Couñago mostra un documento.)*; axenda que, se vostede toma a molestia de abrir, nas súas primeiras páxinas, deixa ben claro que está negociada coa Federación Galega de Municipios e Provincias, coa Rede galega contra a pobreza, coa Cruz Vermella en Galicia, con Cáritas de Galicia e coa ONCE en Galicia. Pero parece ser que non temos vontade de consenso.

Veñen aquí presumir da aportación do Estado tras o fracaso rotundo da súa medida estrela para combater a pobreza, que era o ingreso mínimo vital, e veñen aquí presumir de fondos estatais europeos, que, por certo, para estes fins os houbo sempre antes de que chegara Pedro Sánchez, e creo que os seguirá habendo unha vez que Pedro Sánchez desapareza.

Señorías, esta axenda *(O señor Pazos Couñago mostra un documento.)* —e a continuación a Axenda social única 2016-2020— tivo un grao de cumprimento no 96 % das súas medidas. Esta contén 93 medidas. Díxose aquí: «nin unha soa medida para combater a pobreza». Invítoos a ler a páxina 17 deste documento, consensuado coas principais asociacións que combaten a pobreza no noso país e coa Federación Galega de Municipios e Provincias. Son 93 medidas, señoría; 93 medidas que non quedaron no aire, porque a dotación orzamentaria para o ano 2021 dedicada a esas medidas foi de 400 millóns de euros. Vou repetir a cifra: 400 millóns de euros. O que se dedicou á Tarxeta Básica dese global foi o 5 %. Pero, en fin, aquí parece que os cartos non contan e que o compromiso con EAPN Galicia, con Cáritas, coa ONCE, coa Cruz Vermella e cos concellos galegos non vale. E resulta que con quen temos que chegar a un acordo —din vostedes na súa proposta— é cos sindicatos *(O señor Pazos Couñago amosa unha fotografía.)*; os sindicatos estes que mandan a facer puñetas a aquel que advirte da crise, ¿verdade? —«a facer puñetas», así o dixeron—, e que animan a desfrutar do verán, porque «non nos van roubar o verán, que é noso». Isto é o que vostedes consideran unha postura responsable para atender a crise e para atender a pandemia. En fin, a min resúltame sorprendente.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Veñen dicir tamén que a nosa prioridade non é loitar contra a pobreza —por certo, despois falarán de que non hai que faltar ao respecto no debate—, e acúsannos de non querer combater a pobreza; non de ser eficaces ou non, de non querer, pero ademais fano mentindo, e o que é peor, desmentindo os datos aportados polo seu propio Goberno. Porque vostede mencionou aquí os datos do Informe da EAPN Galicia. Bueno, está moi ben. Pero ¿vostede coñece o Informe do Instituto Nacional de Estadística de 29 de xuño de 2022, de hai catro días, como quen di? Ese non o coñece ou, se o coñece, non o nomeou. Estes son os últimos datos comparativos da evolución da Arope en España e en Galicia. Señoría, en España a taxa de pobreza Arope sobe; en Galicia, diminúe. Pero parece ser que, a pesar dos datos, os que estamos trabucados somos nós e os que teñen todo o acerto son vostedes. É unha cousa que, certamente, chama a atención. É curioso, taxa Arope, en Galicia descendeu un 1,2 %, en España, aumentou na mesma contía; carencia material severa, en Galicia descendeu un 1,4 %, en España aumentou un 0,3 %; a taxa de pobreza en Galicia diminuíu un 1,9 % e estamos no 20,2, e en España, no 21,7.

¿Os datos dan igual?, ¿a realidade material dá igual? Pois eu creo que si. ¿Que fan vostedes? Cando len estas cousas, pois eu creo que o que fan é o que están facendo, meter a man no INE. E directamente a decisión é moi fácil, cando os datos contradín as súas políticas, en lugar de mudar as súas políticas, o que mudan é o presidente do INE. Este é o estilo socialista de facer as cousas; *(Aplausos.)* un pouco triste, teño que dicilo. *(Aplausos.)* Pero, bueno, é a súa maneira de facelas. *(Aplausos.)*

Mire, ¿queren reducir vostedes a pobreza?, ¿queren colaborar con ese obxectivo? Deixen de subirlles os impostos ás clases medias, controlen a inflación —esa que nos dixeron hai dous meses que era unha cuestión puntual que ía pasar enseguida—, controlen o prezo da enerxía e dos carburantes —que, cando estaban practicamente na metade do que están agora xustificaban as manifestacións na rúa, e agora aquí ninguén di nada, e aínda temos que darlle grazas ao presidente porque, se non é polas súas medidas estrela, aínda estariamos peor—, controlen o prezo da cesta da compra —que, efectivamente, hai moitas familias que están chegando á pobreza, ata tal punto que non poden comprar para comer, pero a inflación segue desembocada— e, sobre todo, deixen de mentir —oian, dígollelo de verdade—, porque é curioso *(O señor Pazos Couñago amosa unha fotografía.)*, Sánchez di: «*España va bien, la culpa es de Putin, y los que critican la crisis son los profetas del desastre*». É fantástico, veñen pedir aquí medidas contra a pobreza pola tarde para combater unha crise que negan pola mañá. Este é o Partido Socialista Obreiro Español.

Miren, señorías, xa pasamos por aquí, xa estivemos aquí, xa escoitamos todo isto e xa sabemos a onde conduce, ¿verdade? Agora é o señor Sánchez, antes foi o señor Zapatero; agora é unha prestioxísima ministra de Economía que di que todo vai ir ben e que hai que confiarse, e antes era o prestioxísimo señor Solbes, que nos dicía exactamente o mesmo. Antes quen os criticaban —¿verdade?— eran patriotas de hojalata, populistas, e agora son traficantes do medo e non sei cantas cousas máis. O problema de todo isto é que sabemos a onde conduce, e iso é igual antes e agora: paro, crise, pobreza e recortes; dos que despois responsabilizarán a calquera menos a quen esquilmou unha vez máis as arcas do Estado, que son as de todos, por moito que tiveran vostedes unha ministra que dicía aquilo de que... *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...o Goberno... *(Murmurios.)* —¿perdón?, non sei que dixen que os ofendeu tanto—. *(Murmurios.)* Pero parece ser que si. ¿Recorda aquilo de que o diñeiro público non é de ninguén?

Miren, señorías, a realidade é que Galicia sempre estivo por debaixo da media nacional con respecto á taxa Arope, principal medidor de pobreza relativa dende que o Partido Popular de Galicia chegou á Xunta, ¡sempre! Galicia acortou a diferenza de renda coa media nacional como nunca antes na súa historia o Partido Popular de Galicia, un 12,5 % antes da chegada da crise da pandemia. Esa é a realidade que vostedes pretenden ocultar, ¡é así de triste! Nós, como comprenderán, non podemos apoiar isto porque estamos orgullosos de acadar unha Galicia máis rica e, o que é máis importante...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...socialmente máis xusta da nosa historia. Porque, como dixo tamén un informe —deses que vostedes non len cando non lles interesan—, a riqueza en Galicia e a diferenza entre clases non é entre ricos e entre pobres, senón entre as clases medias, que son as máis favorecidas polo crecemento san que se leva producindo en Galicia dende que Alberto Núñez Feijóo e posteriormente Alfonso Rueda gobernan esta comunidade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

A verdade é que ¡as cousas que hai que oír aquí! ¡Se non fora que estamos a falar de pobreza, case nos pegaba un pouco a risa!

Mire, a Tarxeta Básica, señor Pazos, é unha recomendación dos expertos, e, ademais, recomendana como un instrumento permanente e non soamente temporal, tal e como se aplicou nesta comunidade autónoma. E vostede fala precisamente de que destinaron 42 millóns de euros. Pois, mire, sígano dedicando, porque eses 42 millóns de euros, dentro do orzamento total da Xunta de Galicia para o 2022, supoñen só o 0,003 %. Polo tanto, non ten ningunha xustificación que vostedes deixen de aplicar ese instrumento fundamental para moitas familias.

E vostede falaba aquí das medidas da Estratexia 2014-2020, da Axenda social única de Galicia e de 93 medidas. Pois, mire, ¿sabe que lle digo? Que lle digan á Consellería de Política Social que as muden; que muden esas medidas, porque é un fracaso total e absoluto que, aplicando estas medidas e estes instrumentos, teñan como resultado 700.000 persoas en Galicia en risco de pobreza ou exclusión social —¡700.000, señores e señoras do Partido Popular!—, e que seguramente nestes momentos no ano 2021 incrementarían.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E vostede vén aquí dicir que están orgullosos das medidas que aplican. Pois dígalles a esas persoas —a esas 700.000 persoas que están en risco de pobreza e exclusión social— que vostede e todos os deputados e deputadas do Partido Popular están orgullosos das medidas que aplicaron.

Mire, voulle dar outro dato, señor Pazos, a Asociación estatal de Directores e Xerentes en Servizos Sociais acaba de presentar o índice 20-21, no que Galicia ten unha clasificación global débil, dun 4,19. Ocupa o posto 13 das 17 comunidades autónomas, ou o que é o mesmo, a cuarta empezando pola cola. E que, ademais, cando fala de cobertura efectiva de prestacións e servizos, iso do que vostede acaba de falar, dinnos que as rendas mínimas de inserción, tras a aprobación do ingreso mínimo vital en Galicia, só alcanzan ao 4,6 % das persoas por debaixo do umbral da pobreza; é dicir, a metade que para o conxunto do Estado. E vostede vén dicir aquí que están orgullosos. E ademais, señor Pazos, a contía da risga é das máis baixas do Estado respecto á renda media das comunidades autónomas.

Polo tanto, eu voulles dicir que volvan plantexarse modificar o seu voto e que voten a favor desas 700.000 persoas que están nunha situación difícil; que volvan implementar inmediatamente esa Tarxeta Básica dunha maneira paliativa para esas 75.000 familias que o necesitaban.

E ademais, señor Pazos, voulle dar lectura ao apartado de equilibrio deste último informe, algo no que esta deputada moitas veces incide sobre as actuacións da Xunta de Galicia. Di: «O principal desequilibrio do sistema público de servizos sociais en Galicia segue sendo o que denominamos «dereitos de papel»; é dicir, un sistema ben ordenado —lei, catálogo, integración entre administracións—, pero cunha relevancia económica débil e cunha cobertura reducida de prestacións e servizos».

Polo tanto, tomen nota. Se ese é o país ao que queren chegar, teñen que reverter este tipo... —¿que pasa, señor Pazos?—...; teñen que aplicar outro tipo de medidas e recuperar inmediatamente a Tarxeta Básica galega, polo menos mentres permaneza esta situación de inflación.

E hai algo que supoño que non me dará moito tempo a comentar, pero é que vostedes e o señor expresidente da Xunta de Galicia falan continuamente de rebaixar impostos. Pero, mire, é que el xa estivo aquí de presidente da Xunta de Galicia, e o que fixo aquí, na Xunta de Galicia, non foi, precisamente, rebaixar os impostos nin ás clases medias nin ás clases máis necesitadas. Non, señor, non. O que fixo foi levar a mínimos o imposto sobre o patrimonio e unha rebaixa fiscal no IRPF, que supón 12 euros para os ingresos máis baixos fronte aos 400 euros para os que ingresan máis de 60.000 euros. Polo tanto, vostedes cando aplican medidas fiscais, o que fan é beneficiar aquelas persoas máis podentes. E ademais vostedes saben perfectamente que, rebaixando eses impostos para esas persoas máis podentes, iso tradúcese, coma sempre, en máis precarización na sanidade, en máis precarización na educación, en máis precarización nos servizos sociais e en menos recursos para poder dedicar ás persoas e ás familias máis vulnerables.

Polo tanto, muden, deixen de aplicar estes instrumentos que non son eficaces e non son eficientes e que non están revertendo a situación desas máis de 700.000 persoas galegas que

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

están en risco de pobreza ou exclusión social no ano 2020. Hoxe, seguramente, cando saian os datos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...correspondentes ao ano 2021, se verán incrementadas.

Actúen, que para iso os votaron.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Si, señora Rodríguez Rumbo...

A señora Rodil fíxolle unha...

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Si, correcto. Xa o quería dicir eu, pero a verdade é que me esquecía. Evidentemente, estamos a falar —posto que nestes momentos xa non sería posible— de que se faga antes de que remate o exercicio 2022.

O señor PRESIDENTE: Pero aí hai un matiz, e por iso eu tiña interese en saber isto. É que se é unha emenda *in voce* teñen que estar de acordo todos os grupos. *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Señor Pazos, vostede está de acordo?

(O señor Pazos Couñago: Non sei, porque non a coñezo.) *(Murmurios.)*

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Manifestouna a señora Rodil, e acabo de dicir... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non, espere, espere. *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Xa lla pasarei. Non se preocupe.

O señor PRESIDENTE: Pásella aí e explíquella. É engadir no punto 1 e no 3: «antes de acabar o ano». É o que dicía, pero ten que haber acordo dos tres grupos porque non hai emenda.

Continuamos.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dirixirse ao Parlamento Europeo, aos grupos parlamentarios nel presentes e á DG Mare para rexeitar as propostas que leven á limitación ou á eliminación do emprego de artes de fondo

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Otero Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Onde di:«...DG Mare para amosar...» debe dicir: «... DG Mare e á Comisión Europea para amosar...».)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Rosana Pérez Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Proponse incluír un novo paragrafo na parte resolutiva co seguinte texto:

«Asemade, o Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a solicitarlle á Comisión Europea:

-A retirada da medida tomada a finais do mes de xuño sobre a eliminación das artes de fondo en 94 áreas pesqueiras de distintos países da UE, sobre todo tendo en conta a falta de respaldo do Consello Europeo e o do propio sector pesqueiro.

-A elaborar todos os estudos necesarios, fundamentados en datos científicos e técnicos rigorosos e solventes, sobre as artes de fondo, que permitan iniciar un proceso de diálogo co sector pesqueiro e cos membros do Consello Europeo antes de tomar ningunha decisión ao respecto.

-A elaborar un informe sobre o impacto socioeconómico que provocaría calquera decisión sobre a limitación ou eliminación das artes de fondo na nosa frota e no noso país».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Boas tardes.

Grazas, presidente.

A Comisión Europea enfróntase de novo a un período no que debería ser garante dos tratados e aportar a visión estratéxica europea, nunha estrutura conformada tamén por uns estados que teñen os seus propios intereses particulares e por uns cidadáns que teñen as súas opinións. En ningún caso é a conciencia de Europa e menos de España ou de Galicia. E digo isto porque o risco dunha institución cunha visión tan teórica como a Comisión Europea é a perda do contacto coa realidade. E por iso a Comisión ten limitadas capacidades executivas por procedementos como a codecisión.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkiki-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nun principio a Comisión propón, e as decisións adóptanse mediante un acordo co Consello e o Parlamento. En casos excepcionais a Comisión dispón dun mecanismo denominado «acto de execución» que simplifica o proceso, pero é algo que non vale sempre nin vale para todo.

Nesa visión teórica de Europa a Comisión vela polo cumprimento dos grandes plantexamentos estratéxicos, como é o desenvolvemento sostible e a transición ecolóxica, pero non se pode esquecer que a Unión Europea está formada por estados diversos, coas súas propias necesidades estratéxicas e cunha cidadanía cuxo benestar se debe salvagardar. Debería ser unha das prioridades, e case por enriba de todo.

O intento da Comisión Europea de forzar cun acto de execución o Regulamento de augas profundas, que prohibe a pesca de 94 zonas do Atlántico Norte, supón unha perversión das súas atribucións. A Comisión non debería empregar o mecanismo excepcional do que dispón para saltar o procedemento ordinario, e moito menos cando ten o mandato de reformar a política pesqueira común dentro duns meses.

Xa sabemos que á Comisión lle gusta a política pesqueira común actual, absolutamente condicionada polos obxectivos medioambientais e polas exixencias impostas no seu momento polo Reino Unido cando asinou a súa adhesión, pero a realidade mudou tanto que hai razóns suficientes como para analizar un novo plantexamento.

Por unha parte, a ameaza dun novo paso cara atrás no Estado do benestar e o risco elevado de recesión fan necesario replantexar necesidades. En situacións como esta toma sentido a obriga de afrontar a sostibilidade dende o punto de vista ambiental, pero tamén dende os puntos de vista económico e social. Porque se non se logra un equilibrio, iremos cara a unha sociedade que estea máis preocupada pola subsistencia que pola propia visión a medio e longo prazo que nos exixen os obxectivos medioambientais.

Por outra banda, o propio contorno da política común de pesca cambiou. O estado que máis influíu e condicionou esta política, que era o Reino Unido, deixou xa de formar parte dese club.

Outro factor importante é a situación económica, que nos obriga a avaliar con diferente visión os efectos sociais e económicos das medidas que se adopten.

No caso da prohibición da pesca en augas profundas ou nas zonas de transición nos límites da plataforma continental, non se pode pretender facelo sen ter en conta as características de cada frota ou o feito de que hai artes de pesca malas —e falamos só, ademais, das permitidas na Unión Europea—, senón que pode haber, en todo caso, un uso irresponsable desas artes.

Para evitar a necesidade de aplicar sempre o enfoque de precaución é necesario avanzar no coñecemento do medio, e niso temos que esforzarnos tanto os partidos políticos dende os parlamentos, os congresos, como os propios gobernos, da man do sector, nos países que se vexan afectados.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Na situación actual o razoable sería que a Comisión anunciara o inicio dun procedemento para a reforma da política común de pesca e a súa adaptación ás novas realidades. Así mesmo, que se activaran os procedementos de consulta cos científicos, cos sectores afectados e coa cidadanía e os procedementos de toma de decisión co Consello e o Parlamento en Europa. E unha vez revisado e actualizado o marco normativo, é cando correspondería aportar as medidas pertinentes de acordo con ese novo documento. Pero estamos ante un caso no que a Comisión actuou dun xeito —permítanme a expresión— despótico, ao evitar as canles democráticas co pretexto de facelo «polo noso ben», explicaba. Pero, claro, ¿quen decide cal é o noso ben?

Aquí, en Galicia, as normas plasmadas no Pacto verde europeo xa xeraron inquietude no sector pesqueiro a partir do Regulamento no 2016, polo que se establecían condicións específicas aplicables á pesca de poboacións de augas profundas do Atlántico, e que podería —dicían entón— chegar a ser modificado.

A Estratexia da Unión Europea en materia de biodiversidade para o 2030 publicouse en 2020, e supón «un plan ambicioso de protección da natureza, co obxectivo de poder rematar coa degradación dos ecosistemas». Así di no seu enunciado. E un dos seus parágrafos especifica o seguinte: «Na Unión Europea deben estar protexidos polo menos o 30 % da superficie terrestre e o 30 % da mariña». Na actualidade, para que o saiban vostedes, está protexido o 11 % da superficie mariña da Unión Europea; polo tanto, aplicar isto sería aumentar nun 19 % esa protección. E iso, polo tanto, suporía limitacións e restricións ao uso de artes de pesca de contacto co fondo. No Regulamento da Unión Europea 2016/2336, do 14 de setembro do 2016, indícase expresamente que as redes de arrastre de fondo representan un risco para os ecosistemas mariños vulnerables e xeran as maiores porcentaxes de capturas non intencionais, de especies de augas profundas, etc. A través dun mapa interactivo pódense coñecer as zonas e os escenarios que se consideran máis vulnerables.

A reacción ante todo isto non se fixo agardar, e creouse a Alianza Europea de Pesca de Fondo, unha asociación que aglutina a Estonia, Francia, Irlanda, Italia, Letonia, Lituania, Países Baixos, Polonia, Portugal e Suecia, e que no seu lanzamento, o pasado 19 de xaneiro de 2022, demostrou ante o Parlamento Europeo que estas pesqueiras están ben reguladas, están controladas, están investigadas e amplamente certificadas.

A conselleira do Mar, Rosa Quintana, mantivo unha xuntanza co presidente da Alianza Europea de Pesca de Fondo no mes de febreiro. Abordaron as inquedanzas, e a titular de Mar salientou que Galicia sempre defendeu a necesidade de que na xestión das pesqueiras se teñan en conta aspectos económicos e sociais, ademais dos ambientais, e así o seguiremos a facer e o segue a defender.

Polo tanto, no día de hoxe consideramos un erro absoluto catalogar algunhas artes como prexudiciais, porque o seu impacto depende do uso que se lles dea, e a frota galega segue estritamente a lexislación vixente.

En abril, unha delegación da Consellería do Mar, seguindo tamén con todo este traballo, entregou en Bruxelas ás direccións de Medio Ambiente e de Mar respectivamente, un estudo

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do impacto socioeconómico das propostas de limitación das artes de fondo da pesca costeira artesanal de Galicia. O documento constata que as restricións para as artes que teñen contacto co fondo afectan máis dun 20 % dos buques de artes menores de Galicia e un terzo do emprego directo desta frota. Saberán vostedes que Galicia é unha rexión na que a pesca, a acuicultura e o marisqueo adquiren unha gran importancia, que conta con competencias propias para promulgar parte do seu ordenamento xurídico e que é unha rexión cun gran compromiso de cumprimento da normativa tanto rexional como estatal como europea; polo tanto, é inxusto comparala con outros países ou incluso con outras rexións.

Conta para iso Galicia cunha ferramenta, como é a Unidade Técnica de Pesca de Baixura, que proporciona información necesaria para asesorar a Administración pesqueira sobre a evolución dos recursos pesqueiros, coa finalidade de ter un mellor coñecemento das pesqueiras de interese para a frota de artes menores e de contribuír á mellora da lexislación pesqueira e da xestión dos recursos.

A pesca de baixura engloba as pesqueiras tradicionais, que involucran a familias de pescadores que precisan unha cantidade relativamente pequena de capital e enerxía e empregan pequenos barcos de pesca nos que realizan travesías curtas, próximas á costa. As capturas son principalmente destinadas ao consumo local.

A análise realizada polo Executivo galego cifra en preto de novecentas as unidades de artes menores: miños, trasmallos, betas, rastros de vieira, bou de vara ou bou de man, entre outras potencialmente afectadas, dun total de 3.800 embarcacións artesanais. Prexudicaría uns 2.100 profesionais, cun impacto da economía de -280 millóns de euros. Polo tanto, isto é grave, isto é moi duro; é un golpe moi duro para Galicia e para o sector pesqueiro.

Nós hoxe presentamos esta iniciativa amosando o noso rexeitamento a esas propostas que fai a Comisión das que falei, e estamos totalmente posicionados en defensa da pesqueira artesanal.

As ameazas son cada vez maiores e temos que frealas porque estamos cargados de razóns que nada teñen que ver con intereses políticos, persoais ou partidistas. É a defensa dos intereses de Galicia, é a defensa da sensatez, do «sentidiño» das xentes do mar e da súa actividade e sustento.

Logo falarei das emendas. E espero, por suposto, o apoio unánime a esta iniciativa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señora Egerique, non podo estar máis de acordo con vostede en que hai que defender os intereses da nosa frota, que está seriamente afectada por esta nova ameaza das institucións comunitarias.

Dicía vostede unha frase relativa aos actos de execución da Comisión Europea; dicía que non valían sempre nin que valían para todo. Eu concordo totalmente con vostede. De feito, o PSdeG así o ten amosado, dicíndolle tamén á Comisión Europea e, nomeadamente, ao comisario de Pesca europeo que así non, que non se pode levar a cabo esta medida de tanto calado e tan prexudicial para os intereses da frota pesqueira española, e, nomeadamente, da frota galega, dun xeito unilateral, sen ter en conta os estados membros, sen ter en conta os consellos consultivos e, dende logo, sen ter en conta o propio sector pesqueiro.

Temos falado moitísimas veces de que son numerosos os retos aos que ten que facer fronte o noso sector pesqueiro, e son coñecidos, sobre todo o problema da falla de remuda xeracional, da falla de mandos, eses prezos abusivos na compra do combustible pesqueiro, esas ameazas das institucións comunitarias de eliminar esas exencións fiscais a esa compra do combustible, pero, por riba de todas estas ameazas ás que ten que facer fronte o sector pesqueiro, pois están ultimamente esas ameazas das institucións comunitarias —e eu creo que aí concordamos todos os grupos— que, cunha visión exclusivamente medioambientalista, están a tomar decisións que nos están a prexudicar gravemente.

E con esta iniciativa que hoxe trae a debate o Grupo Parlamentario Popular nós coincidimos na parte resolutiva, pero só pedimos engadir «á Comisión Europea»; é dicir, non dirixirse só ao Parlamento Europeo, aos grupos parlamentarios nel representados e á DG Mare, senón tamén á Comisión Europea. Porque agora entendemos que estamos nesa fase na que é a propia Comisión Europea a que ten as mans libres para ditar eses actos de execución que levarían a cabo esta decisión tan drástica. Polo tanto, nese sentido vai a nosa emenda, pero concordando co que presenta o Grupo Parlamentario Popular.

Todos e todas coñecemos que o actual Regulamento da política pesqueira común xa recollía a posibilidade de prohibir a pesca en determinados lugares especialmente sensibles, o que eles coñecen como «ecosistemas mariños vulnerables en augas profundas». Xa dicía a señora Egerique que no ano 2016 se aprobou en Europa un regulamento específico de augas profundas que recollía que, como moi tarde, o 13 de xaneiro do ano 2018, a Comisión Europea —pero aí vén a coletilla—, sobre a base da mellor información científica e técnica dispoñible, as avaliacións e identificacións levadas a cabo polos estados membros e o organismo científico consultivo, adoptaría eses actos de execución co obxecto de establecer unha lista de zonas nas que se coñeza a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou nas que sexa probable que existan estes entre 400 e 800 metros de profundidade, e que alí, nesas zonas, se prohibiría a pesca con artes de fondo en todas estas zonas incluídas nesa listaxe, que sería renovada ano tras ano. Pero nese propio Regulamento dicíase que con base nos mellores informes científicos e técnicos e tamén nos informes que proviñeran dos estados membros, algo que estamos a ver que a propia Comisión Europea non está a ter en conta.

Polo tanto, xa nese Regulamento do ano 2016 se buscaba pechar esas zonas mariñas vulnerables ás artes de pesca que tocan o fondo do mar, como poden ser, entre outras —dixo a señora Egerique todas as artes—, o arrastre ou o palangre de fondo.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dende este grupo parlamentario levamos tamén advertindo moito tempo do risco que estabamos a correr pola demonización que se facía, dende as institucións comunitarias, nomeadamente da arte do arrastre. E diciamos que era preciso reaccionar tanto por parte das administracións —Goberno de España, Xunta Galicia— como tamén pola parte do propio sector pesqueiro ante estas propostas tan restritivas que se estaban a redactar en Europa.

A Comisión Europea —todas e todos sabemos que estamos no ano 2022— non deu cumprimento ao contemplado no Regulamento do ano 2016. Pero recentemente, despois da celebración da Conferencia dos Océanos de Lisboa —e xusto despois de que o Consello Consultivo non sacara adiante o ditame que tiña que dar o visto bo a esa prohibición—, xusto despois, foron as declaracións do comisario de Pesca. E quero incidir en que ese ditame non foi sacado adiante, entre outras cousas porque o Goberno de España votou en contra do ditame. Polo tanto, agora o que lle queda é a posibilidade á propia Comisión Europea de ditar eses actos de execución e de seguir cara a adiante coa adopción dese acto de execución para prohibir a pesca de fondo en zonas sensibles, que afectaría —como dixo a señora Egerique— 94 áreas de augas comunitarias do Atlántico Nororiental. Esas foron as declaracións que fixo recentemente o comisario de Pesca europeo, querendo dar a entender que van seguir a adiante con esa proposta de veto. Polo tanto —como explicaba anteriormente—, nese senso vai a nosa emenda: no senso de incluír tamén aí a propia Comisión Europea, porque é a que agora ten a sartén polo mango.

A propia Comisión Europea basea a súa proposta de prohibición nun informe que lle encargou ao ICES, no que se abordaban catro posibles escenarios onde poder aplicar o que se contempla nese Regulamento de 2016. O Goberno de España xa nese momento, cando coñece ese documento e vendo o prexudicial e lesivo que era para os intereses da pesca española —e, nomeadamente, tamén da pesca galega e dos que están a faenar no Gran Sol—, trasládalle á Comisión Europea a necesidade de solicitar novos informes científicos e técnicos que sirvan para contrastar esa información, poder sentar a negociar e ver, en realidade, onde hai que protexer.

É certo que parecía que o pasado mes de maio no Parlamento Europeo se avanzaba neste senso, porque o propio Parlamento Europeo poñía freo a esa prohibición de pesca de arrastre nas áreas mariñas protexidas, condicionando esta eliminación á existencia de informes científicos que así o aconsellasen, pero a realidade vimos como que é outra porque o propio comisario de Pesca europeo o outro día en Lisboa botaba por terra estas esperanzas que tiñamos dicindo practicamente que ían seguir adiante con esa intención de veto á pesca de fondo.

Nós tamén compartimos co Ministerio de Pesca que é perfectamente compatible a protección dos nosos mares e dos nosos océanos coa actividade extractiva da pesca. Temos o exemplo aí do Gran Sol, onde os nosos pescadores e mariñeiros levan máis de dous séculos faenando nese caladoiro e, ao mesmo tempo, permitindo tamén que o hábitat mariño e a biodiversidade continúen vivos.

Polo tanto, a Comisión Europea debe de recapacitar, e o propio ministro de Pesca o día 18, no Consello de Ministros de Pesca —tamén pretende ir da man da propia Xunta de Galicia, da Consellería do Mar, e tamén do sector—, vai de novo amosar ese rexeitamento a esta

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

proposta de veto. É certo que non está incluído na orde do día do Consello de Ministros de Pesca europeos, pero o propio ministro vai intentar incluílo na axenda política.

En vista de toda esta preocupación, eu creo que todos e todas estamos de acordo en que hai que acompañar o sector, en que hai que darlle o noso apoio. Nós presentamos aos grupos parlamentarios con representación nesta Cámara unha proposta de declaración institucional, e por parte do Grupo Parlamentario Popular aínda non tivemos resposta. O que pretendemos é que, conxuntamente e sen fisuras, todos e todas as representantes do pobo galego mostremos o noso apoio ao sector da nosa pesca e o claro rexeitamento á postura que está a manter o Executivo comunitario; cremos que é o mínimo que podemos facer, mostrar o noso apoio. E tamén nesa proposta de declaración institucional —que vai moi en liña coa emenda presentada hoxe polo Grupo Parlamentario do BNG— pedimos que se rexeite rotundamente a medida de veto proposta pola Comisión Europea á pesca de fondo e que se emprace a súa retirada inmediata.

Por outro lado, pedimos que se inste a Comisión Europea a que se estableza unha verdadeira vía de diálogo cos estados membros e tamén co propio sector pesqueiro para abordar esta cuestión de tal calado para o noso sector pesqueiro, porque, ademais, así tamén o contempla o propio Regulamento do ano 2016, pero a propia Comisión Europea está abandonando e olvidando o que se contempla nese Regulamento.

Tamén pedimos que se inste a Comisión Europea para que se encargue a elaboración de novos informes científicos e técnicos, así como de estudos socioeconómicos rigorosos, que permitan adoptar unha decisión con garantías ante este tema de vital transcendencia. Porque dende o Grupo Parlamentario do PSdeG coincidimos —como así nos ten trasladado tamén o propio sector e tamén o ten amosado así o propio Ministerio de Pesca— en que non hai informes científicos e técnicos rigorosos que avalen a decisión tan lesiva que pretende levar a cabo a Comisión Europea, e en que tampouco hai verdadeiros estudos socioeconómicos que analicen con rigorosidade o impacto que esta medida vai ter no noso sector.

Polo tanto, antes de adoptar unha decisión deste calado, cremos que a Comisión Europea o primeiro que ten que facer é paralizar esa proposta de veto, retirala inmediatamente e abrir unha verdadeira vía de diálogo cos estados membros e, dende logo, co propio sector pesqueiro.

Nese senso vai a nosa proposta de declaración institucional que agardamos que sexa tida en conta polo Grupo Parlamentario Popular, porque é o que nos está a pedir o propio sector pesqueiro; creo que é o mínimo que podemos facer. Queremos amosar o noso apoio e que imos a carón do noso sector pesqueiro nesa nova loita que teñen que afrontar coas institucións comunitarias, porque, como nos din —polo menos a min— algún armador e algún mariñeiro: de pouco nos vai servir atopar solucións á falla de remuda xeracional ou á falla de titulación de mandos se, ao final, nos expulsan de faenar nos caladoiros onde levamos tantísimo tempo, e ademais sen razóns obxectivas que avalen esta decisión que pretende tomar a Comisión Europea.

Polo tanto, nós estamos de acordo co que presenta hoxe o Grupo Parlamentario Popular, pero só facemos esa puntualización porque cremos que o momento temporal agora está en mans da Comisión Europea.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Parécenos moi ben o de dirixirse ao Parlamento Europeo, á DG Mare, pero tamén á Comisión Europea, para que, dunha vez por todas, paralice esa ameaza que está a poñer, que, de levarse a cabo, todos e todas sabemos que suporía unha grave ruína para unha parte moi importante da nosa frota pesqueira.

Polo tanto, esperemos que teñan en conta a nosa emenda...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...e tamén que teñan en conta a nosa proposta de declaración institucional.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señorías.

Señora Egerique, vostede xa explicou perfectamente cal foi o proceso ata chegar a esta toma de decisión por parte da Comisión; e non só o proceso, senón tamén parte do que significaría, efectivamente, que esta decisión se acabase executando. Baixo o noso punto de vista, estamos diante, efectivamente, dunha decisión da Comisión Europea que non só é grave —que o é, e moi grave— polo fondo e polo seu contido, senón tamén pola forma e por como se decide e como se toma esa decisión. En primeiro lugar, polo fondo, é grave, moi grave, porque supoñería outra brutal labazada ao noso sector pesqueiro, que, a pesar de ter pasado xa moitas —é verdade—, pois soporta xa cada vez menos tanto despropósito.

O marco do Pacto verde e da Estratexia da biodiversidade 2030 —vostedes, as dúas portavoces, xa o citaron— ampara agora —ou, bueno, iso é o que pretende, efectivamente, a Comisión— a limitación do uso de determinadas artes de pesca. No caso galego, estamos a falar de «arruinar» —literalmente— e de encamiñar ao despezamento a máis de 100 buques arrastreiros, e, por suposto, de afectar gravisimamente unha importante industria arredor desa frota. Isto supoñendo que quede clara a non-afectación da frota de artes menores, que vostede, señora Egerique, tamén citou: rastros, tramallos, miños, bous, etc. Porque, de ser así, de afectar tamén esta frota de artes menores —vostede xa deu as cifras, non as vou repetir—, é certo que o impacto socioeconómico na nosa costa e no conxunto da nosa economía sería definitivamente letal.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

De novo, adóptase na Unión Europea —na Comisión Europea, neste caso— unha medida que aparentemente intenta lograr un equilibrio entre a conservación e a produción sostíbel de alimentos procedentes do mar. Pero na práctica trátase dunha prohibición que non ten en conta a gran cantidade de factores que están en xogo: non se está a ter en conta que a pesca de fondo xa se realiza no día de hoxe en áreas limitadas, en áreas determinadas, e que non está permitida en áreas mariñas protexidas e onde existen ecosistemas vulnerábeis; que é unha pesca controlada, que é unha pesca vixiada, que é unha pesca hiperregulamentada; e non se está a ter en conta a cantidade de especies que dificilmente poderían ser capturadas con outras modalidades de pesca. Estamos a falar de linguados, de gambas, de peixes sapos, de rapantes, de cigalas, entre outros, que se pescan hoxe por unha frota de arrastre, que, por certo, nada ten que ver tecnoloxicamente coa de hai corenta anos e sobre todo onde prima a concienciación do propio sector.

Tampouco se está a ter en conta que a frota de artes de fondo supón un auténtico piar para o emprego nin que a expulsión destes buques dos caladoiros actuais levaría á sobrecarga doutros caladoiros e tamén doutras frotas. Non se está a ter en conta tampouco que falamos dunha frota que ata o de agora non provocou colapso de ningún stock, que cunha pegada ambiental mínima prové de alimentos saludábeis e que —insisto— é fundamental polo seu peso económico e social.

Estamos diante dunha medida, en definitiva, que engana —e dígoo así con esta claridade— a cidadanía, que quere confundir os efectos dun arrastreiro galego que faena no Cantábrico ou no Gran Sol cos dun superarrastreiro —maioritariamente asiático; en fin, de terceiros países— que traballa con moi pouca ou ningunha consideración medioambiental e mesmo laboral. Por certo, sería moi interesante analizar como e por que despois de desaparecer a nosa frota van seguir entrando no mercado europeo produtos da frota de superarrastreiros de terceiros países, sen cumprir os requisitos que se lle exixen á frota europea e tamén, evidentemente, á galega.

Ben, en canto ao fondo, eu creo que entre o que dixeron vostedes e o que acabo de dicir eu está perfectamente explicada a gravidade do tema.

E agora quérome referir brevemente á forma, porque xa o fixeron tamén vostedes de xeito amplo. Dicía que esta decisión tamén é grave pola forma, polo xeito en que se vén de adoptar. Alúdese a un informe do ICES; informe que, por exemplo, cando se refire ás emisións de CO2 que xera o arrastre, recolle textualmente que «a ciencia dispoñíbel é incipiente, e que é necesario agardar cinco ou dez anos». Informe que chega a unhas conclusións, partindo duns datos moi concretos e dunha análise moi determinada do tema, e que recoñece que —textual— «con outros datos máis fiábeis as conclusións non serían as mesmas»; e informe que indica incluso que habería que definir o que é ou ata onde se pode admitir o que é un impacto aceptábel. En fin, como ven, nin datos científicos nin datos técnicos sólidos.

E con base, efectivamente, nese Regulamento —que xa citaban vostedes— do ano 2016, tómase agora unha decisión que non conta nin co apoio da totalidade do Consello —porque case están en contra tantos como están a favor—. Lembremos que 14 países votaron a favor, pero houbo 9 abstencións, 2 non existiron e 2 votaron en contra; un deles, por certo, o Es-

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tado español. Polo tanto, un informe e unha decisión que non aporta —como digo— nin datos nin argumentos científicos nin técnicos e que non ten, evidentemente, analizados os datos socioeconómicos que a poden facer viábel.

A Comisión, señorías, ademais neste caso, está a decidir —estas son as cousas tamén da Unión Europea— sobre as augas de catro países, cando dous deles, Irlanda e o Estado español, están en contra, un abstense, que é Portugal, e só Francia vota a favor. Adóptase tamén sen consulta ningunha e sen diálogo co sector e anunciando publicamente a protección dos ecosistemas vulnerábeis do impacto das artes de fondo sen distinguir unhas das outras —non distingue entre o arrastre e o palangre— e, evidentemente, iguala —digamos— todos os efectos e todos os impactos. En definitiva, unha decisión á que nós non lle encontramos xustificación nin medioambiental, nin económica, nin, dende logo, social.

Señora Egerique, estamos de acordo, evidentemente, co que propoñen, pero nós entendemos que, precisamente pola data na que presentaron a iniciativa —que era no mes de maio—... Claro, logo sucederon cousas; de feito, esta decisión concreta é posterior, é de finais de xuño. Entón, claro, a nós quédanos un pouco frouxo —digamos— xa neste momento amosar o rexeitamento ás propostas normativas, etc. E o que lle propoñemos é unha emenda consonte o que está facendo público tamén o propio sector. Mesmo no manifesto que se acaba de facer en defensa da pesca, da acuicultura, do marisqueo, etc. noméanse estas cuestións. E nós entendemos que, a maiores de amosar o rexeitamento, debemos xa solicitar, efectivamente —ou a Xunta de Galiza debe solicitar— á Comisión Europea a retirada —por estas cuestións que acabo de explicar e nas que vostedes tamén entraron— desa decisión, sobre todo tendo en conta cal foi o procedemento.

Entendemos que hai que solicitarlle que antes de tomar ningunha decisión se elaboren todos os estudos necesarios, documentados e baseados en datos científicos e técnicos sólidos e solventes, que se inicie un diálogo co sector e, finalmente, tamén elaborar un informe sobre o impacto socioeconómico, porque é incrible que unha decisión destas características se tome así á lixeira sen ver que impacto socioeconómico pode ter, e sobre todo en determinados países, como é o noso.

Entón, señoría, penso que o que estamos engadindo nesta emenda enriquece a súa proposta, porque, efectivamente, no mes de maio non se produciran aínda os feitos que hoxe coñecemos. Agardemos que a acepten.

Máis nada de momento e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Eu alégrome de que sexamos as tres voceiras de Mar igual de contundentes con esta decisión da Comisión, porque a verdade é que non ten ningún sentido e non se entende.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En canto ás emendas, é certo, señora Pérez, que o primeiro punto é a retirada da medida. Nós cremos que o primeiro punto é similar ao que pedimos nós. É certo que o 2 e o 3 enriquecen a nosa petición. Polo tanto, estariamos dispostos a engadirlle ao noso texto o punto 2 e o 3 da súa iniciativa. Cremos que o 1, coa redacción do noso, xa se cumpre. E aceptariamos tamén a modificación e a proposta que fai o Partido Socialista. Polo tanto, quedaría o texto coa engádega do Partido Socialista e co punto 2 e 3 da emenda do Bloque Nacionalista Galego.

E non o dixen antes pero saberán tamén que o pasado día 5 as asociacións pesqueiras galegas asinaron un manifesto xunto á Xunta de Galicia en defensa do sector. Para iso tamén amosaron o rexeitamento ante a decisión da Comisión Europea de vetar a pesca de fondo en 94 zonas de augas comunitarias. E eu quería tamén aquí poñer en valor —como dixen, e como todos temos que facer a forza— o traballo que está facendo tamén o partido que represento, o Partido Popular, xa que hoxe mesmo, en Bruxelas, se fixo unha intervención na Comisión de Pesca —na Comisión Europea de Pesca— do propio deputado Francisco Millán Mon en defensa dos intereses da pesca de Galicia, e tamén rexeitando e pedindo que se retirasen esas decisións en favor da pesca e das artes de fondo. Tamén dende alí temos que alzar a voz para que nos escoiten.

Saberán que Charlina Vitcheva —DG Mare, da Comisión Europea— hoxe tivo unha reunión co Consello de Pesca, tamén da man da conselleira Rosa Quintana, en Vigo, e temos que agradecerlle que se achegue ata aquí e tamén que escoite. Agora, despois de escoitar, de estar no terreo e de coñecer de primeira man todo o que nós dicimos, que ten que estar plasmado no informe, esperemos que poida entender que non se poden tomar drasticamente as decisións que se están tomando.

E, señora Pérez, fixo vostede referencia tamén aos informes e aos ditames do ICES. É certo que —como dixo— se ignoran e non teñen ningunha base científica para que poidan defender isto. Polo tanto, nós cremos que convén diferenciar, porque sabemos ademais que, por exemplo, o efecto do palangre non é como din, é practicamente nulo comparado coas prácticas que fan outras frotas noutros países.

Polo tanto, defendemos o posicionamento, baseado, como digo, en informes sólidos que existen en casos que queren vetar artes selectivas de fondo e de arrastre que non teñen ningún sentido. Sobre todo, hai algo moi importante, que é fundamental, e que as tres sabemos que se cumpre, e que é a responsabilidade e o compromiso do sector pesqueiro galego co cumprimento das normas para unha pesca sostible que garanta o seu futuro. Polo tanto, xa están sometidos a unha lexislación que, bueno, lles fai pescar dunha maneira moi prudente e moi sustentable, e isto sería un golpetazo moi inxusto.

Xa dixo a señora Pérez —díxeno eu tamén e a señora Otero— que mudaron moito as cousas, tamén nos modos de pescar. É importante ter en conta isto, e ademais sería un golpe moi forte nas artes e na pesca artesanal galega tamén —como digo— para o modelo de vida e para as nosas rutinas. Falou tamén de especies de peixse, que son, ademais, especies moi comúns no consumo de peixe habitual en moitas familias; polo tanto, esperemos que nos fagan caso e rectifiquen.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu quero rematar, ademais, cunha reflexión que probablemente de aquí ao futuro, nos próximos debates, poidamos ter enriba da mesa, e é que nós non queremos que este tipo de decisións, ademais de costas aos países afectados, sexan unha fábrica de euroescépticos —enténdanme a expresión—, porque realmente está moi demostrado —e nós defenderémolo sempre— que pertencer a Europa e á Unión Europea tivo consecuencias moi positivas para todos nós no desenvolvemento e consecuencias moi positivas na convivencia, e sobre todo en materia humanitaria. Polo tanto, este tipo de decisións que son golpes moi fortes e directos ás familias galegas non deberían permitirse.

E alégrome de que todas esteamos nese posicionamento tan duro, consistente e insistente ante a Comisión para defender o sector pesqueiro.

Nada máis.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Carmen María Pomar Tojo e seis deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta ao Goberno de España para que teña en conta as peculiaridades que ten Galicia no deseño do novo mapa concesional das liñas de transporte por estrada da súa competencia

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Otero Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a traballar conxuntamente co Goberno do Estado, no marco das súas competencias, para poder harmonizar o Plan de Transporte Estatal e o Plan de Transporte de Galicia, co fin de complementar os servizos da Xunta cos do Estado e asegurar que funcionan os nodos dende as principais localidades cara outras comunidades autónomas, así como o transporte dende as zonas do rural cara as cidades para enlazar despois con outros territorios fóra da nosa comunidade autónoma, garantindo así as peculiaridades que ten Galicia no que respecta á dispersión territorial e poboacional.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Señorías, nas bancadas da oposición hai deputadas e deputados que se mostran especialmente nerviosos cando dicimos que Sánchez desconecta a Galicia. Pero estas tres palabras, «Sánchez, desconecta e Galicia», están repletas de verdade; son a conclusión lóxica e ob-

CSV: BOPGDSPG-QaVUkiki-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xectiva se analizamos a política de mobilidade que está a aplicar o Goberno de España coa nosa terra. Vai moito máis aló dun simple lema «Sánchez desconecta a Galicia» e empeza a ser a constatación certa dunha realidade da estratexia deliberada e consciente que marcan desde A Moncloa. «Sánchez desconecta a Galicia» é a conclusión á que chega calquera cidadán deste país se analiza a realidade dos feitos que están a acontecer.

Se mo permiten, intentarei resumir esta afirmación con tres exemplos cuxo relato ninguén hoxe poderá negar neste Parlamento nin na tribuna deste Parlamento. Sánchez desconecta a Galicia co que está a acontecer co mapa estatal de bus e coa Lei de mobilidade sostible, que son o obxecto fundamental da iniciativa que hoxe presenta o Grupo Popular.

O novo mapa concesional de autobuses, de competencia neste caso estatal, suprime paradas en 23 municipios galegos. A provincia máis afectada, a provincia de Lugo; dos 23, 10 son desta provincia, que suman unha poboación de 136.000 persoas. Supón tamén a supresión de 76 servizos interiores e deixar de prestar de xeito directo 1.100 rutas de autobús, o que supón que os viaxeiros se verán obrigados a facer transbordos en detrimento da calidade do servizo.

A nivel global de toda España, o mapa presentado polo ministerio suprime o 47 % das rutas, rebaixa nun 74 % os municipios con parada e merma nun 31 % os quilómetros que percorre de media cada vehículo.

O recorte previsto nos servizos de transporte público por estrada tamén supón un prexuízo para os camiños de Santiago, posto que varias das poboacións polas que discorre quedarán sen paradas e algunha quedará sen servizo.

O Goberno de España defende e promove un modelo de servizo público de mobilidade que dá prioridade aos criterios económicos fronte á rendibilidade social e fronte ao equilibrio territorial; un modelo, en definitiva, de condena a morte aos servizos de media distancia e que dificulta considerablemente a mobilidade interior e da zona rural ao reducir os servizos de autobús intercomunitario. E todo isto, ademais, cando a día de hoxe o Goberno de España non recuperou aínda na súa totalidade os servizos de tren e de bus que había antes da pandemia.

Coincidirán vostedes comigo no negativo e incoherente que é reducir a oferta e a calidade do transporte público no momento actual, cando máis o necesitan os cidadáns, polo incremento do prezo dos combustibles.

Vemos que o Goberno de España aposta cada vez máis por un transporte menos público e por un transporte menos colectivo. E ante semellantes recortes, a Xunta e os concellos afectados acordaron o pasado día 4 pedirlle ao Goberno de España a retirada do novo mapa estatal de concesións de autobús. Unha vez acadada esta postura, que é común, a Xunta trasladou o pasado día 6 na Conferencia Nacional de Transportes a retirada deste mapa, xa que todos os galegos teñen dereito a un transporte público de calidade, que garanta a igualdade e que contribúa a reducir o consumo de combustible sobre todo neste momento.

Polo tanto, a Xunta cumpriu o acordo que acadou cos concellos afectados. E hoxe queremos sumar a forza deste parlamento a esta demanda. Solicitemos ao Goberno de España non o

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aprazamento do debate ou a promesa de revisión. Pidamos a retirada deste mapa de transportes estatal.

Hai que salientar que a oposición frontal a este novo mapa de buses estatal é compartida tamén con outras comunidades, neste caso como é Castela-León, como é Aragón e como é Andalucía.

Non é asumible que, cando máis caros están os combustibles e cando máis necesario é para os cidadáns o transporte público, o Goberno de Sánchez faga unha política totalmente contraria e pretenda *de facto* desmantelalo na nosa comunidade autónoma. Isto vai moito máis aló de ideoloxías e vai moito máis aló de partidos políticos. Todos —e digo todos— estamos chamados a defender a mobilidade de Galicia. Todos estamos chamados a impedir que a nosa comunidade quede desconectada do resto de España. Por iso sería moi complicado de entender que todas as forzas políticas representadas neste parlamento non apoien hoxe esta iniciativa; sería, señorías, difícil de entender, difícil de entender que non foramos quen de chegar a un acordo por unanimidade. Sumemos forzas e non permitamos que ninguén desconecte Galicia.

Outro dos exemplos de que Sánchez desconecta Galicia é cando incumpre os prazos da chegada dos trens Avril. O Goberno de socialistas e de Podemos dixo e repetiu ata a saciedade que estes trens estarían activos este verán, concretamente no mes de xullo, no mes que estamos, para conectar Ourense co resto das cidades galegas de alta velocidade, con Santiago, con Vigo, coa Coruña, con Pontevedra, con Ferrol e coa provincia de Lugo, que lle fai moita falta; igual que o resto, pero a de Lugo porque, como saben vostedes, é a que menos conexións ten.

E agora descubrimos que non será así, que Galicia nunca foi unha prioridade para o Goberno central, e ademais soubémolo dun xeito sorprendente —por definilo dalgún modo—: cando a Xunta preguntou por vías non formais, dixéronlle que se mantiñan os prazos; cando estaban moi cerca de esgotarse os prazos, os socialistas no Goberno seguían a dicir que non había ningún problema con eses contratos; e agora, cando o Goberno galego preguntou por escrito, todo cambiou: os trens non chegan, os contratos non se cumpriron e os últimos, que parece que foron os últimos que se decataron, foron os do propio ministerio. Por iso, desde o grupo maioritario desta cámara pedimos sinceridade pero, sobre todo, exiximos respecto institucional. Non nos estaban contando a verdade aos galegos e ás galegas. E queremos saben cando van estar os trens Avril en funcionamento en Galicia e se poderemos aproveitalos algún mes deste ano que nos queda de Xacobeo.

O impacto na mobilidade de Galicia deste incumprimento é clarísimo cos trens Avril. Aumentaría o número de prazas, aumentaría o número de cidadáns que poden vir á nosa terra e, ademais, melloraría a calidade e obteríase unha redución moi significativa dos tempos de desprazamento.

E termino, señor presidente. Xa vexo que a algún deputado do Bloque Nacionalista Galego lle causou sorpresa cando dixen que Galicia nunca fora unha prioridade para o Goberno socialista. *(Murmurios.)* Para o Goberno popular —déixenme explicarlles, porque teñen voste-

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

des que atender—, para o Goberno popular si foi unha prioridade, porque cando gobernaban os socialistas as autovías acababan todas en Benavente, e cando o Partido Popular gobernou en Madrid as autovías chegaron á nosa comunidade autónoma.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Balseiro.

Quenda agora do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra dona Patricia Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

O señor Balseiro dicía: Sánchez desconecta Galicia. Repetiuno unha e unha e unha vez. Tanto desconecta Sánchez a Galicia que con Sánchez chegou o AVE a Galicia, a pesar de todos os atrancos postos polo señor Feijóo, *(Aplausos.)* por Mariano Rajoy e tamén por Ana Pastor. Pero o AVE chegou a Galicia e chegou cun presidente socialista.

E despois dicía vostede dos trens Avril. Pero mire, con todas as decisións e todos os incumprimentos de prazo por parte de M. Rajoy, o Partido Popular de Galicia calaba. Pero o PSdeG, a diferenza del, xa dixo clariño que se pida por parte do ministerio o cumprimento dos prazos para a chegada dos trens Avril, e, se non, que se lle pida responsabilidade a esa empresa. Esa é a diferenza entre o PSdeG e o Grupo Parlamentario Popular, que cando adoptaban decisións lesivas para Galicia en Madrid vostedes calaban a boquiña. Esa é a diferenza. *(Aplausos.)*

Mire, señor Balseiro, esta é unha iniciativa loxicamente para tapar as súas vergoñas, para limpar a súa mala conciencia. Porque vostede, coma min, sabe que o Plan de transporte público de Galicia está sendo un auténtico fracaso. E vostede agora preocúpase de conectar Galicia co resto das comunidades autónomas, que nós tamén o pedimos. E se hai que modificar algo dese documento futuro, porque aínda non é un documento aprobado, dese mapa concesional, non teña dúbida de que nós dende o Grupo Parlamentario do PSdeG tamén o imos pedir. Pero preocúpese vostede de que un veciño de Baralla teña boas conexións para chegar a Lugo ou preocúpese vostede de que un veciño da Mariña, de Viveiro, teña boas conexións de servizo público para chegar ao Hospital de Burela, porque iso é competencia da Xunta de Galicia e non están a ter esas garantías de mobilidade os galegos e as galegas. *(Aplausos.)* E estámolo a ver todos os días nos xornais, non é algo que denuncie o Grupo Parlamentario do PSdeG. Todos os días estamos a ver nos xornais como hai queixas de usuarios e de usuarias, de colectivos e tamén de concellos pedíndolle á Xunta de Galicia que modifique e mellore o Plan de transporte público de Galicia, porque é un auténtico fracaso.

Nós levámosllo pedindo moitísimas veces ao Goberno galego, que escoite as queixas, que recapacite e que mude ese plan de transporte, que mude eses pregos de contratación que non responden ás necesidades de mobilidade dos galegos e das galegas. A xente non se queixa por queixar, a xente quéixase porque moitas veces ademais vai á parada do autobús e queda alí esperando, moitas veces con moitísimo frío e con moitísima choiva, porque hai unha empresa adxudicataria que toma a decisión unilateral de prestar outro servizo a esa

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

hora e unilateralmente anula ese servizo que estaba planificado para determinada hora. E vostede, señor Balseiro, coma min, ben o sabe, pero claro, non llo pode dicir, non pode ser que enfade o Goberno galego.

O outro día eu na pregunta que lle facía á propia conselleira de Infraestruturas e Mobilidade dicíalle e preguntáballe se, con esa lealdade que vostede nos pide a nós, o Goberno galego ía colaborar co Goberno central para poder mellorar ese mapa concesional, ese documento que aínda é un borrador, se a Xunta de Galicia ía colaborar co Goberno central para poder melloralo. Nós, ademais, diciámoslle á propia conselleira que aproveitara a oportunidade, agora que se abre ese debate a nivel central, para poder tamén mellorar o Plan de transporte público de Galicia. Nós diciamos que o que ten que facer o Goberno galego é garantir que os cidadáns que se queiran mover dende o rural ata as principais cidades galegas teñan un medio de transporte público colectivo, que é competencia da Xunta de Galicia.

Pedímoslle iso á Xunta de Galicia e despois o que é o transporte entre comunidades autónomas ese si que é competencia do Goberno central. Pero o que é o transporte dentro da nosa comunidade autónoma é competencia da Xunta de Galicia. E vostedes están a manipular, vostedes están a enganar, vostedes están a terxiversar, porque incluso algún alcalde da súa propia cor política dicíanos o outro día: claro, e agora pois non sei moi ben como van chegar os alumnos á Universidade de Santiago, porque, claro, o Goberno central quere eliminar esa parada. Non, señorías, iso non é competencia do Goberno central, iso é competencia da Xunta de Galicia.

Polo tanto, deixen xa de facer de meros comentaristas da xogada, porque o único que están a facer é emitir bulos sobre este documento, que, como digo, é un borrador. Polo tanto, están pedindo que se retire algo que non está aprobado. Pedimos que se retire algo que non está aprobado pero non pedimos que se mellore un plan de transporte público de Galicia que xa leva publicado e leva en funcionamento —en mal funcionamento— uns cantos anos. Polo tanto, aproveitemos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Como que non! ¡Home!

Ben, imos por liñas. No ano 2009, cando Feijóo chegou ao Goberno da Xunta de Galicia, prorrogou unilateralmente todas as prórrogas de concesión das liñas de autobús. E vostede sabe o que aconteceu. É que xa llo diciamos tamén dende este grupo parlamentario, que a Unión Europea non permitía esa prórroga automática en lotes de todas as concesións. Anos despois, no 2016, directamente o que dixo a Unión Europea era que iso non estaba ben feito. Polo tanto, tivo que rectificar a Xunta de Galicia e poñerse a traballar nun novo Plan de transporte público de Galicia.

E o que estamos a ver é que esas liñas de funcionamento e, sobre todo, as que están a poñer en funcionamento dende principios deste ano non resolven ningunha problemática. E, dende logo, é que son numerosas as queixas ao longo de todo o territorio galego. Pois claro que si, e vostede sábeo; o que pasa é que, ben, claro, non podemos poñer de malas os nosos xefes. Pero se estiveran preocupados pola mobilidade dos galegos e das galegas, melloremos o mapa concesional que presenta ese documento que presenta o Goberno central, que, por certo, é para poñer un novo mapa concesional porque o que hai a día de hoxe está obsoleto, que ten máis de trinta anos. Se hai que mellorar algo

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dese borrador, mellorémolo, pero aproveitemos tamén para que o Goberno galego mellore o seu Plan de transporte público de Galicia.

E nese sentido é onde vai a nosa emenda. Se queren chegar a eses acordos, se están tan preocupados pola mobilidade, sobre todo entre as zonas do rural coas principais cidades, ese rural que tanto din vostedes defender, do que tanto están preocupados— pois moitísima xente do rural está a queixarse dese Plan de transporte público de Galicia—, pedímoslles un pouco de lealdade, un pouco de rigorosidade e que non enganen os veciños e as veciñas, e que tampouco enganen os seus propios alcaldes, porque a competencia do Estado soamente comprende a reestruturación da conexión entre comunidades autónomas. Os desprazamentos internos dentro da propia comunidade autónoma son competencia da Xunta de Galicia.

Polo tanto, pedímoslles a mesma lealdade institucional que vostedes nos piden a nós, pedímosllela tamén nós a vostedes. Que deixen de emitir bulos respecto a este documento, que é un borrador cun horizonte para o ano 2024. Se non están de acordo ou pretenden melloralo, están no seu dereito. Dende logo, ao mellor nós tamén facemos aportacións para mellorar ese mapa concesional, pero preocúpense tamén de mellorar o que é competencia da Xunta de Galicia. Deixen de facer —como lles dicía— de meros comentaristas deste Plan de transporte estatal, traballen a prol de mellorar a mobilidade dos galegos e das galegas. É o que lles corresponde: poñerse a traballar para presentar todas as alegacións que sexan precisas para mellorar este borrador inicial, se é que non lles gusta.

Nese senso vai a nosa emenda. Pero a realidade é moi teimuda —como se di moitas veces nesta tribuna—, a realidade é que a día de hoxe son numerosas as queixas ao longo de todo o territorio galego: atrasos e reducións de frecuencias horarias, supresión de servizos sen previo aviso, falla de publicidade dos horarios, falta de prazas nos autobuses, anuncios de melloras feitos pola propia Consellería de Infraestruturas e reiteradamente incumpridos, falla de puntualidade, non chegada a tempo aos colexios dos nosos nenos e das nosas nenas. E en moitos casos incluso nin sequera apareceu o transporte escolar para poder levar os nenos ao seu colexio, e estou a falar do que aconteceu relativamente hai pouco, o 16 de maio, cos nenos da Baña.

Polo tanto, existen queixas ao longo de todo o territorio galego, por moito que a Xunta de Galicia e o Grupo Parlamentario Popular neguen esa realidade. E xa llelo dixen en moitas ocasións: que é moi difícil poñer solucións a determinados problemas se negan esa realidade, que é evidente. Nós levamos pedido, por activa e por pasiva —pero xa non só este grupo parlamentario senón os cidadáns—, que se deben de revisar as queixas que están a recibir —porque as están a recibir— por parte dos usuarios e das usuarias, por parte dos colectivos, por parte das administracións, sobre o mal funcionamento do transporte público por estrada en Galicia. É fundamental revisar estas queixas de cara a analizar os problemas presentados e poder darlles unha solución que se adapte ás necesidades de mobilidade das persoas usuarias. Débense de corrixir estes pregos de contratación, realizando os cambios precisos, de maneira que se dea unha resposta axeitada e eficiente ás necesidades de mobilidade dos galegos e das galegas, desas necesidades de mobilidade das que parecía estar tan preocupado o señor Balseiro.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E a Xunta tampouco pode abdicar das súas responsabilidades de realizar de maneira rigorosa os seus labores de inspección e de control e, se é o caso, de sanción, co fin de que non se produzan incumprimentos nos contratos asinados entre a Xunta de Galicia e as empresas adxudicatarias nas liñas de servizo regular de transporte escolar.

Polo tanto, os pregos das actuais liñas da Xunta non responden ás necesidades dos usuarios e das usuarias, incúmprense reiteradamente os contratos...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...—remato, presidenta— e estes incumprimentos fican sen sancionar, e quen sae prexudicada é a cidadanía galega.

E vostede, señor Balseiro, dicía que o señor Sánchez desconecta Galicia. Pois estamos a ver tamén ese financiamento para rebaixar os bonos nas liñas que son de competencia estatal ata o 50 % dicíndolles ás comunidades autónomas que lles sufraga esa rebaixa do 30 % nas liñas que son competencia da Comunidade Autónoma.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: A ver que fai a Xunta de Galicia con ese diñeiro que vén do Goberno central.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda agora por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra don Paulo Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidenta.

Señor Balseiro, non rectifique a vostede, perfecto. Galiza non é unha comunidade para o Goberno central e nunca o foi, supoño que non se podía saber. *(Aplausos.)* Pero, ben, non rectifique, está ben dito.

A min —antes de poñernos co asunto— cáusame —se non fora algo tráxico para o noso país— bastante graza ver tanto o PSOE como o PP, uns sacar peito e outros utilizar como arma arreboladiza unha débeda que teñen con este país de varias décadas, uns e outros, que foi o AVE. Ou sexa, nin sacar peito nin utilizalo contra os outros, porque cadaquén aquí ten a súa parte de responsabilidade, *(Aplausos.)* e é unha débeda de décadas que aínda non se cumpriu con este país a cuestión do AVE.

Indo ao asunto que nos ocupa, xa hai meses que coñecemos o Anteproxecto de lei de mobilidade sostible realizado polo Estado español, un anteproxecto de lei no que podemos compartir moitas cousas, cando menos, nas súas aspiracións teóricas ou no seu ideario. Todas

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

as que estamos aquí deberamos entender o servizo de transporte público como un eixo fundamental para construír unha sociedade máis xusta e garantir unha vertebración real do noso país, cos beneficios sociais e económicos que isto conleva.

O transporte colectivo é tamén unha boa ferramenta no combate contra o cambio climático, xa que unha redución dos vehículos privados garante menos emisións e fai que a mobilidade sexa un pouco máis sostible.

Estes preceptos son compartidos tamén —cando menos supostamente— polo anteproxecto de lei sostible en canto a termos sociais e medioambientais. Por iso que nos sorprende a proposta destas eliminacións de paradas nas liñas intracomunitarias no noso país, que a día de hoxe cumpren unha función fundamental á hora de comunicar dun xeito mellor o rural galego. Sorprende tamén que o Goberno do Estado pase por riba de todos os criterios e preceptos de cohesión social, territorial e medioambiental do propio anteproxecto facendo esta proposta de eliminación alegando unha cuestión de rendibilidade económica.

Ben, o BNG rexistrou xa en abril unha iniciativa moi semellante á que hoxe trae aquí o Partido Popular pedindo a rectificación desta proposta inicial, deste borrador —como dicía a voceira do Partido Socialista—, co fin de que esta supresión non teña lugar, xa que estamos a falar de territorios maiormente rurais, sendo Lugo —como dicía o señor Balseiro— a provincia máis afectada; territorios que precisan todos os servizos posíbeis, xa que estamos vendo como neses propios territorios o servizo actual de transporte é moi deficitario.

Chamamos pois á rectificación e á retirada desta proposta de eliminación, ao igual que o fixemos no Congreso. É algo que o Goberno do Estado ten que entender: suprimir as paradas intracomunitarias no noso rural atenta contra os criterios sociais e medioambientais dos que presume este anteproxecto de lei.

Pero creo que é bo coller un pouquiño de perspectiva, porque isto xa é o segundo capítulo concreto neste tema —xa perdín a conta— neste parlamento, cando menos en tempos recentes. Isto acontece e curiosamente quen trae hoxe esta PNL ao Parlamento e quen está á cabeza das protestas —como dixo o señor Balseiro— con todos os alcaldes e alcaldesas das vilas afectadas é tamén quen fixo exactamente o mesmo en 2013 cos servizos ferroviarios. E téñolle aquí: «*El Gobierno de Rajoy suprimirá 48 líneas de tren de Renfe*», liñas que aínda non se recuperaron, liñas que botan moito en falta entre A Coruña e Ferrol, entre Vigo e Ourense, *(Aplausos.)* e moitas outras rutas que o Partido Popular, alegando criterios de rendibilidade económica, tamén suprimía no ano 2013 cun Goberno Rajoy.

Polo tanto, eu creo que, cando se fan as cousas —sobre todo cando se di que se traballa polo ben común e polo ben e polos dereitos do pobo galego—, habería que facelo cun pouquiño menos de partidismo e sobre todo sen utilizar o pobo galego e os seus dereitos como arma arreboladiza contra o inimigo, que agora está no Goberno do Estado. Pero, ben, non nos formulan nada novo dende o Partido Popular.

Cabe pensar, como dicía, que o PP galego e o Goberno da Xunta puxeron o grito no ceo ante esta aldraxe e vulneración dos dereitos das galegas e dos galegos, en 2013, a de Rajoy. Pero,

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

como sempre fan cando gobernan vostedes, aquí nin un chío; dende a Xunta, dende o Partido Popular de Galicia nin un chío en que estes servizos ferroviarios foran eliminados. E si que o fan cando o fixo —e loxicamente nós tamén aquí reivindicamos a volta deses servizos ferroviarios que non se recuperaron despois da pandemia— cando o fai o PSOE. Se dicimos defender os intereses de Galiza, os intereses dos galegos e das galegas, hai que tamén ser un pouquiño coherentes, e cando os vosos ou os que teñen vostedes no Goberno do Estado o fan, cando menos, impedir que o fagan, exixirlles que rectifiquen e que non vulneren os dereitos do pobo galego. Pero, ben, vemos o que hai a día de hoxe.

Fóra desta nova mostra de cinismo, de partidismo e de hipocrisía, debemos tamén facer fincapé no porqué da gravidade desta nova supresión por parte do Goberno español. ¿Por que o noso rural debe depender das liñas de transporte por estrada que unen Galicia coa Meseta para poder desprazarse dun xeito minimamente operativo? A realidade é que esta proposta do Estado é especialmente lesiva porque non existen alternativas reais suficientes e adaptadas aos usuarios; dito doutro xeito, polo estado do servizo de transporte galego no noso rural.

E xa que van negar esta cuestión, lémbrolles que ata o seu propio Plan estratéxico que veñen de presentar fala dunha diagnose negativa en canto á insuficiencia de rutas, de liñas, de itinerarios e de horarios do transporte público de Galiza, que fan deste servizo que non sexa nin atractivo nin útil para a sociedade galega.

Curioso é que tamén recoñezan que este problema é debido á falta de competencia entre empresas, que poderían mellorar as ofertas. Primeiro, fomentan un monopolio e despois poñemos que os problemas veñen de que non hai competencias; e isto é marabilloso, coma sempre, marabilloso. A realidade fan con ela o que lles dá absolutamente a gana, saltan á corda coa realidade.

Todo isto negándose pleno tras pleno, comisión tras comisión, a aceptar a realidade que dende o BNG lles trasladamos varias veces, e que ademais figura no seu propio Plan estratéxico como problemas do servizo de transporte público. Nós xa llelo viñamos dicindo hai moito tempo, vostedes negábano e négano, e négano e négano e, non obstante, despois aparece no seu Plan estratéxico. Non sei por quen toman a esta institución nin ao pobo galego.

E a última falta de respecto de cara aos galegos e ás galegas é que, mentres se suprimen aproximadamente a metade de paradas intracomunitarias, o Estado propón crear unha nova liña Madrid-Sanxenxo. Ao rural galego réstaselle dereitos en materia de mobilidade mentres se fomenta un dos papeis que nós xogamos para o Estado: o turismo barato para os de fóra; e que, claro, reforcen con médicos e ambulancias Sanxenxo sen ningún tipo de problema cando o resto do país non as ten. E aquí vemos como tanto o PP e o PSOE neste caso coinciden plenamente, ¡menudos criterios sociais se manexan nas institucións! *(Aplausos.)*

Dende o BNG imos apoiar esta PNL, xa que no curto prazo significa a vulneración de dereitos da veciñanza das vilas afectadas, mais debemos emprazar tamén a Xunta de Galiza a reforzar o servizo de transporte público no rural, a rachar co fomento do monopolio no servizo de transporte e de control de que o que se asina se cumpra. E do Estado español exiximos tamén a rectificación desa proposta de supresión para cumprir cos dereitos da veciñanza e cos preceptos do anteproxecto de lei.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero, indo ao práctico, o Estado español quere que a Xunta asuma o servizo que quere eliminar e a Xunta quere que o asuma o Estado para non ter que facelo. Ben, dende o BNG queremos que a Xunta —como acabo de dicir— cumpra o seu papel e reforce cun servizo de calidade no rural e que o Estado non elimine o servizo necesario no curto prazo. Temos claro que nesta nova disputa nós imos estar unicamente onde estamos sempre: co pobo galego. Verán vostedes o que fan.

Máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda agora para rematar por parte do grupo propoñente, o autor, don Xosé Manuel Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, presidenta.

Moitas grazas ao Bloque Nacionalista Galego por apoiar esta iniciativa. Non sei o que vai facer o PSdeG-PSOE.

Señor Ríos, eu, mire, a verdade é que xa lle levo un tempo nesta casa e nunca tampouco entendín o Bloque Nacionalista Galego como nesta lexislatura, sinceramente. *(Murmurios.)* Pero cheguei a unha conclusión agora cando estaba alí sentado: o mellor choio que hai no Parlamento é ser deputado ou deputada do Bloque Nacionalista Galego. *(Risos.) (Murmurios.)* E agora voulles explicar por que: vostedes aprenderon a lección o primeiro día que chegaron a este parlamento e agora, falemos do que falemos, sempre é o mesmo: a culpa é de Rajoy. É dicir, vostede, para xustificar o desmantelamento que lle están facendo co bus a Galicia, tivo que ir ao ano non sei que de Rajoy, non sei que dos trens. Pero, *¡vamos a ver, hombre!*, ¿vostedes non apoiaron a Pedro Sánchez? *(Murmurios.)* ¿Non apoiaron vostedes a Pedro Sánchez? Se apoiaron a Pedro Sánchez, ¿que andan vostedes revolvendo no tema? *(Murmurios.)* Home, ¡por favor!, sexan vostedes un pouco serios. *(Aplausos.)*

E, señora Otero, é certo, sabe vostede —¿que vou dicir eu?— que eu a vostede a aprecio e ademais somos do mesmo concello e sempre nos levamos ben. Pero véxoa a vostede un pouco nerviosa nisto das infraestruturas, véxoa moito máis cómoda en pesca. Porque fíxese vostede se está nerviosa que dixo que isto era un borrador. Máis vale que sexa un borrador, porque borra, borra do mapa 76 itinerarios, borra do mapa 23 concellos e borra do mapa o servizo para 146.000 galegos. ¡Menos mal que é un borrador!

Pero di vostede: ¡oia!, nós xa nos poñemos de acordo cos alcaldes. Pero parece ser que vostede non debe falar cos seus alcaldes, incluso dentro da súa provincia, porque o alcalde da Pontenova —que non deixa de ser un alcalde calquera e que tamén considero que é un persoa seria, ademais é o meu amigo—, o señor Darío Campos, foi o primeiro que se opuxo a este plan e que se apeou, e é do Partido Socialista. Igual que teñen o alcalde de Meira, que é do Partido Socialista, ou igual que teñen a alcaldesa de Guitiriz, que é do Partido Socialista. *(Aplausos.)*

Pero, a maiores de todo iso, mire, falou vostede de Baralla. Baralla é un dos concellos que deixan vostedes sen bus.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero falou vostede do hospital e fíxese o que dixo vostede: o Hospital da Costa, que haxa un itinerario. Mire, desde o ano 2016 ao Hospital da Costa non subían os autobuses, e desde o ano 2016 desde as 7 da mañá ás 12 da noite sobe un autobús cada dúas horas, dirección Ribadeo-Viveiro e Viveiro-Ribadeo.

Pero falou vostede dos buses da Xunta. Mire, voulle dar uns datos, porque iso é non vivir en Galicia. Simplemente na provincia de Lugo desde o ano 2016 incrementáronse por seis os servizos, simplemente na súa provincia. *(Aplausos.)*

Pero, mire, mentres o plan do Partido Socialista suprime 23 municipios, deixa sen conectar 136.000 persoas, 76 servizos, e deixa de prestar de xeito directo 1.100 rutas, o plan deseñado pola Xunta de Galicia desde o ano 2016 duplicou en cada unha das catro provincias o número de liñas. Só en Lugo, por tres. Pero no conxunto da comunidade autónoma, número de liñas: 927, agora 3.380, máis do triplo; número de paradas: antes 20.557, agora 51.474, case un 2,5 máis; número de servizos: antes 1.200.000, agora 2.300.000, case o dobre.

Pero é máis: os menores de 21 anos viaxan gratis nos autobuses interurbanos, non o fan así nas cidades onde vostedes teñen a responsabilidade dos buses urbanos e vostedes gobernan; alí pagan. Nos da Xunta veñen aquí á Universidade de Santiago *(Aplausos.)* e veñen gratis porque un goberno o decidiu, un goberno que se preocupa. E iso tiña un custo. Estalle falando un pai —e, coma min, haberá moita máis xente— e a miña filla pois estudou en Santiago —o meu fillo tamén estudou fóra— e eu ben sabía o que custaba todas as fins de semana; e agora viaxan gratis, porque o fixo un goberno do Partido Popular. *(Aplausos.)* Por iso que lecciónns dos socialistas sobre o transporte e sobre o bus, ningunha, ningunha. E do Bloque Nacionalista Galego, pois como eu xa non os entendo, tampouco ningunha.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Balseiro.

¿Sobre a emenda non se pronunciou?

O señor BALSEIRO OROL: *(O señor Balseiro Orol pronuncia palabras que non se perciben.)* ...o que non fai o Goberno central e o que non paga o Goberno central, e que ten que ir con cargo a todos os españois, que vaia con cargo a todos os galegos. Por iso imos defender Galicia e imos defender os galegos e as galegas. *(Aplausos.)*

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Quedou aclarado.
Pois non habendo máis asuntos para a orde do día de hoxe, suspendemos a sesión ata mañá.

Boa noite a todos.

Suspéndese a sesión ás oito e seis minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen (BNG)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel (S)
3. Amigo Díaz, María Encarnación (P)
4. Arangüena Fernández, Pablo (S)
5. Arias Rodríguez, Raquel (P)
6. Armada Pérez, José Antonio (P)
7. Balseiro Orol, José Manuel (P)
8. Bará Torres, Xosé Luís (BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo (S)
10. Cachafeiro Anta, Belén (P)
11. Calvo Pouso, Diego (P)
12. Candia López, María Elena (P)
13. Carballo Páez, Ramón (P)
14. Carreira Pazos, Iria (BNG)
15. Castro García, Daniel (BNG)
16. Castro Rey, Paloma (S)
17. Conde López, Francisco José (P)
18. Díaz Mouteira, María Sol (P)
19. Díaz Varela, Noa Susana (S)
20. Egerique Mosquera, Teresa (P)
21. Fernández Alfonzo, Ramón (BNG)
22. Fernández Gómez, Alexandra (BNG)
23. Ferro Iglesias, José Luis (P)
24. Freire Vázquez, María Begoña (P)
25. Gallego Sanromán, María Leticia (S)
26. García Vidal, Ana Belén (P)
27. Gómez Salgado, Carlos (P)
28. González Albert, María (BNG)
29. González Iglesias, María do Carme (BNG)
30. López Sánchez, Rosalía (P)
31. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio (BNG)
32. Lorenzo Gómez, Rubén (P)
33. Murillo Solís, María Guadalupe (P)
34. Nóvoa Iglesias, Marta (P)
35. Ojea Arias, Eduardo (S)
36. Ortega Otero, Marina (S)
37. Otero Lago, Noelia (S)
38. Otero Rodríguez, Patricia (S)
39. Pardo López, Adrián (P)
40. Pazos Couñago, José Alberto (P)
41. Pérez Domínguez, Fernando (P)
42. Pérez Fernández, Rosana (BNG)
43. Pérez López, Daniel (BNG)
44. Pérez López, Noelia (P)
45. Pomar Tojo, Carmen María (P)
46. Pontón Mondelo, Ana (BNG)
47. Porro Martínez, María Corina (P)
48. Prado Cores, María Montserrat (BNG)
49. Prado del Río, Paula (P)
50. Prado Patiño Jesús Miguel (P)
51. Presas Bergantiños, Noa (BNG)
52. Puy Fraga, Pedro (P)
53. Queixas Zas, Mercedes (BNG)
54. Rey Varela, José Manuel (P)
55. Ríos Santomé, Paulo (BNG)
56. Rivas Cruz, Xosé Luís (BNG)
57. Rodeiro Tato, Ovidio (P)
58. Rodil Fernández, Olalla (BNG)
59. Rodríguez Carrera, María Felisa (P)
60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)
61. Rodríguez Pérez, Moisés (P)
62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María (P)
63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña (S)
64. Rueda Valenzuela, Alfonso (P)
65. Salido Maroño, María Belén (P)
66. Santalices Vieira, Miguel Ángel (P)
67. Santos Costa, Manuel (P)
68. Sanz Arias, Cristina (P)
69. Seco García, Martín (S)
70. Suárez Sarmiento, María Elena (P)
71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG)
72. Torrado Quintela, Julio (S)
73. Vázquez Domínguez, Sandra (P)
74. Vega Pérez, Daniel (P)
75. Verea Fraiz, Borja (P)

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-QaVUkikil-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/